
ANTEPROXECTO LEI ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA

Índice de contidos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS	8
TÍTULO PRELIMINAR - DISPOSICIÓN XERAIS	18
Artigo 1. Obxecto	18
Artigo 2. Organización da planta local	18
Artigo 3. Réxime xurídico	18
Artigo 4. Potestades administrativas	18
Artigo 5. Principios de actuación	19
Artigo 6. Lingua oficial	19
Artigo 7. Rexistro de Entidades Locais	20
Artigo 8. Símbolos das entidades locais	20
Artigo 9. Comisión de Heráldica	21
TÍTULO I - COMPETENCIAS DAS ENTIDADES LOCAIS TERRITORIAIS	22
CAPÍTULO I - DISPOSICIÓN XERAIS	22
Artigo 10. Garantía da autonomía local	22
Artigo 11. Principios xerais de atribución das competencias	22
CAPÍTULO II - COMPETENCIAS PROPIAS	22
Artigo 12. Réxime xurídico	22
Artigo 13. Atribución de competencias propias	23
CAPÍTULO III - COMPETENCIAS DELEGADAS	23
Artigo 14. Delegación de competencias pola Comunidade Autónoma	23
Artigo 15. Delegación de competencias municipais nas deputacións provinciais	24
CAPÍTULO IV - COMPETENCIAS DISTINTAS DAS PROPIAS E DAS ATRIBUÍDAS POR DELEGACIÓN	26
Artigo 16. Exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas	26
Artigo 17. Definición de novas competencias	26
Artigo 18. Modificacións substanciais no exercicio das competencias	27
Artigo 19. Solicitude dos informes competencia da Administración autonómica	28
Artigo 20. Procedemento e prazo para a emisión dos informes	29
Artigo 21. Apreciación da inexistencia de duplicidade na prestación de servizos ou na realización de actividades	30
Artigo 22. Apreciación da sostibilidade financeira	30
Artigo 23. Carácter e contido dos informes	31
Artigo 24. Efectos dos informes	31
TÍTULO II. DO MUNICIPIO	33
Artigo 25. O municipio	33
CAPÍTULO I. O TERRITORIO	33
Artigo 26. O termo municipal	33
<i>Sección 1ª. Das alteracións dos termos municipais</i>	<i>33</i>
Artigo 27. Alteración dos termos municipais	33
<i>Sección 2ª. Tipos de alteracións dos termos municipais</i>	<i>34</i>
Subsección 1ª. Fusión e incorporación de municipios	34
Artigo 28. A fusión de municipios	34
Artigo 29. Incorporación de municipios	35
Artigo 30. Medidas de fomento das fusións e incorporacións de municipios	35
Subsección 2ª. Segregación para a creación de municipios independentes	36
Artigo 31. Segregación	36
Artigo 32. Especialidades do expediente de segregación	36
Artigo 33. Repartición de bens, dereitos e obrigas	37
Subsección 3ª. Da segregación-agregación	38
Artigo 34. Segregación-agregación	38

Artigo 35.	Consecuencias económicas da segregación-agregación	38
Subsección 4ª.	Do procedemento común de alteración de termos municipais	39
Artigo 36.	Incoación do procedemento para alteración dos termos municipais	39
Artigo 37.	Iniciación do procedemento a instancia dos municipios interesados	39
Artigo 38.	Iniciación do procedemento a instancia veciñal	39
Artigo 39.	Formación do expediente de alteración	40
Artigo 40.	Especialidades dos expedientes de fusión e incorporación de municipios	41
Artigo 41.	Especialidades do expediente de segregación	41
Artigo 42.	Trámite de informe e audiencia	42
Artigo 43.	Proposta de resolución	42
Artigo 44.	Resolución do procedemento	43
Artigo 45.	Composición das novas corporacións	43
Artigo 46.	Estatuto das persoas integrantes da comisión xestora.	44
Sección 3ª.	Da demarcación, deslinde e amolloamento	44
Artigo 47.	Facultades de demarcación, deslinde e amolloamento	44
Artigo 48.	Conflitos intermunicipais	45
Artigo 49.	Procedemento de demarcación, deslinde e amolloamento	45
Artigo 50.	Conformidade cos límites existentes	45
Artigo 51.	Procedemento de resolución de diverxencias	46
Artigo 52.	Deslinde interprovincial	46
Artigo 53.	Incomparecencia dos concellos	46
Artigo 54.	Competencia no suposto de segregación	46
Sección 4ª.	Capitalidade e denominación do municipio	47
Artigo 55.	Concepto de capitalidade	47
Artigo 56.	Causas da alteración da capitalidade	47
Artigo 57.	Cambio de denominación dos municipios	47
Artigo 58.	Procedemento para a alteración da capitalidade ou denominación dos municipios	47
Sección 5ª.	Da Comisión Galega de Delimitación Territorial	48
Artigo 59.	Organización e funcionamento	48
Artigo 60.	Composición	48
CAPÍTULO II. A POBOACIÓN	49	
Artigo 61.	Estatuto da veciñanza	49
Artigo 62.	Dereitos das persoas veciñas dun municipio	49
Artigo 63.	Deberes e responsabilidades das persoas veciñas dun municipio	50
CAPÍTULO III. COMPETENCIAS E SERVIZOS MUNICIPAIS	51	
Sección 1ª. Competencias propias	51	
Artigo 64.	Principios xerais	51
Artigo 65.	Competencias propias dos municipios	51
Sección 2ª. Servizos municipais	53	
Artigo 66.	Dispensa da prestación dos servizos mínimos	53
Artigo 67.	Excepción á tramitación do expediente de dispensa	54
Artigo 68.	Duración da dispensa	55
CAPÍTULO IV. RÉXIMES MUNICIPAIS ESPECIAIS	55	
Sección 1ª. Réxime da capital de Galicia e dos municipios de gran poboación	55	
Artigo 69.	Réximes municipais especiais	55
Artigo 70.	O municipio de Santiago de Compostela	55
Artigo 71.	Municipios de gran poboación	55
Sección 2ª. Réxime especial dos municipios en situación de reto demográfico.	56	
Artigo 72.	Ámbito de aplicación	56
Artigo 73.	Delegación de funcións e encargos de xestión	56
Artigo 74.	Asistencia provincial aos municipios en situación de reto demográfico	57
Artigo 75.	Asistencia autonómica aos municipios en situación de reto demográfico	57
Artigo 76.	Especialidades en materia de persoal nos municipios en situación de reto demográfico	57

TÍTULO III. ORGANIZACIÓN DOS MUNICIPIOS	59
Artigo 77. Principios xerais.....	59
CAPÍTULO I. A ALCALDÍA	59
Artigo 78. Competencias da alcaldía	59
Artigo 79. Delegacións da persoa titular da alcaldía	60
CAPÍTULO II. VICEALCALDÍAS E TENENCIAS DE ALCALDÍA	60
Artigo 80. Vicealcaldías e tenencias de alcaldía	60
CAPÍTULO III. O PLENO.....	60
Artigo 81. Competencias do pleno.....	60
CAPÍTULO IV. COMISIÓNS DO PLENO	61
Artigo 82. Comisión especial de contas.....	61
Artigo 83. As comisións informativas	61
CAPÍTULO V. OUTROS ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS	62
Artigo 84. Xunta de voceiros	62
Artigo 85. Órganos de participación cidadá	63
Artigo 86. Creación doutros órganos complementarios	63
TÍTULO IV. A PROVINCIA	64
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS	64
Artigo 87. Fins da provincia.....	64
CAPÍTULO II. ORGANIZACIÓN PROVINCIAL	64
Artigo 88. Principios xerais.....	64
Artigo 89. A asesoría xurídica provincial	64
Artigo 90. O órgano competente para a resolución de recursos en materia de contratación.....	65
CAPÍTULO III. COMPETENCIAS PROPIAS	66
Artigo 91. Principios xerais.....	66
Artigo 92. Coordinación dos servizos municipais entre si	67
Artigo 93. Asistencia ás entidades locais.....	67
Artigo 94. Representación e defensa xurídicas das entidades locais	69
Artigo 95. Asistencia ás entidades locais en materia de servizos sociais	69
Artigo 96. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.....	70
CAPÍTULO IV. PARTICIPACIÓN MUNICIPAL NA ELABORACIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL.....	71
Artigo 97. Participación municipal na elaboración do orzamento provincial.....	71
TÍTULO V. OUTRAS ENTIDADES LOCAIS	72
CAPÍTULO I. MANCOMUNIDADES DE MUNICIPIOS	72
<i>Sección 1ª. Disposicións xerais</i>	<i>72</i>
Artigo 98. Dereito dos municipios a mancomunarse	72
Artigo 99. As mancomunidades como modelo estratéxico de cooperación local.....	72
Artigo 100. Medidas de fomento das mancomunidades	73
<i>Sección 2ª. Do procedemento de constitución e disolución das mancomunidades de municipios</i>	<i>73</i>
Artigo 101. Iniciativa de constitución da mancomunidad	73
Artigo 102. Aprobación provisional do proxecto de estatutos	73
Artigo 103. Información pública e informes.....	74
Artigo 104. Aprobación definitiva do expediente de constitución da mancomunidad.....	74
Artigo 105. Sesión constitutiva	75
Artigo 106. Contido mínimo dos estatutos	75
Artigo 107. Modificación dos estatutos e disolución ordinaria da mancomunidad	76
Artigo 108. Disolución forzosa das mancomunidades	77
<i>Sección 3ª. Da organización das mancomunidades de municipios</i>	<i>78</i>

Artigo 109.	Principios xerais.....	78
Artigo 110.	Normas de organización e funcionamento	78
Artigo 111.	Do exercicio das funcións reservadas.....	78
<i>Sección 4ª. Obrigas económicas dos municipios mancomunados</i>		<i>79</i>
Artigo 112.	Achegas municipais	79
CAPÍTULO II. DAS ÁREAS METROPOLITANAS		79
Artigo 113.	Concepto	79
Artigo 114.	Creación.....	79
Artigo 115.	Iniciativa	79
Artigo 116.	Disolución	79
CAPÍTULO III. DAS ENTIDADES LOCAIS MENORES		80
Artigo 117.	Principios xerais.....	80
Artigo 118.	Alcaldía pedánea	80
Artigo 119.	A xunta veciñal	80
Artigo 120.	As competencias e a facenda das entidades locais menores	81
Artigo 121.	Obriga de rendición de contas.....	81
Artigo 122.	Procedemento de disolución.....	81
TÍTULO VI. DISPOSICIÓN COMÚNS ÁS ENTIDADES LOCAIS.....		83
CAPÍTULO I. RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS COLEXIADOS		83
<i>Sección 1ª. Disposicións xerais</i>		<i>83</i>
Artigo 123.	Réxime xeral	83
Artigo 124.	Réxime de funcionamento do pleno	83
Artigo 125.	Réxime de funcionamento da xunta de goberno local.....	83
Artigo 126.	Formalización das resolucións e actas dos órganos colexiados de goberno	84
Artigo 127.	Remisión dos actos e acordos á Xunta de Galicia	84
<i>Sección 2ª. Réxime de sesións</i>		<i>84</i>
Artigo 128.	Tipos de sesións dos órganos colexiados	84
<i>Subsección 1ª. Sesións mixtas e a distancia dos órganos colexiados de goberno</i>		<i>85</i>
Artigo 129.	Sesións mixtas	85
Artigo 130.	Sesións a distancia.....	85
Artigo 131.	Forma de celebración das sesións a distancia e mixtas.....	86
<i>Subsección 2ª. Sesións mixtas e a distancia dos órganos colexiados diferentes aos órganos colexiados de goberno</i>		<i>86</i>
Artigo 132.	Sesións non presenciais dos órganos diferentes aos de goberno	86
<i>Sección 3ª. Especialidades nos tipos de votación</i>		<i>87</i>
Artigo 133.	Voto ponderado nos órganos colexiados diferentes aos órganos colexiados de goberno.....	87
CAPÍTULO II. ESTATUTO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN		87
<i>Sección 1ª. Da actuación dos membros da corporación</i>		<i>87</i>
Artigo 134.	Grupos políticos.....	87
Artigo 135.	O grupo mixto.....	88
Artigo 136.	Os membros non adscritos.....	88
<i>Sección 2ª. Acceso á información</i>		<i>89</i>
Artigo 137.	Acceso á información polos membros da corporación	89
Artigo 138.	Acceso á información sen necesidade de autorización previa	90
Artigo 139.	Condicións para o exercicio do dereito de acceso á información	90
CAPÍTULO III. REGLAS COMPLEMENTARIAS DE FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.....		91
Artigo 140.	Procedemento administrativo das entidades locais.....	91
Artigo 141.	Expedientes administrativos	91
Artigo 142.	Uso de sistemas de intelixencia artificial na toma de decisións no ámbito local	92
Artigo 143.	Uso ético da intelixencia artificial.....	92
CAPÍTULO IV. EMPREGO PÚBLICO LOCAL		93
<i>Sección 1ª. Especialidades do persoal ao servizo das entidades locais</i>		<i>93</i>

Artigo 144.	Réxime xurídico	93
Artigo 145.	Formación do persoal	93
Artigo 146.	Tribunais de selección dos empregados públicos locais	93
Artigo 147.	Traballo non presencial nas entidades locais	94
Sección 2ª. Persoal directivo público profesional local.....		94
Artigo 148.	Postos directivos profesionais das entidades locais	94
Artigo 149.	Requisitos para a cobertura dos postos do persoal directivo público profesional	95
Artigo 150.	Funcións do persoal directivo público profesional	96
Artigo 151.	Provisión dos postos de persoal directivo público profesional das entidades locais	96
Artigo 152.	Retribucións e avaliación da xestión	97
Artigo 153.	Persoal directivo dos municipios de gran poboación	97
Sección 3ª. Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional		98
Artigo 154.	Cobertura dos postos de habilitación nacional no supostos de fusións municipais	98
Artigo 155.	Mobilidade interadministrativa	98
Artigo 156.	Organización colexial	98
TÍTULO VII. FÓRMULAS DE COOPERACIÓN E COLABORACIÓN		99
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS		99
Sección 1ª. Marco xeral da cooperación local e supramunicipal		99
Artigo 157.	Principios xerais da colaboración interadministrativa e supramunicipal	99
Artigo 158.	Fomento das fórmulas de colaboración	99
Sección 2ª. Competencias autonómicas de coordinación		99
Artigo 159.	Funcións de coordinación	99
Artigo 160.	Leis de coordinación	100
CAPÍTULO II. CONVENIOS DE COOPERACIÓN E COLABORACIÓN		101
Artigo 161.	Disposicións xerais	101
Artigo 162.	Instrumentos de formalización	101
CAPÍTULO III. FÓRMULAS DE COOPERACIÓN PARA O EXERCICIO DE COMPETENCIAS MUNICIPAIS		102
Sección 1ª. Áreas funcionais de carácter temporal		102
Artigo 163.	Áreas funcionais de carácter temporal	102
Sección 2ª. Agrupacións de municipios en materia de persoal para o sostemento en común		103
Artigo 164.	Supostos de agrupación	103
Artigo 165.	Regras de funcionamento das agrupacións	103
Artigo 166.	Procedemento de constitución, modificación e disolución das agrupacións	104
Artigo 167.	Constitución e uso de bolsas de persoal temporal polos concellos	104
CAPÍTULO IV. ÓRGANOS DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA		104
Sección 1ª. Comisión Galega de Cooperación Local		104
Artigo 168.	Concepto	105
Artigo 169.	Composición	105
Artigo 170.	Regulamento de funcionamento	105
Artigo 171.	Funcións e competencias	105
Artigo 172.	Outros posibles órganos de colaboración	105
Sección 2ª. Consorcios		106
Artigo 173.	A creación de consorcios	106
Sección 3ª. Cooperación internacional		106
Artigo 174.	Cooperación internacional das entidades locais galegas	106
TÍTULO VIII. GOBERNO ABERTO		108
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS		108
Artigo 175.	Goberno aberto nas entidades locais	108
Artigo 176.	Portal de transparencia e goberno aberto local de Galicia	108
Artigo 177.	Accesibilidade dos servizos públicos á cidadanía	109
Artigo 178.	Da información á cidadanía	109

CAPÍTULO II. TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA	110
Artigo 179. Disposicións xerais.....	110
Artigo 180. Publicidade activa.....	110
Artigo 181. Uso das tecnoloxías da información e da comunicación	112
Artigo 182. Publicidade pasiva	112
Artigo 183. Reclamacións.....	112
Artigo 184. Informe de seguimento das obrigas municipais de transparencia	113
CAPÍTULO III. INTEGRIDADE INSTITUCIONAL E BO GOBERNO	113
Artigo 185. Disposicións xerais.....	113
Artigo 186. Bo goberno local.....	113
Artigo 187. Código de conduta local	114
Artigo 188. Rendición de contas	114
CAPÍTULO IV. PARTICIPACIÓN CIDADÁ	114
<i>Sección 1ª. Disposicións xerais</i>	<i>114</i>
Artigo 189. Obxecto	115
Artigo 190. Exercicio do dereito de participación	115
Artigo 191. Participación dixital e inclusiva.....	116
<i>Sección 2ª. Dos instrumentos de participación</i>	<i>116</i>
Artigo 192. Instrumentos de participación	116
Artigo 193. Participación nos orzamentos municipais	118
Artigo 194. Dereito de petición.....	118
Artigo 195. Consulta popular	118
Artigo 196. Iniciativa popular.....	119
Artigo 197. Asociacións veciñais	120
Artigo 198. Participación cidadá nos órganos colexiados	121
CAPÍTULO V. INNOVACIÓN PÚBLICA LOCAL.....	121
Artigo 199. Disposicións xerais.....	121
Artigo 200. Laboratorios de innovación	122
Artigo 201. Asociacións locais para a innovación.....	122
TÍTULO IX. FACENDA E FINANCIAMENTO LOCAL	124
CAPÍTULO I. ASPECTOS XERAIS	124
Artigo 202. Facendas locais.....	124
Artigo 203. Principios reitores das facendas locais	124
CAPÍTULO II. TUTELA FINANCEIRA E COLABORACIÓN AUTONÓMICA.....	124
Artigo 204. Tutela financeira.....	124
Artigo 205. Colaboración autonómica na xestión tributaria local.....	125
CAPÍTULO III. PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.....	126
Artigo 206. Fondo de Cooperación Local	126
Artigo 207. Dotación e estrutura do Fondo de Cooperación Local	126
Artigo 208. Fondo Incondicionado Xeral.....	126
Artigo 209. Fondo Incondicionado por Gastos non Homoxéneos.....	128
Artigo 210. Entregas á conta e liquidación definitiva.....	129
Artigo 211. Evolución e actualización do Fondo Incondicionado Xeral.....	129
Artigo 212. Límite á evolución do Fondo de Cooperación Local	130
CAPÍTULO IV. RETENCÍONS NO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL E NA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS	130
Artigo 213. Débedas obxecto de compensación.....	130
Artigo 214. Procedemento para a compensación das débedas e a posterior retención nas entregas á conta	131
Artigo 215. Orde de prelación na concorrencia de débedas.....	132
Artigo 216. Requisito para a concesión de subvencións pola Comunidade Autónoma	134
DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.....	136
Disposición adicional primeira. Do Pacto local	136

Disposición adicional segunda. Participación en programas europeos e impulso institucional da cooperación internacional local.....	136
Disposición adicional terceira. Patrocinios	136
Disposición adicional cuarta. Entidades Locais Menores	137
DISPOSICIÓN TRANSITORIAS	137
Disposición transitoria. Consorcios	137
DISPOSICIÓN DERROGATORIA	137
Disposición derogatoria única	137
DISPOSICIÓN DERRADEIRAS	139
Disposición derradeira primeira. Entrada en vigor	139
Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento regulamentario	139

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O marco normativo da organización territorial do Estado español parte do disposto no artigo 137 da Constitución española (en diante, CE), que establece que “O Estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e nas comunidades autónomas que se constitúan. Todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses”. Este artigo, xunto co complexo marco constitucional de competencias exclusivas e concorrentes sobre réxime local, determinan o carácter bifronte do mesmo.

De acordo co artigo 149.1.18ª da CE, o Estado ten a competencia exclusiva para establecer as bases do réxime xurídico das administracións públicas, o cal, en interpretación do Tribunal Constitucional na súa sentenza 32/1981, do 28 de xullo, implica que lle corresponde ao Estado a fixación de principios ou criterios básicos en materia de organización e réxime xurídico das entidades locais e ás Comunidades Autónomas o seu desenvolvemento.

Pola súa banda, en virtude do disposto no artigo 148.1.2ª da CE, as comunidades autónomas poden asumir competencias en materia de alteración dos termos municipais do seu territorio e, en xeral, das funcións que correspondan á Administración do Estado sobre as entidades locais.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia exclusiva en materia de réxime local, de acordo co establecido nos artigos 148.1.2ª da CE e 27.2 do Estatuto de autonomía de Galicia. O artigo 49.1 do Estatuto de autonomía atribúe, así mesmo, á Comunidade Autónoma de Galicia a tutela financeira sobre os entes locais, respectando a autonomía dos mesmos recoñecida nos artigos 140 e 142 da CE.

Asemade, o artigo 2.2 do Estatuto de autonomía establece que a organización territorial terá en conta a distribución da poboación galega e as súas formas tradicionais de convivencia e asentamento.

No exercicio destas competencias, a Comunidade Autónoma de Galicia procedeu ao desenvolvemento normativo da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a través da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, que regulou as peculiaridades que no ámbito local existían na Comunidade Autónoma de Galicia no momento da súa aprobación. Con esta lei autonómica tratouse de facer fronte ao papel da Comunidade Autónoma en relación coas entidades locais e á peculiar organización dos asentamentos en Galicia.

As importantes modificacións na lexislación básica estatal en materia de Administración local e a situación actual do municipalismo galego demandaban con urxencia a elaboración dunha nova Lei de Administración local de Galicia.

Como principio básico e fundamental da presente lei cabe destacar o recoñecemento da autonomía municipal, que, como veu sendo precisada xurisprudencialmente, se configura como o dereito da comunidade local á participación, a través de órganos propios, no goberno e administración de cantos asuntos lle atanguen, graduándose a intensidade desta

participación en función da relación entre intereses locais e supralocais dentro das materias ou asuntos de que se trate.

A autonomía local concrétese, no recoñecemento da autonomía na xestión dos intereses locais, no carácter democrático e representativo dos seus órganos e na suficiencia das súas facendas, todo iso informado polos principios de publicidade e control interno dos seus actos que avalen a obxectividade das súas decisións e o respecto aos dereitos e intereses da cidadanía.

A Carta europea de autonomía local, do 15 de outubro de 1985, define a autonomía local como "o dereito e a capacidade efectiva das entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes". A autonomía local é compatible cun control da legalidade exercido polas outras administracións públicas, pero non se pode admitir a existencia dun control de oportunidade sobre a mesma. Os controis sobre as entidades locais só se poden amparar en intereses superiores e distintos dos locais. A autonomía fai referencia a un poder limitado; autonomía non é soberanía. En ningún caso o principio de autonomía se pode opoñer ao de unidade, senón que é precisamente dentro deste onde acada o seu verdadeiro senso. Os controis que poden exercer as outras administracións públicas non poden ser xenéricos ou indeterminados, situando as entidades locais nunha posición de subordinación ou dependencia cuasixerárquica do resto de administracións públicas. Os controis deben ter carácter puntual e referirse unicamente a supostos en que o exercicio das competencias polas entidades locais incidan negativamente nos intereses xerais ou autonómicos concorrentes cos da propia entidade local.

O principal obxectivo desta nova norma é proceder á revisión integral da vixente Lei de Administración local de Galicia, logo de case trinta anos de vixencia, para adaptala á realidade actual do mundo local galego, debido á importante transformación experimentada como consecuencia dos profundos cambios normativos, tecnolóxicos e sociais producidos nos últimos anos.

En cumprimento do anterior, e co máximo respecto ao principio de autonomía local, elaborouse o presente texto legal, cos seguintes obxectivos:

- Establecer un sistema municipal cuns estándares mínimos homoxéneos de autonomía nos seus aspectos competenciais e financeiros.
- Garantir a sostibilidade financeira dos municipios co compromiso de financiamento das competencias delegadas e atribuídas.
- Fomentar a posición de máxima proximidade que ten o municipio en relación coa cidadanía, mellorando a participación da veciñanza en todos os ámbitos da vida municipal, establecendo a obriga de creación de instrumentos que fagan realmente efectiva a dita participación e regulando medidas de transparencia e publicidade no eido municipal.
- Consolidar a existencia doutras entidades locais diferentes dos municipios e das provincias, como son as mancomunidades de municipios, apostando claramente por

estas figuras e fomentando o asociacionismo municipal coa finalidade de lograr unha mellora na calidade da prestación dos servizos públicos.

- Fixar un sistema competencial propio derivado da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes, que permita recoñecer a singularidade da Comunidade Autónoma de Galicia neste ámbito e que garanta a continuidade da prestación dos servizos sempre e cando se cumpran os principios de non duplicidade e de sostibilidade financeira que, respectando o principio de autonomía local, deben ser obxecto de avaliación pola propia entidade local.
- Fomentar as fórmulas de cooperación e colaboración na prestación de servizos públicos e seguir incentivando as fusións de municipios para conseguir un mapa territorial galego que, acorde coa situación política e económica actual, permita un exercicio de competencias con responsabilidade e mais unha prestación adecuada dos servizos públicos.
- Reforzar o papel das deputacións provinciais, nos termos sinalados pola xurisprudencia constitucional, para garantir a prestación de servizos públicos municipais e facilitar a eficacia e eficiencia no exercicio da súa competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica respecto dos municipios.
- Abordar os efectos do cambio demográfico buscando fórmulas que permitan fixar a poboación no territorio e garantir o axeitado nivel de servizos públicos municipais en calquera parte da Comunidade Autónoma, en especial no ámbito rural.
- Incorporar ao marco normativo as fondas transformacións que está a experimentar o conxunto da sociedade, en particular en relación coa dixitalización e as tecnoloxías disruptivas, como elementos de mellora da xestión pública.
- Fortalecer o sistema democrático local e a calidade institucional da política municipal, recoñecendo a necesidade de contar cunha Administración local financeiramente sostible como puntal do autogoberno.

II

A Lei de Administración local de Galicia preséntase como un instrumento integral de actualización normativa que harmoniza a tradición municipalista coa innovación dixital e organizativa, achegando estabilidade xurídica, sostibilidade financeira e cohesión territorial.

Un dos retos regulatorios desta norma parte da articulación efectiva dun sistema de repartición de responsabilidades institucionais e competencias que sexa claro e preciso, así como tamén da configuración dun sistema de financiamento municipal que garanta o correcto exercicio das responsabilidades dos concellos e unha prestación adecuada dos servizos públicos locais. Para o efecto tívose en conta que os municipios son o nivel de proximidade por excelencia e, por tanto, o máis sensible ás necesidades da cidadanía. No caso dos municipios de menor poboación, o exercicio das súas competencias e a prestación dos servizos públicos que teñen encomendados garántese a través das deputacións provinciais.

A presente lei ofrece un marco de seguridade xurídica, sen contradicións coa normativa básica. No mesmo sentido, e con vistas a unha simplificación normativa e administrativa que facilite

o manexo do complexo ecosistema normativo aos operadores xurídicos locais, non se considera pertinente reproducir mimeticamente a normativa básica.

Con esta lei dáse satisfacción á necesaria adaptación dos contidos regulatorios autonómicos á lexislación estatal de réxime local. Ademais téñense en conta as especialidades das entidades locais galegas, de xeito que se contribúe a resolver problemáticas ou necesidades existentes a fin de mellorar a organización e funcionamento internos dos concellos en clave de eficacia e eficiencia, incorporando, ao mesmo tempo, tanto aspectos da moderna xestión administrativa baseada no funcionamento electrónico coma a necesaria adaptación organizativa enfocada á prestación de servizos á cidadanía que redunden nunha mellora da súa calidade de vida.

Por último, cómpre sinalar que na elaboración da presente lei dáse cumprimento ás Directrices de técnica normativa da Xunta de Galicia, aprobadas pola Resolución do 5 de novembro de 2014, da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, e mais aos principios de boa regulación recolleitos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como tamén á abundante literatura na materia da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE).

III

A Lei de Administración local de Galicia estrutúrase nun título preliminar e nove títulos específicos, así como en catro disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e dúas derradeiras.

O título preliminar, dedicado ás **disposicións xerais**, concentra as bases institucionais que dotan de coherencia o conxunto da norma e fixan o seu obxecto, a organización territorial de Galicia e o marco regulador básico, recoñece as potestades administrativas e os principios de actuación das entidades locais, declara a lingua galega como idioma oficial da Administración local e regula o Rexistro de Entidades Locais e os seus símbolos, así como a Comisión de Heráldica.

O título I aborda o **réxime competencial das entidades locais territoriais galegas**, redactándose de conformidade co articulado da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, que se derroga de forma expresa e se integra na presente Lei; inda que efectuándose unha reordenación dos seus artigos para lograr unha maior claridade expositiva e recollendo igualmente a doutrina constitucional derivada da reforma acometida no ano 2013 a través da citada Lei 27/2013.

Este título estrutúrase en catro capítulos: o capítulo I aborda a regulación das disposicións xerais que garanten a autonomía local e a dos principios xerais que servirán de base á atribución de competencias ás entidades locais territoriais; o capítulo II delimita as competencias propias a través dun réxime xurídico claro e preciso; o capítulo III regula a delegación de competencias pola Comunidade Autónoma, así como tamén a delegación das competencias municipais nas deputacións provinciais como unha das manifestacións do reforzo das competencias de asistencia dos entes provinciais; e o capítulo IV desenvolve o procedemento para o exercicio das competencias distintas das propias ou das atribuídas por

delegación, establecendo os criterios normativos para a apreciación da duplicidade e da sostibilidade financeira na prestación de servizos ou na realización de actividades.

No **título II, «Do municipio»**, refórzase o eixo vertebrador da planta municipal, o municipio, e establécense medidas de racionalización da nosa planta local. Este título desenvólvese ao longo de catro capítulos:

- No capítulo I, dedicado ao territorio, detállanse os distintos procedementos de alteración dos termos municipais; promóvense as fusións municipais mediante medidas de fomento por parte da Administración autonómica e tamén, por vez primeira, da provincial; establécese en 8.000 habitantes o limiar de poboación mínimo co que debe contar un municipio resultante dun proceso de segregación municipal; e recóllense determinadas especialidades nos supostos de inviabilidade económica e demográfica para a prestación dos servizos mínimos municipais.
- No capítulo II, dedicado á poboación, créase o estatuto da veciñanza e realízase unha enumeración dos seus dereitos e deberes, adaptados ás esixencias e necesidades da sociedade do século XXI.

O capítulo III regula as competencias e servizos municipais, optando pola inclusión dunha enumeración exhaustiva, pero non pechada, das competencias propias dos municipios con intención de clarificar o seu espazo competencial, pero sen engadir novas competencias non atribuídas pola lexislación sectorial. Neste capítulo regúlase igualmente a dispensa na prestación de servizos mínimos municipais.

- O capítulo IV, baixo o título «Réximes municipais especiais», fai referencia ao réxime específico do municipio de Santiago de Compostela e dos municipios de gran poboación; e máis detalladamente, e como novidade, regúlanse as especialidades do réxime xurídico dos municipios en situación de reto demográfico, para os que, en liña coa preocupación do Goberno autonómico a respecto da dinámica demográfica galega, se establecen medidas específicas para dar resposta aos problemas a que estes se enfrontan mediante o reforzamento da asistencia e cooperación das administracións públicas autonómica e provincial e a flexibilización da súa organización.

O **título III regula a organización dos municipios** e estrutúrase en cinco capítulos nos que, evitando a reprodución mimética da normativa básica estatal, se complementa esta coa intención de clarificar certas lagoas e de dotar a referida organización de ferramentas normativas que permitan adaptala ás peculiaridades dos distintos concellos de Galicia.

- No capítulo I, relativo á alcaldía, clarifícanse as competencias máis controvertidas deste órgano de goberno e regúlanse as delegacións para facilitar a xestión municipal.
- No capítulo II, dedicado ás vicealcaldías e ás tenencias de alcaldía, destaca a posibilidade de creación das primeiras nos municipios de máis de 30.000 habitantes. Con esta regulación quérese resaltar a importancia desta figura nas vilas e cidades.

- No capítulo III, referente ao pleno, ao igual ca no caso das alcaldías, clarifícanse as competencias máis controvertidas deste órgano de goberno colexiado.
- No capítulo IV, destinado á regulación das comisións do pleno, destaca a habilitación legal á comisión especial de contas para o exame, estudo e informe de todas as contas da corporación, incluídos os orzamentos xerais, así como o dereito das/os concelleiras/os non adscritas/os a formaren parte destas comisións.
- No capítulo V, relativo a outros órganos complementarios, establece a existencia preceptiva, nos concellos de máis de 30.000 habitantes, da xunta de voceiros e dos órganos de participación cidadá, sen prexuízo da posibilidade de creación doutros órganos complementarios por parte dos municipios no exercicio da súa potestade de autoorganización.

O **título IV** aborda a regulación da **provincia**, destacando o reforzamento do seu papel como nivel intermedio de goberno e administración. Este título estrutúrase en catro capítulos:

- No capítulo I, relativo ás disposicións xerais, priorízase, entre os fins da provincia, a asistencia aos municipios en situación de reto demográfico e aos que carezan dos recursos suficientes para prestar os servizos mínimos obrigatorios, destacando o papel fundamental que están destinadas a desempeñar as deputacións provinciais como garantes da autonomía municipal e da correcta prestación dos servizos públicos municipais.
- No capítulo II, dedicado á estrutura da organización provincial, destaca a simplificación regulatoria, poñendo a énfase na regulación de aspectos novidosos que se considera necesario introducir para que os entes provinciais poidan desempeñar as súas competencias da forma máis eficaz e eficiente, como a creación da asesoría xurídica provincial e dos órganos provinciais competentes para a resolución de recursos en materia de contratación.
- O capítulo III, relativo ás competencias propias, incorpora a regulación estatal básica derivada da reforma operada pola Lei 27/2013 e a posterior doutrina do Tribunal Constitucional. Para a determinación das citadas competencias tívose en conta a realidade demográfica, socioeconómica e territorial do municipalismo galego. Asemade, este capítulo regula tamén o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal como un instrumento fundamental do reforzamento do papel das deputacións provinciais na asistencia, colaboración e cooperación cos municipios galegos.
- No capítulo IV destaca a introdución novidosa da participación dos concellos na elaboración do orzamento provincial.

O **título V**, dedicado a **outras entidades locais**, contempla como tales as mancomunidades, as áreas metropolitanas e as entidades locais menores anteriores á reforma de 2013, destacando a supresión dos consorcios como entidade local. Este título estrutúrase en tres capítulos:

- No capítulo I destaca o reforzamento das mancomunidades e a súa regulación como modelo estratéxico de cooperación, establecéndose medidas de fomento da súa constitución e

funcionamento por parte das administracións autonómica e, por primeira vez, provincial, involucrando a esta última no fortalecemento e control do seu funcionamento. Regúlase igualmente o procedemento de constitución, o contido dos estatutos, as modificacións e mais a disolución, engadindo, como principal novidade, un procedemento de disolución forzosa en determinados supostos obxectivos, dando así solución a un dos problemas a que se enfrontan un gran número das actuais mancomunidades, nas que a falta de consenso político impide a súa legal disolución.

- Os capítulos II e III regulan, respectivamente, as áreas metropolitanas e as entidades locais menores anteriores á Lei 27/2013, establecendo unha normativa mínima para as primeiras e detallando para as segundas os seus órganos de goberno, competencias, facenda e procedementos de disolución (destaca, neste sentido, o establecemento dun procedemento de disolución forzosa nos mesmos termos ca o regulado *ex novo* para as mancomunidades).

No **título VI**, baixo a rúbrica «**Disposicións comúns ás entidades locais**», diferéncianse catro capítulos:

- O capítulo I describe o réxime de funcionamento dos órganos colexiados, destacando a novidosa regulación das sesións mixtas e a distancia, dando deste xeito solución normativa a unha necesidade que se fixo patente na crise da Covid, mediante a enumeración dos supostos taxados que habilitan a súa utilización.
- O capítulo II, dedicado ao estatuto dos membros da corporación, regula os grupos políticos e as normas a que se suxeita o exercicio do seu dereito de acceso á información, e incorpora a regulación dos membros non adscritos resultante da doutrina xurisprudencial.
- O capítulo III, relativo ás regras complementarias de funcionamento da Administración local, incorpora de xeito novidoso o uso da intelixencia artificial na toma de decisións e establece principios éticos de non discriminación e supervisión humana, seguindo a Lei 2/2025, do 2 de abril, para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia.
- O capítulo IV, dedicado ao emprego público local, desenvolve as regras específicas, destacando a introdución, por vez primeira, da regulación da dirección pública profesional, especificamente prevista para municipios cunha poboación superior a 30 000 habitantes e deputacións provinciais, e mais do teletraballo, ao tempo que recolle as especialidades do réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, fundamentalmente nos casos de fusións municipais

O **título VII** regula as **fórmulas de cooperación e colaboración** partindo da aposta que efectúa esta regulación polas mancomunidades de municipios, e asemade incorpora outras fórmulas, máis flexibles e dinámicas, que permiten establecer liñas de colaboración e a mellora das prestacións dos servizos públicos, coma as áreas funcionais de carácter temporal ou as agrupacións temporais para persoal. Este título estrutúrase en catro capítulos:

- O capítulo I, relativo ás disposicións xerais, define o marco xeral da cooperación local e supramunicipal e mais as competencias autonómicas de coordinación, materializadas a través das leis reguladoras dos diferentes sectores da acción pública.

- O capítulo II regula os convenios de cooperación e colaboración para a máis eficaz xestión e prestación de servizos das respectivas competencias. Fórmula que instrumenta a creación de agrupacións municipais para a xestión de axudas e subvencións destinadas á execución conxunta de actuacións por parte de varios municipios.
- O capítulo III, relativo ás fórmulas de cooperación para o exercicio de competencias municipais, ofrece solucións específicas a problemas concretos, incorporando como novidade a regulación das áreas funcionais de carácter temporal como fórmula flexible de colaboración fronte a outras fórmulas de maior permanencia, así como tamén a xeneralización das agrupacións de municipios en materia de persoal para o sostemento en común de prazas de funcionarios con habilitación nacional, de funcionarios de carreira ou de persoal laboral fixo, dando resposta ás necesidades de persoal de especialización técnica.
- O capítulo IV, relativo aos órganos de colaboración interadministrativa, regula a Comisión Galega de Cooperación Local e outros posibles órganos de colaboración, así como os consorcios no escenario posterior á reforma operada pola Lei 27/2013. Destaca a previsión legal da cooperación internacional municipal.

O **título VIII** acolle, baixo a denominación de «**Goberno aberto**», substantivas novidades, mantendo ao mesmo tempo fórmulas participativas tradicionais, ao longo dos cinco capítulos nos que se estrutura:

- O capítulo I, relativo ás disposicións xerais, ofrece unha definición do goberno aberto e a súa contextualización no ámbito local, incorporando a regulación do Portal de transparencia e goberno aberto local de Galicia.
- O capítulo II, relativo á transparencia e acceso á información pública, articula a transparencia local na dobre dimensión de publicidade activa e pasiva, incorporando o necesario detalle da lexislación básica no ámbito local e contemplando o uso das tecnoloxías da información.
- O capítulo III, dedicado á integridade institucional e bo goberno, promove a boa administración e o bo goberno, fomentando o uso de estratexias e ferramentas que garantan os dereitos dos cidadáns a través dun código de conduta, de mecanismos de rendición de contas e da avaliación das políticas públicas locais.
- O capítulo IV regula a participación cidadá, tanto presencial coma dixital, establecendo as disposicións xerais para o exercicio do dereito de participación e amosando unha especial preocupación en garantir que os mecanismos de participación cidadá sexan inclusivos e accesibles. Regúlanse en detalle os instrumentos a través dos que se canaliza esta participación, tales como orzamentos participativos, consultas populares, dereito de petición, iniciativa popular, asociacións veciñais ou participación nos órganos colexiados.
- O capítulo V, dedicado á innovación pública local, constitúe unha novidade regulatoria no ámbito local, incorporando a colaboración da Axencia Galega de Innovación como referente nesta materia, así como tamén os laboratorios de innovación, elementos normativos de

actualidade coma os *sandbox* e a proposta dunha fórmula de colaboración público-privada novidosa: as asociacións locais para a innovación.

O título IX, «**Facenda e financiamento local**», dividido en catro capítulos, recolle unha das novidades máis salientables da norma, pois nel aséntanse as bases do novo modelo de participación dos municipios nos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia:

- O capítulo I incorpora os principios reitores das facendas locais, entre os que destaca o principio de suficiencia financeira.
- O capítulo II regula a tutela financeira e a colaboración autonómica en materia de recadación local.
- O capítulo máis importante deste título é o III, que regula a participación dos municipios nos tributos da Comunidade Autónoma. Nel materialízase o compromiso do Goberno galego coa mellora da suficiencia financeira local, e os seus artigos, que se configuran como base do novo modelo de financiamento local en Galicia, establecece o reforzamento dos recursos locais.

A través desta regulación dáse cumprimento ao mandato inequívoco do artigo 142 da CE, mellorando a suficiencia financeira dos concellos mediante o incremento dos fondos incondicionados que perciben da Comunidade Autónoma.

A dotación do Fondo de Cooperación Local determínase como unha porcentaxe do importe da recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos, polo que se trata dunha verdadeira participación nos tributos autonómicos. Este fondo diferencia na súa estrutura o Fondo Incondicionado Xeral e o Fondo Incondicionado para Gastos non Homoxéneos.

En canto ao Fondo Incondicionado Xeral, a lei regula as variables que determinan a súa repartición, variables que teñen en conta a realidade demográfica galega, o avellentamento da poboación, a dispersión demográfica ou a condición de municipio en situación de reto demográfico, a partir das cales se fixa a cantidade da participación individualizada para o ano base, que para os efectos desta regulación é o ano 2025.

Esta participación evolucionará na mesma porcentaxe de variación que experimente a recadación líquida dos capítulos I, II e III nos anos sucesivos, recalculándose a participación de cada concello de forma automática mediante a aplicación da mesma metodoloxía que se empregou para o cálculo da participación no ano base.

Este modelo fixa varios solos e un teito como garantía de mínimos e tamén de máximos, garantindo así importes mínimos de participación e o cumprimento das regras fiscais.

O Fondo Incondicionado para Gastos non Homoxéneos é un instrumento de financiamento dos concellos que teñen necesidades específicas vinculadas á prestación de determinados servizos, cuxa contía e distribución se fixará anualmente nas leis de orzamentos.

- No capítulo IV, co que remata este título, regúlanse as retencións do Fondo de Cooperación Local e mais o requisito da remisión da Conta Xeral ao Consello de Contas para a obtención de subvencións e axudas autonómicas.

Polo que respecta ás catro disposicións adicionais, a primeira ratifica a asunción progresiva, por parte da Xunta de Galicia, dos servizos e competencias establecidos no Acordo de cooperación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias polo que se establece o contido do Pacto local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia, asinado o 20 de xaneiro de 2006, ou no instrumento que o substitúa.; a segunda recolle o fomento e apoio da participación das entidades locais galegas en programas e proxectos europeos de cooperación territorial; a terceira regula os patrocinios como mecanismo para promover a participación de iniciativas privadas no desenvolvemento de fins de interese xeral; e a cuarta alude ás entidades locais menores existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2014.

En canto á disposición transitoria, a mesma fixa o réxime dos consorcios que á entrada en vigor desta lei manteñan a súa condición de entidades locais.

A disposición derogatoria única elimina as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto na nova regulación.

Finaliza esta lei con dúas disposicións derradeiras, relativas á súa entrada en vigor e á habilitación para o seu desenvolvemento.

Con este texto, a Comunidade Autónoma Galicia sitúase á vangarda dunha regulación de réxime local innovadora que garante a capilaridade territorial, a modernización dixital e a sostibilidade demográfica, reforzando o autogoberno municipal baixo os principios de eficiencia, transparencia e equidade.

TÍTULO PRELIMINAR - Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1. Esta lei ten por obxecto o desenvolvemento da autonomía das entidades locais de Galicia, de acordo cos principios recollidos na Carta europea de autonomía local. Esta norma garante a autonomía local recoñecida constitucionalmente, que debe harmonizarse coa salvagarda dos intereses da Comunidade Autónoma e do Estado e mais co respecto aos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
2. Enténdese por autonomía local o dereito e capacidade das entidades locais de ordenar e xestionar, baixo a súa responsabilidade e en beneficio da comunidade veciñal os asuntos públicos que teñan atribuídos.

Artigo 2. Organización da planta local

1. A Comunidade Autónoma de Galicia organízase en municipios e provincias, que teñen a condición de entidades locais territoriais, ás que se lles garante a autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.
2. Os municipios e provincias, na súa relación coa Comunidade Autónoma de Galicia, integran un único nivel de goberno.
3. Teñen a condición de entidades locais non territoriais as mancomunidades de municipios e mais as áreas metropolitanas.

Artigo 3. Réxime xurídico

1. As entidades locais rexeranse polo disposto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, sen prexuízo do establecido na normativa básica estatal.
2. As entidades locais, en desenvolvemento desta normativa, e a través de regulamentos orgánicos e ordenanzas, establecerán por si mesmas a organización e mais as estruturas administrativas e instrumentais necesarias para o exercicio das súas competencias, coa finalidade de facer efectivos os principios de bo goberno e de boa administración, así como unha xestión eficaz e eficiente dos recursos públicos en clave de sostibilidade financeira.

Artigo 4. Potestades administrativas

1. Corresponderán ás entidades locais territoriais de Galicia, na súa calidade de administracións públicas, e no ámbito das súas competencias, as potestades e prerrogativas enumeradas na lexislación básica de réxime local.
2. As potestades e prerrogativas a que fai referencia o apartado anterior serán tamén de aplicación ás entidades locais non territoriais, de conformidade, se for o caso, co establecido polos seus estatutos ou norma de creación, coas seguintes particularidades:

- a) A potestade tributaria e financeira refírese exclusivamente ao establecemento de taxas, contribucións especiais e prezos públicos.
- b) A potestade expropiatoria corresponderá ao municipio ou á provincia, que a exercerá en beneficio e a instancia da entidade local interesada..

Artigo 5. Principios de actuación

As entidades locais serven con obxectividade os intereses públicos que lles están encomendados e actúan de conformidade cos principios seguintes:

- a) Principio de autonomía local.
- b) Principio de autonomía financeira, no marco dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- c) Principio de subsidiariedade e suficiencia financeira de acordo coa Carta europea de autonomía local.
- d) Principio de autoorganización.
- e) Principio de igualdade entre homes e mulleres e de aplicación da perspectiva de xénero.
- f) Principio de igualdade e diversidade no acceso aos servizos públicos locais por parte da cidadanía.
- g) Principio de presenza equilibrada de xénero na designación das persoas integrantes dos órganos colexiados, sempre que sexa posible.
- h) Principio de proximidade á cidadanía.
- i) Principio de solidariedade e de sostibilidade ambiental.
- j) Principio de participación da cidadanía nos procesos de formulación, execución e avaliación das políticas públicas locais.
- k) Principio de transparencia, ética pública, rendición de contas e adecuación aos principios de bo goberno e goberno aberto.
- l) Principio de pluralismo político e imparcialidade.
- m) Principio de humanismo dixital e gobernanza de datos.
- n) Principio de innovación e colaboración.
- o) Principio de boa administración, simplificación, eficacia e eficiencia na actividade pública local.

Artigo 6. Lingua oficial

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial da Administración local. Tamén o é o castelán como lingua oficial do Estado. O galego é a lingua de servizo e lingua de traballo de uso normal e xeral nas entidades locais, as cales deberán

garantir, en todo caso, o exercicio efectivo do dereito dos cidadáns a escoller a lingua oficial na que se relacionen cos entes locais e o correlativo deber destes de atendelos na lingua escolleita, adoptando para tal fin as medidas necesarias.

2. As entidades locais deberán utilizar a lingua galega de xeito xeneralizado en todos os procedementos e trámites que se realicen, como Administración cun alto nivel de implicación como impulsora do progresivo proceso de normalización da lingua galega respectando en todo caso o dereito da cidadanía recolleito no apartado anterior.
3. As entidades locais deben garantir, promover e favorecer o uso da lingua galega por parte de todo o persoal ao seu servizo na xestión dos trámites que se realicen no ámbito da súa administración, así como apoiar o impulso do uso do galego pola poboación de cada un dos municipios.
4. Corresponde á Xunta de Galicia o impulso do proceso de consolidación da lingua galega na Administración local, moi especialmente a través de programas de formación do seu persoal.

Sen prexuízo do anterior, a Xunta de Galicia adoptará as medidas oportunas para que nos procedementos de acceso de funcionarios á Administración local se garanta o coñecemento da lingua galega.

Artigo 7. Rexistro de Entidades Locais

1. A Xunta de Galicia levará o Rexistro de Entidades Locais de Galicia, no que se deberán inscribir todas as entidades locais incluídas no seu ámbito territorial.
2. O dito rexistro terá carácter público, dependerá da consellería competente en materia de Administración local e nel deberán constar de forma actualizada os datos esenciais de cada entidade local.
3. Regulamentariamente determinárase a organización do rexistro, o procedemento para a inscrición das entidades locais, os datos que se deben facer constar e o acceso ao mesmo.

De acordo co disposto na normativa sobre réxime xurídico do sector público, estableceranse os oportunos mecanismos de colaboración, có fin de intercambiar os datos do Rexistro de Entidades Locais galego co rexistro de carácter estatal.

Artigo 8. Símbolos das entidades locais

1. As entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia poderán adoptar escudos heráldicos e bandeiras propios e privativos, modificar os xa existentes ou rehabilitar os que historicamente utilizaran. Basearanse en feitos históricos ou xeográficos característicos e peculiares do seu territorio, conforme as normas de heráldica.

2. Ningunha entidade local de Galicia poderá utilizar escudo heráldico ou bandeira que non fosen aprobados polo Consello da Xunta, sen prexuízo daqueles que foron aprobados pola Administración xeral do Estado con anterioridade á transferencia de competencias nesta materia en favor da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. As entidades locais poderán aprobar logotipos e outras marcas ou insignias gráficas mediante acordo do pleno da corporación adoptado por maioría absoluta do seu número legal de membros. Este acordo inscribírase no Rexistro de Entidades Locais de Galicia.
4. Os símbolos das entidades locais suxeitaranse ás seguintes limitacións:
 - a) Prohíbense calquera símbolo que inclúa no seu deseño ou contido siglas, anagramas ou logotipos de partidos políticos, sindicatos, organizacións empresariais e demais asociacións e entidades privadas, así como aquel outros que impliquen vulneración dos principios constitucionais ou lesión aos dereitos fundamentais.
 - b) Prohíbese calquera símbolo que fomente ou incite á violencia en calquera das súas manifestacións.
 - c) Prohíbese calquera símbolo que sexa idéntico a outro validamente rexistrado ou induza a erro ou confusión con outro validamente rexistrado.

Artigo 9. Comisión de Heráldica

1. A Comisión de Heráldica, adscrita á consellería competente en materia de Administración local, é o órgano consultivo da Xunta de Galicia ao que lle corresponde emitir informe vinculante nos procedementos de aprobación, modificación ou rehabilitación de escudos heráldicos ou bandeiras das entidades locais.
2. Por norma regulamentaria establécese a composición e funcións da Comisión de Heráldica e os procedementos de adopción, modificación ou rehabilitación dos símbolos heráldicos das entidades locais de Galicia.

TÍTULO I - COMPETENCIAS DAS ENTIDADES LOCAIS TERRITORIAIS

CAPÍTULO I - Disposicións xerais

Artigo 10. Garantía da autonomía local

1. A Xunta de Galicia garante e respecta a autonomía de todas as entidades locais do seu ámbito territorial mediante a atribución ás mesmas de competencias propias e o fomento e promoción da colaboración e cooperación entre as distintas administracións públicas para unha mellor prestación á cidadanía dos servizos públicos.
2. En desenvolvemento do principio de autonomía local, as entidades locais terán dereito a participar activamente nos procesos de elaboración das normas autonómicas que incidan directamente nas súas competencias propias. Este dereito tamén se prevé para programas, proxectos e plans ou políticas públicos postos en marcha polas institucións autonómicas competentes que afecten á autonomía local.
3. Este dereito de participación exercerase a través das asociacións que teñan atribuída a defensa e representación dos intereses das entidades locais.

Artigo 11. Principios xerais de atribución das competencias

1. A autonomía das entidades locais garántese mediante a atribución ás mesmas das competencias propias previstas na presente lei, ademais das atribuídas na normativa básica e sectorial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A atribución de competencias ás entidades locais que realice a lexislación sectorial efectuarase consonte os principios de subsidiariedade, descentralización, eficacia, eficiencia, igualdade e solidariedade, estabilidade e sostibilidade financeira e non duplicidade.
3. A prestación de servizos polas entidades locais terá lugar no marco da titularidade e do exercicio das competencias propias, asegurando a toda a cidadanía galega o seu dereito a acceder en condicións de igualdade aos servizos públicos municipais.

CAPÍTULO II - Competencias propias

Artigo 12. Réxime xurídico

1. As competencias propias das entidades locais territoriais so poderán ser determinadas por lei, segundo a distribución constitucional das competencias, e serán exercidas en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade atendendo sempre á debida coordinación, na súa programación e execución, coas demais administracións públicas, nos termos establecidos polas leis.

2. As competencias propias son irrenunciáveis, e as entidades locais territoriais dispoñen a respecto delas da titularidade das funcións e potestades que se lles atribúen, que exercerán consonte os principios contidos na normativa básica de réxime local e na normativa sectorial.

Artigo 13. Atribución de competencias propias

1. As leis autonómicas que atribúan novas competencias ás entidades locais deberán avaliar a conveniencia da implantación dos servizos conforme os principios de descentralización, eficiencia, estabilidade e sostibilidade financeira.

Igualmente, atenderase ao principio de máxima proximidade da xestión á cidadanía, lexitimándose a actividade pública local cando o ámbito local sexa o máis axeitado para a prestación de acordo coa Carta europea de autonomía local.

2. Paraestes efectos, os anteproxectos das leis a que se refire o punto anterior deberán ir acompañados dunha memoria económica elaborada pola consellería competente por razón da materia na que se reflicta o impacto da nova atribución de competencias sobre os recursos financeiros das Administracións públicas afectadas, así como o cumprimento dos principios de estabilidade, sostibilidade financeira e eficiencia do servizo ou actividade. A lei deberá prever a dotación dos recursos necesarios para asegurar a suficiencia financeira das entidades locais, sen que iso poida comportar, en ningún caso, un maior gasto das Administracións públicas.

Os anteproxectos de lei irán acompañados de informes da consellería competente en materia de facenda e mais da consellería competente en materia de Administración local nos que se analice o cumprimento dos criterios antes sinalados.

A lei determinará a competencia local propia que se atribúe garantindo que non se produce unha atribución simultánea da mesma competencia á Administración da Comunidade Autónoma.

3. Seguirase o mesmo procedemento regulado neste artigo cando se trate do desenvolvemento regulamentario de leis sectoriais que concreten servizos, actividades ou prestacións derivados de competencias atribuídas como propias ás entidades locais.

CAPÍTULO III - Competencias delegadas

Artigo 14. Delegación de competencias pola Comunidade Autónoma

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma poderá delegar nas entidades locais, seguindo criterios homoxéneos, o exercicio das súas competencias consonte ó disposto na lexislación básica en materia de réxime local e na presente lei.

A delegación nas entidades locais poderá abranguer, entre outras, as competencias previstas no artigo 27 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sempre que as leis da Comunidade Autónoma non atribuíran a súa titularidade ás entidades locais como propias.

A delegación deberá ir acompañada en todo caso do correspondente financiamento, para o cal será necesaria a existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente nos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma para cada exercicio económico, sendo nula sen a dita dotación.

2. A delegación producirase por decreto do Consello da Xunta e requirirá aceptación expresa por parte das entidades locais receptoras, que se formulará e remitirá con carácter previo á deliberación do Consello da Xunta.

O proxecto de decreto de delegación deberá ir acompañado dunha memoria económica elaborada pola consellería competente por razón da materia onde se xustifiquen os principios de eficiencia, de eliminación de duplicidades administrativas e de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. En particular, valorarase o impacto no gasto das administracións públicas afectadas.

O proxecto de decreto acompañarase de informes da consellería competente en materia de facenda e da consellería competente en materia de Administración local nos cales se analice o cumprimento dos criterios antes sinalados.

Na delegación deberase determinar a súa duración, as súas posibles prórrogas e mais os medios persoais, materiais e económicos asignados. No caso de que o financiamento da delegación convértase en insuficiente, deberase proceder á reconsideración desta.

3. As entidades locais poderán renunciar á delegación nos casos establecidos no decreto de delegación ou cando, por circunstancias sobrevidas, se xustifique suficientemente a imposibilidade do seu desempeño sen menoscabo do exercicio das súas competencias propias. Nestes casos a Administración xeral da Comunidade Autónoma instruirá o procedemento necesario para a liquidación dos recursos delegados.

Artigo 15. Delegación de competencias municipais nas deputacións provinciais

1. Os municipios da Comunidade Autónoma de Galicia poderán delegar algunhas das súas competencias propias na respectiva deputación provincial coa finalidade de mellorar a eficiencia e a eficacia na prestación dos servizos públicos e evitar duplicidades administrativas, así como de garantir a suficiencia financeira da facenda municipal e salvagardar os principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
2. Para a validez da delegación será preciso acordo plenario municipal adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da corporación, así como o correspondente acordo plenario de aceptación da deputación provincial adoptado

con idéntica maioría. A delegación deberá formalizarse a través dun convenio no que se determine o seu alcance. O mesmo quórum establecido neste apartado será necesario para calquera acordo relativo á modificación ou revogación da delegación conferida.

3. No convenio de delegación estableceranse sistemas de compensación financeira como consecuencia do exercicio da competencia propia municipal por parte da respectiva deputación provincial, e determinarase a adscrición, se for o caso, de persoal ou de medios materiais propios do municipio á deputación provincial receptora da delegación.

O convenio que se subscriba para facer efectiva tal delegación deberá conter polo menos os seguintes elementos:

- a) Obxecto.
 - b) Disposicións normativas que permitan a delegación.
 - c) Análise da necesidade e oportunidade da delegación, así como do impacto económico nas facendas municipal e provincial.
 - d) Funcións cuxa execución se delegan.
 - e) Medios materiais, persoais, económicos, tecnolóxicos, profesionais e de todo tipo que se poñen ao dispor por parte da deputación provincial e, se for o caso, polo concello.
 - f) Valoración do custo do servizo.
 - g) Data de efectividade da delegación e prazo da mesma.
 - h) Potestades que se delegan e alcance de tal delegación.
 - i) Mecanismos de seguimento e de coordinación entre as distintas administracións públicas, entre os que debe figurar unha comisión de seguimento da que formarán parte representantes de ambas as institucións e que resolverá as controversias que se susciten sobre o alcance e execución das competencias delegadas.
 - j) Procedemento de revogación da delegación ou de denuncia e finalización do convenio de delegación.
4. Atendendo ás finalidades de mellora da eficiencia na xestión e de sostibilidade financeira que especialmente procedan, os convenios subscritos para a delegación de competencias establecidos no presente artigo non estarán sometidos ao límite temporal determinado pola normativa básica sobre réxime xurídico do sector público. Cada convenio, atendendo ás funcións delegadas, establecerá o período de vixencia que sexa aplicable en cada caso, sen que poida ter en ningunha circunstancia carácter indefinido. Os devanditos convenios deberán ser inscritos nos correspondentes rexistros de convenios de ambas as entidades e ser obxecto

de publicación no boletín oficial da provincia e mais nos portais de transparencia provincial e municipal.

CAPÍTULO IV - Competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación

Artigo 16. Exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas

1. O exercicio, por parte das entidades locais, de novas competencias que sexan distintas das atribuídas como propias pola lexislación e cuxo exercicio non se encontre delegado só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da facenda municipal, de acordo cos requisitos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra administración pública.
2. Aos efectos do establecido no apartado anterior, con carácter previo ao inicio do exercicio das novas competencias, será preceptivo un informe da Administración competente por razón da materia no que se sinala a inexistencia de duplicidades e mais outro informe da consellería titular da competencia de tutela financeira sobre as entidades locais na que se declare a sostibilidade financeira das novas competencias.
3. Cando a Administración competente por razón da materia sexa a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o informe sobre a inexistencia de duplicidades será emitido pola consellería competente en materia de Administración local, logo de consulta á consellería competente por razón da materia nos termos establecidos na presente lei.

Artigo 17. Definición de novas competencias

1. Para os efectos do artigo anterior, entenderase por exercicio de novas competencias os procedementos que se inicien para o establecemento de servizos de nova planta, así como tamén a modificación dos servizos xa establecidos co fin de realizar novas actividades prestacionais, cando non constitúa desenvolvemento ou execución de competencias atribuídas como propias nin de competencias que se exerzan por delegación, nin tenda á consecución dos fins das mesmas.

Así mesmo, entenderase como exercicio de novas competencias a execución da actividade de fomento mediante o establecemento de subvencións, cando non constitúa desenvolvemento ou execución de competencias atribuídas como propias nin de competencias que se exerzan por delegación, nin tenda a consecución dos fins das mesmas.
2. En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:
 - a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sostibilidade financeira previstos nesta lei.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos, das súas modalidades de prestación ou da situación, deberes e dereitos das persoas usuarias, cando non comporte a realización de novas actividades prestacionais polos servizos xa establecidos ou, aínda que a comporte, non supoña unha modificación substancial das condicións de prestación do servizo, da realización da actividade ou do seu financiamento, de acordo co establecido nesta lei, ou ben o seu exercicio non supoña a asunción de novas obrigas financeiras para a entidade local de acordo coa memoria económica xustificativa que se deberá incluír no expediente.
- d) A concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen, con carácter conxuntural, actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas, ou outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención.
- e) As obras, servizos, axudas, adquisicións ou subministracións de emerxencia por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten directamente á seguridade pública.
- f) A colaboración entre administracións públicas entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que se poidan suscitar máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública.
- g) O auxilio administrativo.
- h) Os premios que se outorguen sen solicitude previa do beneficiario.

Artigo 18. Modificacións substanciais no exercicio das competencias

1. Só será necesario solicitar a emisión dun novo informe de sostibilidade e non duplicidade nos supostos de modificación substancial das condicións de prestación do servizo ou de realización da actividade, ou do seu financiamento.
2. Para estes efectos débese entender por modificación substancial toda aquela modificación que poida afectar de xeito relevante ás condicións tidas en conta na emisión do informe inicial, que poida pór en cuestión a sostibilidade financeira do conxunto da facenda local ou que implique cambios na forma de prestación do

servizo que poidan provocar a existencia de duplicidades na súa prestación por confundirse co prestado por outra administración.

3. Os informes poderán determinar as condicións en que se entenderá que existe esta modificación substancial, así como as que se deberán manter ou os límites de desenvolvemento da actividade.

Artigo 19. Solicitude dos informes competencia da Administración autonómica

1. Para os efectos da emisión dos informes de sostibilidade e de non duplicidade por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, como titular da competencia de tutela financeira e, de ser o caso, como Administración competente por razón da materia, as entidades locais que pretendan exercer novas competencias ou servizos deberán presentar a solicitude de informe dirixida á consellería competente en materia de Administración local, xunto cunha memoria na que a persoa titular da presidencia da corporación xustifique o interese da entidade local na intervención nas materias de que se trate por afectar directamente o círculo dos seus intereses ou a capacidade de xestión da entidade local en relación coa forma concreta prevista da prestación do servizo ou da realización da actividade.

Así mesmo, deberá xustificarse na indicada memoria a relación das prestacións e actividades previstas en aplicación dos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, así como a estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

A memoria deberá facer referencia ás características proxectadas da actividade pública de que se trate, ao réxime xurídico previsto para o servizo, ao alcance das prestacións previstas en favor da cidadanía e á proxectada regulación dos aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo.

En particular, para a xustificación de sostibilidade financeira deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Liquidación consolidada do exercicio inmediato anterior, xunto co respectivo informe da intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e débeda, incluíndo o estado do remanente de tesourería a 31 de decembro do exercicio inmediato anterior.
- b) Situación actualizada da débeda viva, con detalle das operacións vixentes e cadros de amortización.
- c) Orzamento do exercicio vixente xunto co informe da intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e débeda.
- d) Detalle e importes das partidas orzamentarias correspondentes á competencia para informar tanto de gastos coma de ingresos ou, de ser o caso, previsións das modificacións orzamentarias que se deberán realizar.

En caso de que o gasto derivado do exercicio da nova competencia non se atope consignado nos orzamentos da entidade local, informe da intervención sobre estabilidade orzamentaria e regra de gasto con inclusión da dita competencia.

- e) Calquera outra documentación que solicite o órgano competente por ser necesaria para os efectos de emitir o informe sobre sostibilidade financeira.
- 2. O órgano competente da entidade local deberá solicitar os informes con carácter previo á implantación do servizo, á modificación dos servizos xa establecidos para a realización de novas actividades prestacionais ou á aprobación do plan estratéxico de subvencións.

En particular, nos supostos do exercicio da actividade de fomento polas entidades locais mediante o establecemento de subvencións, os informes previos previstos neste artigo deberán emitirse, con carácter previo ao establecemento das subvencións, sobre o plan estratéxico establecido na normativa de subvencións de Galicia, no que as entidades locais deberán concretar os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento.

- 3. Poderán ser inadmitidas as peticións de informe pola consellería competente en materia de Administración local se da documentación remitida, ou dos antecedentes de que dispoña a Administración autonómica, resulta que non se dan os presupostos previstos nesta lei para a solicitude de informe, e en particular cando non se trate do exercicio de novas competencias ou servizos ou cando da normativa vixente se deduza que a competencia está atribuída como propia á entidade local pola lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma, ou se delegase o seu exercicio.

Artigo 20. Procedemento e prazo para a emisión dos informes

- 1. Recibidas as solicitudes de informe pola consellería competente en materia de Administración local, remitíraas á consellería competente por razón da materia e mais á titular da competencia de tutela financeira sobre as entidades locais, para a súa tramitación de conformidade coa normativa do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- 2. Se a documentación a que se refire o artigo anterior é incompleta, a consellería competente en materia de Administración local ou a consellería titular da competencia de tutela financeira sobre as entidades locais, segundo os casos, requiriralle á entidade local que nun prazo de dez días emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fai terase por desistida da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada polos órganos indicados.
Así mesmo, poderáselle requirir en calquera momento que corrixa a documentación incompleta ou inexacta, interrompéndose os prazos para a emisión dos informes durante o tempo que medie entre a recepción do requirimento e a

entrada da documentación complementaria no órgano competente para emitir o informe.

3. As consellerías competentes para a emisión do informe poderán realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales deben emitir o seu informe.
4. Os informes serán emitidos no prazo de tres meses. Cando razóns de interese público o aconsellen poderase acordar, de oficio ou a pedimento da entidade local, aplicar o procedemento a tramitación de urxencia, polo cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario.
5. Sen prexuízo da obriga da Administración autonómica de emitir o informe, o vencemento do prazo máximo sen que este se notifique lexítima a entidade local a entendelo desfavorable, para os efectos da súa impugnación na vía contencioso-administrativa nos termos e prazos establecidos na lei reguladora de dita xurisdición.

Artigo 21. Apreciación da inexistencia de duplicidade na prestación de servizos ou na realización de actividades

1. A prestación dos servizos e realización das actividades proxectados non poderán supoñer a existencia de duplicidades pola execución simultánea dos mesmos servizos ou actividades por outra Administración pública, atendendo sempre aos concretos servizos ou actividades que se pretenden realizar, en atención aos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia e ás súas características e alcance, atendendo en particular á satisfacción da demanda non cuberta plenamente polos servizos existentes.
2. Para os efectos desta lei, enténdese que existe duplicidade cando dúas ou máis entidades territoriais exerzan de xeito simultáneo funcións públicas substancialmente equivalentes relativas aos mesmos ámbitos de competencia, sobre un ámbito territorial coincidente ou respecto dunha mesma poboación destinataria, e co obxectivo de atender necesidades sociais idénticas.

Non obstante, non se considerará duplicidade cando a actividade, servizo ou prestación:

- a) Estea financiado por outra Administración pública.
- b) Sexa o resultado do desenvolvemento ou implantación de políticas públicas compartidas, programas estratéxicos interadministrativos ou instrumentos de cooperación internacional promovidos por outras administracións públicas.

Artigo 22. Apreciación da sostibilidade financeira

1. Para a apreciación da sostibilidade financeira das novas competencias, actividades e servizos avaliarase a sostibilidade do conxunto da facenda local, de acordo cos

requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2. En canto ao concepto de sostibilidade financeira, observarse o establecido na normativa en materia de estabilidade orzamentaria.
3. En particular, entenderase que o exercicio das novas competencias, actividades e servizos pon en risco o conxunto da facenda local cando a súa realización poida superar a capacidade da entidade local para financiar os seus compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial consonte o establecido na lexislación de estabilidade orzamentaria.

Artigo 23. Carácter e contido dos informes

1. Os informes terán carácter vinculante, polo que a entidade local non poderá proceder ao exercicio da competencia, ao establecemento do novo servizo ou á prestación da nova actividade se os informes son negativos por apreciar un risco para a sostibilidade financeira do conxunto da facenda local de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, ou por apreciar a existencia de duplicidades por mor dun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración pública.
2. Os informes deberán ser debidamente motivados e fundarse en apreciacións obxectivas.
3. Os informes poderán establecer para o exercicio das actividades as condicións que sexan precisas para garantir a sostibilidade financeira e a inexistencia de duplicidades, así como as que sexan precisas para posibilitar o exercicio das actividades ou a prestación dos servizos.

Artigo 24. Efectos dos informes

1. A emisión dos informes non implicará a prestación de calquera tipo de garantía ou a asunción ou transferencia de calquera tipo de responsabilidade financeira pola facenda autonómica polo funcionamento ou o mantemento do servizo fronte á cidadanía, outras administracións públicas ou a propia entidade local.
2. Así mesmo, a emisión do informe sobre a non duplicidade de servizos á vista do proxecto concreto de prestación das actividades pola entidade local non implica que a Administración autonómica con competencia material no servizo deba asumir a súa prestación en caso que a entidade local decida posteriormente o abandono ou o non exercicio da competencia, ou careza finalmente dos recursos necesarios para financiarla pola evolución das finanzas locais.
3. En particular, a emisión destes informes non compromete ou condiciona a planificación que a Administración autonómica mantén sobre o exercicio das súas propias competencias, nin para decidir a forma en que ela mesma deba exercelas,

de xeito adecuado e nas condicións óptimas para o conxunto da cidadanía e sostibles financeiramente.

TÍTULO II. DO MUNICIPIO

Artigo 25. O municipio

1. Os municipios son entidades locais básicas da ordenación territorial da Comunidade Autónoma de Galicia con lexitimidade democrática directa, e canle de participación cidadá nos asuntos públicos locais.
2. O municipio ten personalidade xurídica e capacidade para o cumprimento dos seus fins.
3. Son elementos do municipio: o territorio, a poboación e a organización.

CAPÍTULO I. O territorio

Artigo 26. O termo municipal

1. O termo municipal é o territorio en que o municipio exerce as súas competencias.
O exercicio de competencias fóra do termo municipal implicará a nulidade radical da actuación por manifesta incompetencia, salvo nas fórmulas asociativas previstas nesta lei para a prestación conxunta de servizos e noutros supostos en que as potestades municipais poidan, ao abeiro dunha norma específica, exceder o propio termo.
2. Todo municipio pertence a unha soa provincia.
3. A división do termo municipal en distritos, barrios e lugares, e as súas alteracións, será competencia do concello, sen prexuízo da obriga de comunicación á consellería competente en materia de Administración local.

Sección 1ª. Das alteracións dos termos municipais

Artigo 27. Alteración dos termos municipais

1. A alteración dos termos municipais só se poderá producir entre municipios limítrofes.
2. O termo municipal pódese alterar:
 - a) Pola fusión de dous ou máis municipios limítrofes para crear un novo municipio.
 - b) Por incorporación dun ou máis municipios a outro limítrofe.
 - c) Por segregación de parte do termo dun ou varios municipios para crear un novo municipio.
 - d) Por segregación de parte do termo dun ou varios municipios para agregarse a outro limítrofe.

3. Ningunha alteración poderá dar lugar a un termo municipal descontinuo nin modificar os límites provinciais.
4. Os límites territoriais dos termos municipais poderanse modificar para adaptalos ás iniciativas de corrección de disfuncións territoriais elaboradas pola Comisión Galega de Delimitación Territorial. A modificación será acordada polo Consello da Xunta, baixo proposta da persoa titular da consellería competente en materia de Administración local, logo de audiencia, por prazo dun mes, dos concellos afectados, informe da respectiva deputación provincial e ditame do Consello Consultivo de Galicia.
5. As alteracións dos termos municipais inscribíranse no Rexistro de Entidades Locais autonómico e estatal.
6. A creación ou supresión de municipios, así como a alteración de termos municipais, requirirán en todo caso de audiencia dos municipios interesados, ditame do Consello Consultivo de Galicia e informe da consellería titular da competencia en materia de tutela financeira das entidades locais.
7. A creación de novos municipios, no caso das segregacións, só se poderá realizar sobre a base de núcleos de poboación territorialmente diferenciados, que por xunto sumen polo menos 8.000 habitantes, e sempre que os municipios resultantes sexan financeiramente sostíbeis, contén con recursos suficientes para o cumprimento das competencias encomendadas, para a prestación dos servizos mínimos que lles corresponden e que a súa creación non supoña a diminución da calidade dos que se viñan prestando.
8. Tanto a denominación coma a capitalidade do municipio ou municipios resultantes dun proceso de alteración deberán ser propostas dende o comezo do procedemento.

Sección 2ª. Tipos de alteracións dos termos municipais

Subsección 1ª. Fusión e incorporación de municipios

Artigo 28. A fusión de municipios

1. Enténdese por fusión de dous ou máis municipios o resultado da súa unión de xeito tal que estes desaparecen e se crea un novo municipio cuxo ámbito territorial e poboación corresponde á suma dos municipios fusionados.
2. Como consecuencia da fusión, a nova entidade creada poderá manter a denominación dalgún dos municipios orixinais ou establecer unha nova.
3. O novo municipio poderá fixar a súa capitalidade en calquera núcleo do termo resultante.

Artigo 29. Incorporación de municipios

1. Enténdese por incorporación a anexión dun termo ou termos municipais a outro municipio, no cal pasan a quedar integrados.
2. O territorio e a poboación do municipio resultante estarán constituídos pola suma do territorio e mais da poboación de todos eles. Manterase a capitalidade e a denominación do municipio incorporante, que integrará para todos os efectos a personalidade xurídica dos municipios incorporados.

Artigo 30. Medidas de fomento das fusións e incorporacións de municipios

1. Coa finalidade de fomentar unha organización territorial máis eficiente, sostible e adaptada ás necesidades do territorio, a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais promoverán procesos voluntarios de fusión e incorporación entre municipios limítrofes, incentivando a constitución de novos municipios con maior capacidade de xestión e de prestación de servizos e sostibilidade financeira.
2. Para os ditos efectos, a Xunta de Galicia establecerá as seguintes medidas de fomento:
 - a) Os orzamentos da Comunidade Autónoma incluírán anualmente un subfondo específico de fomento das fusións, que se repartirá entre os municipios resultantes dun proceso de fusión ou incorporación municipal.
 - b) Criterios de prioridade na concesión de subvencións e axudas.
 - c) A Xunta de Galicia poderalles condonar aos municipios resultantes dun proceso de fusión ou incorporación, as débedas pendentes coa Comunidade Autónoma, nos termos que se determine no decreto de fusión ou incorporación.
3. As deputacións provinciais establecerán as seguintes medidas de fomento das fusións e incorporacións de municipios:
 - a) Priorizarán os municipios resultantes destes procesos nos plans provinciais de cooperación de obras e servizos e nas convocatorias de axudas e subvencións.
 - b) Axudas económicas e técnicas, entre as que se poderán incluír:
 - 1º O financiamento de estudos técnicos, xurídicos e económicos relacionados cos posibles acordos de fusión e incorporación.
 - 2º A colaboración na nova reestruturación orgánica e funcional da entidade local resultante da fusión ou incorporación, podendo colaborar na elaboración da relación de postos de traballo, do inventario de bens ou do plan xeral de ordenación municipal.

Subsección 2ª. Segregación para a creación de municipios independentes

Artigo 31. Segregación

1. Enténdese por segregación para a creación de novos municipios a separación de parte do termo dun ou de varios municipios para constituír un novo e independente.
2. A creación dun novo municipio independente por segregación terá carácter excepcional, sendo precisa a concorrencia dos seguintes requisitos:
 - a) Que existan razóns permanentes de interese público relacionadas coa planificación do territorio.
 - b) Que o territorio do novo municipio conte cunhas características que singularicen a súa identidade sobre a base de razóns históricas, sociais, económicas, laborais, xeográficas-ou urbanísticas.
 - c) Que se trate dun ou de varios núcleos de poboación territorialmente diferenciados e afastados da capitalidade do municipio ou municipios matrices orixinarios en máis de dez quilómetros, ou que, sen mediar esa distancia, exista unha notable dificultade de acceso a el ou eles: pola orografía adversa, pola duración do traxecto en vehículos a motor ou pola carencia do servizo de transporte de viaxeiros, entre outros.
 - d) Que o municipio resultante da segregación teña unha poboación superior a 8.000 habitantes e que o municipio ou os municipios dos que se segrega non queden por debaixo deste límite poboacional unha vez que se produza a segregación.
 - e) Que os novos municipios dispoñan de medios propios suficientes para a implantación e mantemento das competencias e servizos públicos de prestación obrigatoria e que a súa independencia non implique en ningún caso unha diminución da calidade dos que se estiveran prestando.
 - f) Que os servizos públicos de prestación obrigatoria non viñesen sendo prestados polo municipio ou municipios orixinarios no núcleo ou núcleos que se pretenden segregar coa calidade media coa que se prestan no resto do termo municipal.
 - g) Que non exista outra alternativa que permita resolver os problemas que motivan a segregación.

Artigo 32. Especialidades do expediente de segregación

1. No expediente instruído para o efecto deberán constar de forma clara todos os requisitos mencionados no artigo anterior, así como o proxecto de orzamentos de gastos e ingresos correntes, tanto do municipio ou municipios orixinarios coma do que se pretende constituír. No dito proxecto figurarán, de xeito especial, os ingresos previstos e mais os gastos precisos para o mantemento dos servizos mínimos.

2. Os promotores responderán, de xeito solidario, da veracidade e exactitude dos datos económicos que figuren na documentación achegada, constituíndo para estes efectos un aval polo importe do proxecto dos orzamentos presentados, de xeito que se garanta a responsabilidade fronte aos prexuízos que, de se acordar a segregación, puideran derivar das inexactitudes da devandita documentación. A vixencia deste aval deberá manterse durante os dez anos seguintes á creación do novo municipio.
3. Sen prexuízo do disposto na normativa xeral sobre o réxime de responsabilidade das administracións públicas, non lle corresponderán á Administración autonómica, respecto dos municipios afectados pola segregación, outras obrigas ou deberes de colaboración ou cooperación diferentes daqueles, que con carácter xeral, lle correspondan respecto da xeneralidade dos municipios galegos. Será por conta do/s novo/s municipio/s, e responsabilidade exclusiva dos mesmos, a asunción das cargas e obrigas económicas que se orixinen a partir da data do acordo de segregación, facéndose constar así no decreto que a aprobe.

Artigo 33. Repartición de bens, dereitos e obrigas

1. En todo procedemento de segregación municipal se garantirá a repartición equitativa e proporcionada de bens, dereitos, obrigas, recursos económicos e persoal entre o municipio ou municipios matrices e o novo municipio resultante da segregación.
2. A repartición realizarase preferentemente mediante acordo entre as corporacións locais afectadas atendendo aos principios de proporcionalidade, funcionalidade e continuidade na prestación dos servizos públicos, e tomando como referencia os criterios de poboación, superficie, localización territorial dos bens, uso efectivo e adscrición de persoal.
3. En caso de non existir acordo entre as partes, constituirase unha comisión de repartición, encargada de formular unha proposta vinculante de distribución. A citada comisión terá a seguinte composición:
 - a) Dous representantes designados por cada un dos municipios matrices.
 - b) Dous representantes designados pola comisión xestora ou polo órgano promotor da segregación.
 - c) Dous técnicos designados pola Administración autonómica, un con perfil xurídico e outro con perfil económico-financeiro.
 - d) Un representante da deputación provincial.
4. A comisión de repartición elaborará un informe técnico conxunto, que incluírá:
 - a) Inventario de bens inmoables e moables e de dereitos.
 - b) Relación do persoal afectado, con proposta de redistribución de acordo co servizo ou función desempeñada.

- c) Situación económico-financeira do municipio ou municipios matrices, con proposta de distribución proporcional de obrigas e dereitos pendentes.
 - d) Proposta de réxime transitorio de cooperación intermunicipal, se for o caso, para a prestación de servizos esenciais.
5. A proposta da comisión elevarase ás corporacións interesadas para a súa aprobación en pleno. En caso de persistir o desacordo, corresponderá á Xunta de Galicia ditar resolución definitiva mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de Administración local, con efectos vinculantes para as entidades locais involucradas.
6. Se for o caso, a resolución de repartición deberá asegurar a viabilidade institucional do novo municipio, a continuidade dos servizos públicos esenciais e a suficiencia financeira das distintas entidades locais. Poderase establecer un período transitorio para a execución material da repartición.

Subsección 3ª. Da segregación-agregación

Artigo 34. Segregación-agregación

1. Enténdese por segregación-agregación a operación consistente en separar parte dun termo municipal do seu ámbito territorial orixinario para agregalo a outro limítrofe.
2. A segregación de parte dun termo municipal poderá realizarse, para a súa agregación a outro concello limítrofe, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:
 - a) No caso de que exista confusión entre os seus núcleos urbanos como consecuencia do desenvolvemento urbanístico, sempre que o núcleo segregado non sexa capital do seu municipio.
 - b) Cando existan razóns coñecidas de necesidade ou conveniencia económico-administrativa que o aconsellen, e así se acredite no expediente
 - c) Cando os servizos públicos de prestación obrigatoria no núcleo poboacional que se vai segregar sexan prestados polo concello ao que se pretenda agregar.

Artigo 35. Consecuencias económicas da segregación-agregación

1. O municipio ao que se engade unha parte do termo municipal doutro deberá indemnizar economicamente a este nunha cantidade igual a dez veces o valor nese momento vixente das cantidades deixadas de percibir por impostos sobre bens inmoables e actividades económicas que se devindiquen no territorio a segregar. Esta valoración deberá figurar no expediente tramitado para o efecto.

Se a valoración se considera insuficiente con respecto ao beneficio que a parte do termo municipal que se segrega reporta ao municipio de orixe, a indemnización

será fixada polo Consello da Xunta, baixo proposta da persoa titular da consellería competente en materia de Administración local.

2. Se o municipio do que se segrega unha porción de territorio non acepta a sinalada valoración, o procedemento poderá continuar consignando o importe da mesma na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia.

Subsección 4ª. Do procedemento común de alteración de termos municipais

Artigo 36. Incoación do procedemento para alteración dos termos municipais

1. A alteración de termos municipais poderá ser iniciada ou ben de oficio pola consellería competente en materia de Administración local ou ben:
 - a) A instancia da deputación provincial respectiva.
 - b) A instancia de calquera dos municipios interesados.
 - c) A instancia veciñal, cando se trate de segregacións parciais.
2. En ningún caso procederá a incoación dun procedemento de alteración dos termos municipais se non transcorreron polo menos dez anos desde a desestimación por parte da Xunta de Galicia doutro substancialmente igual.

Artigo 37. Iniciación do procedemento a instancia dos municipios interesados

1. O expediente de alteración de termos municipais poderá ser tramitado, con carácter voluntario, polos municipios interesados. En tal caso, o expediente iniciárase polos acordos das respectivas corporacións, adoptados pola maioría esixida na normativa básica de réxime local.
2. Os acordos someteranse a información pública, por un prazo non inferior a un mes, mediante anuncio no boletín oficial da provincia e mais nas correspondentes sedes electrónicas municipais.
3. Rematado o período de información pública, os concellos adoptarán cadanseu un novo acordo, coa mesma maioría esixida para os acordos de iniciación, nos que decidirán sobre a alteración e, se for o caso, sobre as reclamacións presentadas.
4. Se os acordos resultaren favorables á alteración, o expediente elevarase á consellería competente en materia de Administración local.

Artigo 38. Iniciación do procedemento a instancia veciñal

1. As alteracións de termos municipais consistentes na segregación de parte dun termo municipal para a constitución dun municipio novo e independente ou na segregación de parte do termo dun municipio para agregalo a outro limítrofe poderán ser incoadas a instancia da veciñanza da parte ou partes que se van segregar.

Para o caso, requirirase o apoio de dous terzos dos veciños residentes que contan cunha residencia mínima de dez anos no territorio a segregar.

2. Constituirase unha comisión promotora por parte da veciñanza. Para o efecto, tódalas persoas interesadas deberán comparecer ante fedatario público para designar os membros da mesma.
3. A comisión promotora deberá incorporar ao expediente toda a documentación establecida na presente lei.
4. Unha vez completada a documentación pola comisión, a proposta elevarase aos concellos correspondentes, que logo de sometela a información pública por un prazo non inferior a un mes, adoptarán acordo sobre a mesma no prazo de dous meses.
5. Unha vez adoptados os acordos municipais e incorporada ao expediente a certificación dos mesmos, o concello beneficiario desta segregación elevará o dito expediente á consellería competente en materia de Administración local, aínda que o sentido dalgún ou de todos os acordos municipais non fora favorable á segregación.

Se transcorrido o prazo de dous meses a que se refire o punto anterior non se adoptase acordo municipal expreso, a comisión promotora elevará o expediente á consellería competente en materia de Administración local.

Artigo 39. Formación do expediente de alteración

1. Deberán incorporarse aos expedientes de alteración de termos municipais os seguintes documentos:
 - a) Cartografía na que se reflicta a delimitación existente nese momento dos termos municipais afectados, así como dos resultantes da proposta.
 - b) Informe no que se xustifique que concorren as motivacións necesarias para realizar a alteración proposta.
 - c) Informe económico no que se xustifique a posibilidade e oportunidade da modificación pretendida, con especial referencia ao cumprimento dos principios de suficiencia financeira e estabilidade orzamentaria.
 - d) Memoria xustificativa de que as alteracións non reducen a solvencia dos municipios afectados en prexuízo dos seus acredores, ou, se for o caso, acta notarial na que se acredite, mediante a comparecencia de dous terzos das persoas veciñas da porción ou porcións segregadas, que se comprometen no novo municipio a responder subsidiariamente respecto dos créditos que existan, agás das obrigas persoais de cada un daqueles.
2. Así mesmo, achegaranse as estipulacións legais e económicas que se propoñan, entre as que deberá figurar, cando proceda:

- a) A forma de liquidar as débedas ou créditos contraídos por cada municipio.
- b) As fórmulas de administración de bens e xestión de servizos.
- c) Calquera outra que lles resulte conveniente aos municipios afectados en canto ás obrigas, dereitos e intereses de cada un deles.

Artigo 40. Especialidades dos expedientes de fusión e incorporación de municipios

1. Cando nun municipio o establecemento ou a prestación dos servizos mínimos resulte imposible ou de moi difícil cumprimento, a consellería competente en materia de Administración local poderá incoar estes expedientes de alteración dos termos municipais, sempre que concorran simultaneamente as seguintes circunstancias nalgún dos municipios afectados.
 - a) Que incumprira os obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto durante os últimos cinco anos, situación e se acreditará no expediente mediante informe da consellería competente en materia de tutela financeira.
 - b) Que estea en situación de reto demográfico de conformidade co disposto no artigo 72.
 - c) Que o municipio fose dispensado da prestación dos servizos públicos de prestación obrigatoria e que transcorrido o prazo máximo de duración desta dispensa, incluída a prórroga, incumprira a súa obriga de optar por unha das fórmulas de xestión asociativas previstas nesta norma ou de incoar expediente de fusión ou incorporación de municipios.
2. Durante a tramitación dos devanditos expedientes de fusión ou incorporación, a deputación provincial correspondente subrogarase na prestación dos servizos mínimos necesarios.
3. Nos supostos enumerados neste artigo non será necesario acordo favorable do municipio ou municipios en que concorran as circunstancias enumeradas, sempre e cando conste no expediente a aprobación dos demais concellos afectados por estes expedientes de alteración municipal.

Artigo 41. Especialidades do expediente de segregación

1. Nos supostos de segregación de parte dun ou de varios termos municipais para constituír un novo municipio incorporaranse ao expediente, ademais dos documentos a que se refire o artigo 39, os seguintes:
 - a) Informe demostrativo de que nin o novo municipio nin o orixinario ou orixenarios carecerá dos medios precisos para o cumprimento dos seus fins.
 - b) Proxecto de repartición de bens, aproveitamentos, usos públicos, créditos e todos os demais dereitos e obrigas, entre os municipios afectados, así como as

bases que se establezan para posteriormente resolver calquera outra cuestión que non for posible dilucidar.

- c) Certificación, expedida pola persoa titular da secretaría, do municipio ou municipios obxecto de segregación, dos bens, dereitos, usos e aproveitamentos comunais do dito municipio ou municipios obxecto da segregación, así como dos que correspondan exclusivamente á veciñanza da parte ou partes que se pretenda segregar.
 - d) Certificación da persoa titular da secretaria do municipio ou municipios obxecto de segregación sobre o número de electores, habitantes e persoas veciñas do dito municipio ou municipios afectados e da parte ou partes que se pretenden segregar.
2. Nos supostos de segregación de parte dun termo municipal iniciada á instancia veciñal acreditarase que as persoas asinantes figuran como veciñas/os no padrón municipal, mediante certificación da persoa titular da secretaría do concello estendida ao remate das sinaturas dos que subscriban a solicitude, sinaturas que deberán ser autenticadas notarialmente.

Artigo 42. Trámite de informe e audiencia

- 1. Na tramitación dos expedientes de alteración de termos municipais solicitarase informe da consellería titular da competencia en materia de tutela financeira.
- 2. Tramitado o expediente, e para os efectos de emisión do informe que coiden oportuno, darase audiencia no prazo dun mes a:
 - a) Os municipios e demais entidades locais interesadas, cando a iniciación fose decretada de oficio pola consellería competente en materia de Administración local ou á instancia dalgún dos municipios interesados ou da deputación provincial respectiva.
 - b) A deputación provincial, no caso de que as alteracións de termos municipais fosen tramitadas, con carácter voluntario, polos municipios interesados ou promovidas polas/os veciñas/os residentes na parte ou partes que se pretenda segregar, ou pola Xunta de Galicia.

Artigo 43. Proposta de resolución

- 1. Recibidos os informes a que se refire o artigo anterior, ou transcorrido o prazo dun mes sen que sexan emitidos, a consellería competente en materia de Administración local elevará o expediente á Comisión de Delimitación Territorial de Galicia para que emita o correspondente informe e elaborará proposta de resolución. Para estes efectos, a devandita consellería poderalles solicitar a todas as administracións públicas que considere precisas cantos datos estime necesarios coa finalidade de dispor dos elementos obxectivos suficientes para a elaboración da proposta de resolución.

2. O informe e proposta de resolución a que se refire o apartado anterior seránlle remitidos, xunto co expediente, pola consellería competente en materia de Administración local ao Consello Consultivo de Galicia, para o seu ditame.

Artigo 44. Resolución do procedemento

1. A resolución do procedemento, no caso de ser favorable, farase por decreto do Consello da Xunta a proposta da persoa titular da consellería competente en materia de Administración local, do cal se lle dará traslado á Administración xeral do Estado para os efectos previstos na normativa básica en materia de réxime local.
2. As resolucións definitivas favorables dos expedientes de alteración de termos municipais deberán conter:
 - a) Nome do novo municipio .
 - b) Núcleo en que radicará a capitalidade.
 - c) Novos límites dos termos municipais afectados.
 - d) Poboación e núcleos dos termos municipais afectados.
 - e) Aprobación das estipulacións xurídicas e económicas acordadas.
3. A resolución publicárase no *Diario Oficial de Galicia*, no boletín oficial da provincia correspondente e mais no *Boletín Oficial del Estado*.

Artigo 45. Composición das novas corporacións

Nos casos de creación de novos municipios ou de alteración de termos municipais durante o período que medie entre eleccións municipais, observaranse as seguintes normas:

- a) No caso da fusión de dous ou máis municipios limítrofes, cesarán os membros de todas as corporacións municipais afectadas e a consellería competente en materia de Administración local designará unha comisión xestora integrada por un número de vogais xestores igual ao que correspondería de concelleiras/os segundo a poboación total resultante do novo municipio.

A designación farase seguindo os mesmos criterios de repartición utilizados para as eleccións municipais segundo os resultados que se produciran nestas no conxunto dos municipios afectados.

- b) Nos supostos de incorporación dun ou máis municipios a outro limítrofe, cesarán os membros das corporacións dos municipios incorporados. Se como consecuencia da incorporación lle corresponde ao municipio resultante un maior número legal de concelleiras/os de conformidade co disposto na lexislación electoral, a diferenza será cuberta por vogais xestores designados pola consellería competente en materia de Administración local de entre os membros cesados das corporacións. A designación farase seguindo os mesmos

criterios que se utilizaron para as eleccións municipais, repartindo o número de concelleiras/os en que resulte incrementada a nova corporación entre as candidaturas segundo os resultados que obtiveran no conxunto dos municipios que se incorporan.

- c) Cando se trate da creación dun novo municipio pola segregación de parte dun ou de varios municipios, ou da segregación de parte dun municipio para agregalo a outro, aquel do que se segregue a porción de territorio permanecerá co mesmo número de concelleiras/os que tiña. O novo municipio procedente da segregación será rexido e administrado por unha comisión xestora designada pola consellería competente en materia de Administración local de acordo cos resultados das eleccións municipais na mesa ou mesas correspondentes ao territorio segregado.
- d) Se como consecuencia da agregación lle corresponde ao municipio que recibiu a porción segregada un maior número de concelleiras/os, a diferenza será cuberta por vogais xestores designados pola consellería competente en materia de Administración local de acordo cos resultados das eleccións municipais na mesa ou mesas correspondentes ao territorio segregado.

Artigo 46. Estatuto das persoas integrantes da comisión xestora.

As persoas titulares da presidencia e vogalías das comisións xestoras citadas no artigo precedente terán os mesmos dereitos e obrigas ca os establecidos na lexislación de réxime local para as persoas titulares da alcaldía e concelleiras/os, respectivamente.

Sección 3ª. Da demarcación, deslinde e amolloamento

Artigo 47. Facultades de demarcación, deslinde e amolloamento

1. Os concellos terán a facultade de promover a demarcación, o deslinde e o amolloamento dos seus termos municipais.
2. Enténdese por demarcación a operación consistente na fixación, a unha entidade local, do termo municipal que lle corresponde, ou na corrección do fixado.
3. Enténdese por deslinde a operación consistente na identificación dos límites determinantes do ámbito territorial de dúas ou máis entidades locais limítrofes no caso de existir confusión entre eles.
4. Enténdese por amolloamento a operación consistente na colocación de fitos ou marcos cos que se sinale ou faga perceptible a liña divisoria entre os termos municipais pertencentes a dúas ou máis entidades locais limítrofes. Esta operación realizarase de acordo coas correspondentes coordenadas GMS.

Artigo 48. Conflitos intermunicipais

1. Os conflitos que poidan xurdir entre municipios en relación coa demarcación e co deslinde dos seus termos serán resoltos polo Consello da Xunta, baixo proposta da persoa titular da consellería competente en materia de Administración local e logo do informe da Comisión Galega de Delimitación Territorial.
2. Os expedientes e as pretensións que deles deriven referiranse unicamente a cuestións de índole administrativa. Neste senso, e antes de comezar a tramitación do oportuno expediente, a consellería competente en materia de Administración local procederá ao estudo do mesmo e da solicitude presentada, e a resolverá motivadamente, logo de audiencia dos interesados, sobre o arquivamento do expediente e a conseguinte non iniciación do procedemento se entende que a cuestión sobre a que se formula o conflito de lindes lle corresponde revolvela á xurisdición civil, por revestir tal carácter.
3. Cando se pretenda a substitución dun deslinde xa trazado por outro anterior, os promotores da recuperación deste último deberán acreditar, de xeito indubitado, a nulidade do deslinde do que se pretende a variación, debendo ao comezo do procedemento depositar un aval equivalente ao triplo do valor catastral do terreo en discusión, co cal responderán dos gastos que se poidan ocasionar durante a tramitación do expediente. A súa contía será calculada e liquidada de oficio pola Administración autonómica.

Artigo 49. Procedemento de demarcación, deslinde e amolloamento

1. Para a demarcación, o deslinde e o amolloamento dos termos municipais, os concellos aos que afecte a liña divisoria nomearán cadansúa comisión composta pola persoa titular da alcaldía e tres concelleiras/os, os cales, xunto coa persoa titular da secretaría da corporación e co perito que designe cada concello, verificarán a operación de que se trate.
2. Unicamente asistirán ao acto, por cada municipio, ademais dos membros da citada comisión, dúas persoas que pola súa idade e acreditado xuízo poidan xustificar o sitio en que estiveron os marcos ou sinais divisorios e mais as/os propietarias/os dos terreos afectados.
3. A duración máxima do procedemento será de doce meses. En caso de non se ditar resolución expresa no prazo indicado, o sentido do silencio será negativo.

Artigo 50. Conformidade cos límites existentes

Cando os concellos interesados estean conformes cos límites nese momento existentes, non procederá nova fixación, agás en casos excepcionais en que documentalmente se xustifiquen erros materiais ou vicios de procedemento na delimitación anterior.

Artigo 51. Procedemento de resolución de diverxencias

1. Cando existan diverxencias entre os concellos implicados en canto á maneira de apreciar o sitio por onde debe pasar a liña divisoria ou no que se deben colocar os fitos ou marcos, cada comisión levantará acta por separado. Nela faranse constar todos os datos, antecedentes e detalles que se estimen precisos para xustificar a súa apreciación. Con esta actuación daranse por rematadas as actuacións previas.
2. As persoas titulares das alcaldías respectivas remitirán as actas, con todos os demais antecedentes, á consellería competente en materia de Administración local, que lle enviará o devandito expediente ao Instituto Xeográfico Nacional. Este deberá designar o persoal técnico que deba presentarse sobre o terreo en unión das comisións sinaladas e dun representante da referida consellería, a fin de elaborar informe acerca do deslinde dos termos municipais, á vista e de conformidade cos documentos presentados, establecendo a súa demarcación definitiva e os puntos onde se deben situar os correspondentes marcos.
3. Recibido o informe do Instituto Xeográfico Nacional, remitirase o expediente a informe da Comisión Galega de Delimitación Territorial e da deputación provincial respectiva, e será resolto polo Consello da Xunta, a proposta da persoa titular da consellería competente en materia de Administración local, logo do ditame do Consello Consultivo de Galicia.
4. Da fixación da correspondente liña límite daráselle coñecemento á Administración xeral do Estado con obxecto da súa inscrición no Rexistro Estatal de Entidades Locais, aínda que tamén se deberá inscribir no rexistro autonómico.

Artigo 52. Deslinde interprovincial

Cando os deslindes afecten aos límites das provincias, cada unha das deputacións provinciais interesadas terá dereito a se integrar nas comisións previstas no artigo 49 desta Lei cunha representación igual á de cada concello.

Artigo 53. Incomparecencia dos concellos

Nos expedientes de sinalización da liña de deslinde, a incomparecencia da representación dalgún dos concellos, sempre que fose convocado de forma fidedigna, nas operacións de campo que se deban realizar levará implícito o decaemento do seu dereito a impugnar a liña que se fixe con presenza do concello ou concellos comparecentes.

Artigo 54. Competencia no suposto de segregación

A determinación dos límites dos novos municipios constituídos pola segregación de parte do termo dun ou de varios municipios corresponderalle ao Consello da Xunta.

Sección 4ª. Capitalidade e denominación do municipio

Artigo 55. Concepto de capitalidade

Enténdese por capitalidade dos municipios a sede daqueles núcleos de poboación en que as ditas entidades teñan radicados os seus órganos de goberno e administración de forma permanente, e así veña especificado nas correspondentes inscricións existentes nos rexistros oficiais, estatal e autonómico, de entidades locais.

Artigo 56. Causas da alteración da capitalidade

O cambio de capitalidade terá que se fundar nalgunha das seguintes circunstancias:

- a) Desaparición do núcleo urbano onde estivera establecida.
- b) Maior accesibilidade do núcleo de poboación proposto.
- c) Razóns de índole histórica.
- d) Maior número de persoas veciñas con residencia habitual no núcleo proposto.
- e) Razóns económicas ou beneficios notorios que reporte este cambio ás persoas residentes no termo municipal.

Artigo 57. Cambio de denominación dos municipios

Nos expedientes de cambio de denominación dos municipios teranse en conta as seguintes regras:

- a) A denominación proposta non poderá ser idéntica a outra existente no territorio nacional nin inducir a erro na organización dos servizos públicos.
- b) A denominación proposta será axeitada á toponimia galega e a súa normativa.
- c) A denominación proposta deberá ser compatible cos principios e valores constitucionais e non implicar lesión aos dereitos fundamentais.

Artigo 58. Procedemento para a alteración da capitalidade ou denominación dos municipios

1. O procedemento de alteración da capitalidade ou denominación dos municipios require o acordo, pola maioría esixida na normativa básica de réxime local, dos municipios afectados.
2. O expediente someterase a información pública, polo prazo dun mes, mediante a inserción de anuncio no boletín oficial da provincia e mais na sede electrónica do municipio.
3. Resoltas, se for o caso, as reclamacións presentadas, elevaráselle o expediente, coa proposta da persoa titular da consellería competente en materia de Administración local, ao Consello da Xunta para a súa resolución por decreto, logo de informe da deputación provincial respectiva, da Comisión Galega de

Delimitación Territorial, no caso de cambio de capitalidade, ou da Comisión Galega de Toponimia, de se tratar dun cambio de denominación.

4. Ningunha entidade local de Galicia poderá empregar unha denominación que non fose aprobada polo Consello da Xunta.
5. Os cambios de denominación e capitalidade dos municipios serán inscritos no Rexistro de Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.
6. Daráselle conta destes cambios á Administración do Estado, co obxecto da súa anotación no Rexistro de Entidades Locais e da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Sección 5ª. Da Comisión Galega de Delimitación Territorial

Artigo 59. Organización e funcionamento

1. A Comisión Galega de Delimitación Territorial é o órgano de estudo, consulta e proposta en relación coas materias que afecten á determinación, revisión e modificación dos límites territoriais das entidades locais de Galicia, en particular con aquelas respecto das que, en materia de estrutura territorial, deba entender a Xunta de Galicia no exercicio das súas competencias estatutarias.
2. Son funcións desta comisión:
 - a) Emitir informes sobre os expedientes de alteración de límites municipais.
 - b) Emitir informe sobre os expedientes de modificación de capitalidade.
 - c) Elaborar, a instancia do Consello da Xunta, os estudos e propostas de revisión para proceder á aplicación do disposto no artigo 30 desta lei.
 - d) Exercer as demais que lle atribúan as leis.

Artigo 60. Composición

1. Regulamentariamente determinase a composición, estrutura orgánica e funcionamento da Comisión de Delimitación Territorial de Galicia. En todo caso deberán formar parte dela representantes da Administración autonómica e das entidades locais designados polas súas entidades asociativas máis representativas da forma máis adecuada para garantir unha presenza substancialmente proporcional aos resultados das últimas eleccións municipais.
2. Tamén poden formar parte representantes de institucións públicas e privadas que, en virtude dos seus fins e obxectivos, teñan especial relación ou incidencia na ordenación territorial de Galicia.

CAPÍTULO II. A poboación

Artigo 61. Estatuto da veciñanza

O estatuto da veciñanza está formado polos dereitos, deberes e responsabilidades das persoas veciñas dos municipios de Galicia recollidos neste capítulo.

Artigo 62. Dereitos das persoas veciñas dun municipio

1. Son dereitos das persoas veciñas os seguintes:

- a) Dispoñer dunha administración eficaz, transparente, obxectiva e participativa.
- b) Ser elector e elixible de acordo co disposto na lexislación electoral.
- c) Participar na identificación, elaboración, xestión e avaliación de políticas públicas locais, así como nos asuntos públicos, de acordo co disposto nas leis, nos regulamentos orgánicos municipais, nos regulamentos orgánicos de participación cidadá e demais instrumentos municipais.
- d) Gozar dun medio ambiente e dun espazo público urbano axeitado e sostible.
- e) Dispor de contornas accesibles que non supoñan barreiras nin restricións ao tránsito e á participación das persoas con discapacidade.
- f) Acceder de maneira efectiva, e en-réxime de igualdade, aos servizos públicos en condicións de calidade, continuidade, proximidade, accesibilidade universal e sostibilidade.
- g) Recibir información acerca dos riscos, de carácter natural ou tecnolóxico, que poidan afectar ao ámbito municipal, así como, se for o caso, dos plans municipais de protección civil.
- h) Acceder á información pública nos termos previstos na normativa de transparencia.
- i) Ser atendidos no exercicio dos seus dereitos por medios presenciais e dixitais accesibles, con plena garantía de igualdade, non discriminación e trato digno.
- j) Acceder á cultura, á lingua e ao resto de bens materiais e inmateriais do patrimonio cultural.
- k) Empregar o galego ou o castelán e ser atendido no idioma de elección nas relacións coa Administración local de acordo co disposto nesta lei.
- l) Colaborar coa Administración municipal a través das canles establecidas legalmente, incluíndo órganos de participación, procesos de consulta pública ou orzamentos participativos.
- m) A igualdade de trato entre homes e mulleres, así como a non discriminación por razón de sexo ou por calquera outra circunstancia, por parte da Administración municipal e dos seus entes instrumentais vinculados ou dependentes.

- n) A garantía dos dereitos fundamentais de todas as persoas, e en especial das persoas ou grupos de persoas vulnerables ou que sufran discriminación, por parte da Administración municipal e dos seus entes instrumentais vinculados ou dependentes.
 - o) Formular peticións, queixas, suxestións e reclamacións ante os órganos municipais, e recibir resposta en prazo razoable.
 - p) Aqueles outros dereitos establecidos na normativa ou, se for o caso, nas ordenanzas e regulamentos municipais.
2. A administración municipal velará polo efectivo exercicio destes dereitos e adoptará as medidas necesarias para a súa difusión, protección e garantía, especialmente no caso de persoas en situación de vulnerabilidade ou con risco de exclusión.

Artigo 63. Deberes e responsabilidades das persoas veciñas dun municipio

1. Son deberes e responsabilidades das persoas veciñas dun municipio, sen prexuízo do establecido noutras normas de aplicación, os seguintes:
- a) Cumprir coa normativa local e colaborar na súa aplicación.
 - b) Contribuír mediante as prestacións económicas que se establezan legalmente ou por medio de ordenanzas municipais coa finalidade de que se poidan facer efectivas as competencias municipais.
 - c) Comunicarlle ao concello calquera variación das circunstancias persoais que supoña unha modificación daqueles datos que deban figurar no padrón municipal de acordo coa normativa que sexa de aplicación.
 - d) Colaborar en situacións de emerxencia ou catástrofe conforme as indicacións das autoridades locais competentes.
 - e) Facer un uso racional e axeitado do patrimonio, infraestruturas e servizos municipais, así como do mobiliario urbano.
 - f) Cooperar co concello na mellora da convivencia, da cohesión social e da sostibilidade da contorna urbana ou rural.
 - g) Exercer os seus dereitos respectando os dereitos dos demais e o interese xeral da comunidade veciñal.
 - h) Preservar e contribuír á mellora do medio ambiente, do espazo público e da paisaxe urbana mediante comportamentos ecolóxicos e sostibles.
 - i) Calquera outros previstos na normativa, e en particular nas ordenanzas municipais que regulen os usos dos espazos públicos ou as relacións de convivencia entre a veciñanza.

2. Os concellos fomentarán o cumprimento dos deberes cívicos enumerados mediante as oportunas campañas de información, concienciación e participación cidadá.

CAPÍTULO III. Competencias e servizos municipais

Sección 1ª. Competencias propias

Artigo 64. Principios xerais

1. A dirección política e de goberno dos municipios desenvolverase de acordo cos principios de autonomía local, autonomía e suficiencia financeira, eficacia, eficiencia, transparencia e rendición de contas.
2. Os municipios poderán exercer facultades de ordenación, promoción e xestión para a formulación e posta en marcha de políticas propias sobre todos aqueles asuntos públicos que afecten ás persoas veciñas, incidan directa ou indirectamente sobre os intereses municipais ou afecten ao seu territorio, sempre que non se produza unha atribución simultánea da mesma competencia ou facultade a outra Administración pública.

Enténdense por facultades de ordenación a aprobación de disposicións normativas de carácter xeral por parte do pleno sobre unha materia concreta.

Enténdese por facultades de promoción as medidas ou accións dirixidas a incentivar economicamente un sector ou ámbito da actividade pública ou privada que teñan utilidade social e sexan favorecedoras do crecemento económico do municipio.

Enténdense por facultades de xestión a aplicación da normativa vixente a través de actos administrativos ou resolucións que permitan aplicar o ordenamento xurídico a persoas ou situacións concretas.

Artigo 65. Competencias propias dos municipios

O municipio exercerá, en réxime de autonomía e baixo a responsabilidade dos órganos de goberno do concello, ademais das competencias propias contidas na normativa básica de réxime local, e de conformidade coa normativa sectorial, as seguintes:

- a) A ordenación e xestión da convivencia nos espazos públicos do municipio, así como a actuación de forma coordinada, a través das xuntas locais de seguridade e xuntas locais de protección civil en materia de seguridade, co resto das forzas e corpos de seguridade, con especial atención ás actividades organizadas en lugares e establecementos de pública concorrencia.
- b) A planificación, promoción, programación e xestión de vivendas de protección pública, e de conservación e rehabilitación da edificación.

- c) A ordenación, planificación e xestión de infraestruturas, equipamentos e instalacións de titularidade pública, garantindo unha adecuada conservación e mantemento dos bens de titularidade municipal existentes.
- d) A ordenación, promoción e xestión dunha mobilidade sostible do municipio, garantindo a seguridade viaria e a implantación do transporte colectivo urbano de viaxeiros, e cunha especial atención á accesibilidade de persoas, animais e vehículos, sexan ou non de motor.
- e) A ordenación, xestión e control dos servizos do ciclo integral da auga de uso urbano, garantindo un acceso universal e equitativo á auga potable, o tratamento das augas residuais e a súa reutilización, así como tamén a prestación do servizo de rede de sumidoiros, incluíndo o control dos vertidos ás redes.
- f) A ordenación, xestión, defensa e protección do medio ambiente e dun desenvolvemento sostible, a conservación ordinaria dos leitos fluviais, así como a protección acústica, luminosa e atmosférica nos tramos urbanos.
- g) A ordenación, xestión, prestación e control dos servizos de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos do municipio, con especial incidencia na planificación, vixilancia, inspección, programación e disciplina da redución da produción dos residuos.
- h) A ordenación e xestión dun alumado público eficiente, co uso dunha enerxía accesible, segura, sostible e moderna.
- i) A policía local, a ordenación do tráfico, a seguridade viaria, o estacionamento de vehículos, a protección civil, a prevención e extinción de incendios urbanos, o salvamento e seguridade e mais a limpeza, hixiene e salubridade nas praias e lugares públicos de baño.
- k) A conservación do patrimonio histórico municipal e a elaboración e aprobación de plans especiais de protección e de catálogos que preserven o patrimonio e garantan o seu mantemento.
- l) A ordenación, promoción e xestión de accións que fomenten a dinamización empresarial e económica do municipio.
- m) A ordenación, promoción e xestión do turismo local.
- n) A promoción do desenvolvemento da defensa e protección de persoas usuarias e consumidoras.
- o) A ordenación, promoción e xestión dos mercados, abastos, feiras, lonxas e comercio ambulante.
- p) O desenvolvemento local económico e social do municipio
- q) A execución de programas municipais e a xestión de accións tendentes a diminuír a desigualdade de xénero, ou calquera forma de discriminación contra as mulleres

e nenas, e a promover accións que teñan como finalidade eliminar toda forma de violencia contra a muller no ámbito público e privado.

- r) A execución de programas municipais destinados á infancia, xuventude e terceira idade, promovendo accións que redunden na conciliación da vida laboral e familiar.
- s) A ordenación e xestión en materia de animais de compañía e potencialmente perigosos, así como a recollida de animais domésticos abandonados dentro do termo municipal.
- t) A ordenación e promoción do deporte e das actividades deportivas e a xestión de equipamentos deportivos de uso público.
- u) A ordenación e promoción da cultura e de actividades culturais e a xestión de equipamentos culturais de uso público.
- v) A ordenación, planificación e xestión, así como o control sanitario, de cemiterios e servizos funerarios.
- w) A ordenación e xestión de estruturas de participación cidadá, a transparencia, o bo goberno e o acceso ás novas tecnoloxías.
- x) A administración electrónica, a racionalización e a simplificación de procedementos. En particular, a promoción no termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións.
- y) A cooperación coa Administración educativa na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.
- z) As demais recollidas nas leis da Comunidade Autónoma de Galicia ou na normativa sectorial de aplicación.

Sección 2ª. Servizos municipais

Artigo 66. Dispensa da prestación dos servizos mínimos

1. Os municipios deberán prestar os servizos establecidos como mínimos na normativa básica de réxime local, agás no caso dispensa.
2. Se o establecemento ou a prestación dos servizos mínimos resultaren imposibles ou de moi difícil cumprimento, en aplicación do principio de subsidiariedade os municipios poderán solicitar da Administración autonómica a dispensa da obriga de prestalos.
3. A tramitación do expediente de dispensa axustarase ás seguintes prescricións:

- a) Debe constar memoria da alcaldía xustificativa da imposibilidade ou dificultade de prestación do servizo.
- b) Acordo do pleno da corporación, adoptado por maioría absoluta, solicitando a dispensa.
- c) Informe da deputación provincial correspondente.
- d) Informe da dirección xeral competente en materia de Administración local.
- e) Proposta de resolución da consellería competente en materia de Administración local.
- f) Resolución do Consello da Xunta na que se determinará:
 - 1º As contribucións económicas municipais para cubrir a totalidade do custo do servizo, cando a dispensa sexa debida a causas técnicas, ou para cubrir o custo parcialmente, cando sexa debida a razóns de natureza económica.
 - 2º A duración da dispensa.

Artigo 67. Excepción á tramitación do expediente de dispensa

1. Non será necesaria a instrución do expediente de dispensa de prestación de servizos mínimos cando concorran algún dos seguintes supostos:
 - a) Naqueles casos de municipios que, pola insuficiente capacidade financeira, pola especial estrutura do territorio e dos asentamentos da poboación ou por outras causas técnicas, non poidan prestar axeitada ou eficientemente os servizos mínimos da súa competencia.
 - b) Naqueles casos de municipios nos cales as partidas orzamentarias para retribuír as funcións públicas necesarias constitúan máis do cincuenta por cento do seu orzamento.
2. Corresponderalle á deputación provincial correspondente, en relación cos municipios a que se refire o apartado 1 deste artigo, asegurar a axeitada prestación dos servizos mínimos que o requiran, así como, se for o caso, exercer as funcións públicas precisas.

Poderanse articular os medios técnicos e económicos precisos para garantir a cooperación da Administración autonómica coa provincial ou a axeitada prestación dos servizos mínimos que o requiran.
3. A aplicación do establecido no parágrafo anterior requirirá a aprobación do Consello da Xunta, baixo proposta da correspondente deputación provincial, sempre que non conte coa oposición do municipio interesado no trámite de consulta previa que se lle outorgue.

Artigo 68. Duración da dispensa

1. A dispensa da prestación de servizos mínimos terá en todo caso carácter provisional, cunha duración máxima de cinco anos, prorrogable por unha soa vez polo mesmo prazo.

A prórroga será autorizada polo Consello da Xunta, precedendo solicitude de prórroga por parte do municipio e informe da deputación provincial sobre a persistencia das circunstancias que motivaron a concesión inicial.

2. Antes de que expire o prazo máximo da dispensa, incluída a prórroga, o concello deberá optar por unha das fórmulas de xestión asociativas previstas nesta norma ou incoar expediente de fusión ou incorporación de municipios. En caso de non o facer, este expediente será incoado de oficio pola Xunta de Galicia ou á instancia da deputación provincial correspondente.

Durante a tramitación do devandito expediente de fusión ou incorporación, a deputación provincial subrogarase na prestación dos servizos mínimos necesarios.

CAPÍTULO IV. Réximes municipais especiais

Sección 1ª. Réxime da capital de Galicia e dos municipios de gran poboación

Artigo 69. Réximes municipais especiais

1. Mediante lei autonómica poderase establecer un réxime xurídico específico dos municipios cuxas especiais características turísticas, histórico-artísticas, industriais, rurais ou outras fagan aconsellable.
2. A Xunta de Galicia poderá adoptar con carácter xeral, e sen prexuízo das previsións específicas que establezan as propias leis sectoriais, medidas especiais de fomento e colaboración para a mellor consecución dos obxectivos tidos en conta á hora de outorgar a un municipio un réxime municipal especial.

Artigo 70. O municipio de Santiago de Compostela

O municipio de Santiago de Compostela ten, por atribución legal específica, a condición de capital de Galicia e goza, en consecuencia, do réxime xurídico previsto para o efecto na lei reguladora do estatuto da capitalidade de Galicia.

Artigo 71. Municipios de gran poboación

1. De acordo coa normativa básica de réxime local, seralles de aplicación aos municipios da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo o réxime de organización dos municipios de gran poboación regulado no título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por entender que concorren as circunstancias de carácter obxectivo nela esixidos.

2. Na súa organización e funcionamento, os municipios de gran poboación rexeranse polo disposto na normativa básica e mais nas normas municipais de organización e funcionamento, agás naqueles aspectos da presente lei que lles sexan de aplicación.
3. Aplícase a estes concellos a regulación dos órganos competentes para a resolución de recursos en materia de contratación, regulados no artigo 90.

Sección 2ª. Réxime especial dos municipios en situación de reto demográfico.

Artigo 72. Ámbito de aplicación

1. As normas previstas neste capítulo serán de aplicación aos municipios en situación de reto demográfico, entendéndose por tales aqueles nos que concorran as seguintes circunstancias:
 - a) Unha poboación inferior a 5.000 habitantes segundo as cifras oficiais de poboación.
 - b) Un crecemento vexetativo por cada 1.000 habitantes inferior ao -10 %.
 - c) Unha taxa de variación da poboación, nos últimos cinco anos, negativa.
 - d) Unha densidade de poboación inferior ou igual a 20 habitantes por km² segundo as cifras oficiais de poboación a un de xaneiro do ano anterior.
2. A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Estatística, publicará e actualizará, anualmente, a listaxe de municipios en situación de reto demográfico.

Artigo 73. Delegación de funcións e encargos de xestión

1. Os municipios en situación de reto demográfico poden encargar a tramitación dos expedientes en materia de ordenación territorial e urbanismo, contratación e recursos humanos ás administracións públicas ou entes supramunicipais aos que pertencen e ás deputacións provinciais. A efectividade do encargo de xestión require a aprobación correspondente do pleno do municipio en situación de reto demográfico e do pleno do ente local que o asume.
2. O encargo de xestión formalízase mediante convenio asinado entre as administracións públicas interesadas, que publicarse no boletín oficial da provincia correspondente. O convenio debe incluír, como mínimo, a actividade obxecto do encargo, a súa vixencia e as instrucións para a súa correcta execución.
3. A delegación de funcións dos municipios en situación de reto demográfico non pode afectar en ningún caso á adopción de acordos por parte dos órganos de goberno municipal.

Artigo 74. Asistencia provincial aos municipios en situación de reto demográfico

1. Co fin de corrixir os desequilibrios demográficos no ámbito territorial dos municipios en situación de reto demográfico, as deputacións provinciais orientarán as súas políticas cara á consecución dese obxectivo mediante a garantía dos servizos públicos de competencia municipal e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.
2. As deputacións provinciais atenderán con carácter prioritario as solicitudes de cooperación e asistencia presentadas por estes concellos, garantindo en todo caso a prestación dos servizos mínimos nestes territorios.
3. Os plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e as liñas de subvención provinciais priorizarán os municipios en situación de reto demográfico.

Artigo 75. Asistencia autonómica aos municipios en situación de reto demográfico

1. A Xunta de Galicia fomentará, a través de plans de actuacións específicos, o asentamento poboacional e a actividade económica nestes municipios, especialmente a través de medidas de dixitalización, vivenda, mobilidade e emprendemento rural, incentivando a atracción de novos residentes mediante proxectos de innovación social.
2. Promoverase a transición ecolóxica e o aproveitamento sostible de recursos locais destes municipios.
3. A repartición anual entre os concellos galegos do denominado Fondo Incondicionado Xeral regulado no artigo 208 da presente lei realizarase aplicando, entre outras, a variable de reto demográfico nos termos sinalados no citado precepto.
4. A Administración autonómica e as entidades instrumentais do sector público autonómico con competencias no ámbito local levarán a cabo un proceso de revisión normativa co fin de simplificar os trámites administrativos e eliminar as cargas burocráticas innecesarias que faciliten o desenvolvemento de iniciativas públicas e privadas nestes municipios.
5. As liñas de axuda que teñan como destinatarios os municipios priorizarán aos municipios en situación de reto demográfico.

Artigo 76. Especialidades en materia de persoal nos municipios en situación de reto demográfico

Os municipios en situación de reto demográfico poderán establecer, nos seus orzamentos, un complemento específico destinado a compensar as especiais

condicións territoriais de prestación do servizo. Este complemento poderá modularse atendendo á residencia efectiva no termo municipal.

TÍTULO III. Organización dos municipios

Artigo 77. Principios xerais

1. A organización e funcionamento dos municipios galegos rexerase pola normativa básica de réxime local e polas especialidades reguladas nesta lei, así como polos regulamentos orgánicos que no exercicio da súa potestade regulamentaria e de autoorganización poidan aprobar.
2. A estrutura e o funcionamento do goberno e da Administración municipal rexeranse polos principios de eficacia no cumprimento dos fins públicos, de eficiencia e economía na xestión dos recursos, de flexibilidade organizativa e adaptación ao cambio, de coordinación interadministrativa e interdepartamental, de desconcentración funcional e de proximidade á cidadanía, así como tamén polos de transparencia, participación cidadá e calidade na prestación dos servizos públicos. Estes principios informarán a creación, a estrutura interna e o modo de actuación de todos os órganos e unidades municipais.
3. Todos os grupos políticos con representación no pleno terán dereito a participar nos órganos complementarios mediante a presenza das/os suas/seus concelleiras/os nos ditos órganos, en similar proporción, no caso de que non poida ser idéntica, ca no pleno. Cando pola composición do concello non sexa posible conseguir a dita proporcionalidade, poderase optar ou ben por repartir a representación de modo que a formación de maiorías sexa a mesma ca no pleno, ou ben por constituír estes órganos complementarios cun número de membros igual para cada grupo e aplicar, para a adopción de acordos, o sistema do voto ponderado.

CAPÍTULO I. A alcaldía

Artigo 78. Competencias da alcaldía

Correspóndenlle á persoa titular da alcaldía, ademais das competencias atribuídas pola normativa básica de réxime local e sen prexuízo das atribuídas expresamente ao pleno ou a outros órganos pola normativa básica ou sectorial aplicable, as seguintes:

- a) A aprobación de plans e programas de vixencia anual.
- b) A aprobación de convenios.
- c) As necesarias para o cumprimento das obrigas municipais en materia de transparencia e bo goberno.
- d) As necesarias para o cumprimento das obrigas municipais en materia de administración electrónica.

Artigo 79. Delegacións da persoa titular da alcaldía

1. A persoa titular da alcaldía, naqueles supostos establecidos na normativa básica de réxime local e de réxime xurídico das administracións públicas, poderá delegar as súas competencias na xunta de goberno local, nas persoas titulares das vicealcaldías ou tenencias da alcaldía e nas/os concelleiras/os.
2. As delegacións poderán ser de competencia ou de sinatura.
3. A delegación deberase formalizar por escrito mediante decreto da alcaldía no que se especifiquen con claridade as competencias delegadas, a duración e alcance da delegación, o órgano ou persoa destinatarios e, se for o caso, as condicións específicas para o seu exercicio.
4. As delegacións poderán ser revogadas en calquera momento pola persoa titular da alcaldía mediante o mesmo procedemento previsto para o seu outorgamento, producindo efectos desde que se dite o decreto de revogación.
5. Os actos ditados por delegación adoptarán a forma de decreto no que se sinalará expresamente a dita circunstancia.

CAPÍTULO II. Vicealcaldías e tenencias de alcaldía

Artigo 80. Vicealcaldías e tenencias de alcaldía

1. Os municipios de máis de 30.000 habitantes, en uso das súas potestades de autoorganización, poderán crear nas súas estruturas de goberno a figura da vicealcaldía, que actuará como a do primeiro tenente de alcaldía prevista na normativa básica de réxime local, sen que poida haber máis dunha persoa titular da vicealcaldía. As súas funcións e o procedemento de designación e remoción, así como as súas competencias, serán as mesmas que a normativa básica de réxime local establece para as/os tenentes de alcaldía.
2. As persoas titulares da tenencia da alcaldía ou da vicealcaldía que ocupen a alcaldía por vacante, enfermidade ou ausencias transitorias limitarán as súas funcións, fóra dos supostos de urxencia ou emerxencia, á xestión ordinaria dos asuntos de competencia da alcaldía, sen que poidan, no exercicio das mesmas, comprometer as decisións que adoptara a persoa titular da alcaldía, e sen prexuízo das delegacións que desempeñen e das funcións que como delegado lles atribúe esta lei.

CAPÍTULO III. O pleno

Artigo 81. Competencias do pleno

1. O pleno da corporación exercerá as competencias que lle atribúe a normativa básica de réxime local e mais a normativa sectorial, e en todo caso as seguintes:

- a) A aprobación de plans e programas de duración superior ao ano natural.
 - b) A subscrición de convenios de colaboración con outras administracións públicas, ou outras entidades do sector público, cunha vixencia superior a catro anos cando o gasto total supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento municipal.
 - c) A revisión de oficio de actos administrativos e disposicións xerais.
 - d) A creación e denominación das comisións informativas municipais.
 - e) A resolución dos incidentes de recusación e de conflitos de interese da persoa titular da alcaldía.
 - f) A iniciativa para a interposición de conflitos en defensa da autonomía local.
2. O exercicio destas atribucións enténdese sen prexuízo de atribucións concretas a outros órganos municipais pola normativa sectorial.

CAPÍTULO IV. Comisións do pleno

Artigo 82. Comisión especial de contas

1. A comisión especial de contas é de existencia preceptiva e a ela correspóndelle o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que deba aprobar o pleno da corporación, así como do orzamento xeral da entidade local.
2. Se así se establece no regulamento orgánico ou por acordo plenario, poderá actuar como comisión informativa permanente para os asuntos relativos á economía, facenda e patrimonio da entidade local.
3. Estará constituída polos membros dos distintos grupos políticos da corporación e polas/os concelleiras/os non adscritas/os, sen que estas/es últimas/os teñan máis representación da que lles correspondería de permanecer no grupo de procedencia.

Artigo 83. As comisións informativas

1. Nos municipios de máis de 5.000 habitantes, e nos de menos cando así se dispoña por medio de regulamento orgánico ou por acordo plenario, e mais nas deputacións provinciais existirán as comisións informativas, de seguimento e control, as cales teñen por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do pleno ou, cando actúe por delegación deste, da xunta de goberno local, así como tamén o seguimento da xestión da persoa titular da alcaldía, da xunta de goberno local e das/os concelleiras/os que teñan atribuídas delegacións, sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ao pleno.
2. Así mesmo, poderán intervenir en relación cos asuntos que se deban someter á alcaldía ou á xunta de goberno local cando estes órganos soliciten o seu ditame.

3. Crearanse o número de comisións que acorde o pleno ou se determine no regulamento orgánico, integradas por representantes de todos os grupos políticos da corporación en proporción a súa representación, e polas/os concelleiras/os non adscritas/os, sen que estes últimos teñan máis representación da que lles correspondería de permaneceren no grupo de procedencia.
4. Estas comisións poderanse constituír con carácter permanente ou con carácter temporal para tratar de temas específicos. Estas comisións extínguense automaticamente unha vez que ditaminen ou informen sobre o asunto que constitúe o seu obxecto, salvo que o acordo plenario que as creou dispuxese outra cousa.

CAPÍTULO V. Outros órganos complementarios

Artigo 84. Xunta de voceiros

1. Por regulamento orgánico ou mediante acordo plenario de creación, nos concellos de máis de 30.000 habitantes e nas deputacións provinciais constituirase a xunta de voceiros como órgano deliberante e consultivo, que estará integrada polos que o son de todos os grupos políticos da corporación e presidida pola persoa titular da alcaldía ou da presidencia ou pola/o concelleira/o ou deputada/a en quen respectivamente delegue, e na cal exercerá a función de secretaria/o a persoa titular da secretaría da corporación ou, nos municipios de gran poboación, quen o sexa do pleno.
2. O regulamento orgánico ou acordo plenario de creación determinará o seu réxime de funcionamento.
3. Son funcións da xunta de voceiros, ademais das que poida establecer o seu acordo plenario de creación ou o regulamento orgánico, as seguintes:
 - a) Acceder ás informacións que a presidencia lle proporcione para difundilas entre os membros de cada grupo.
 - b) O debate e proposta sobre os asuntos relativos ao desenvolvemento das sesións plenarias.
 - c) O debate e proposta acerca da duración das quendas de intervención no pleno e nas comisións.
 - d) A proposta ao pleno de mocións institucionais acordadas en común por todos os grupos políticos.
 - e) Ser oída pola presidencia antes da formación da orde do día das sesións plenarias, excepto das extraordinarias urxentes.
 - f) Ser oída antes da formulación da proposta para a fixación do calendario das sesións plenarias e das comisións.

- g) Ser oída antes da elaboración da proposta de convocatoria e de desenvolvemento das sesións plenarias extraordinarias, incluída a de debate da xestión do goberno municipal ou a de debate do estado do municipio.

Artigo 85. Órganos de participación cidadá

Os municipios de máis de 30.000 habitantes deberán crear órganos de participación cidadá coa finalidade de integrar a participación da veciñanza e das asociacións nos asuntos municipais, coa composición, funcións e réxime de funcionamento que se estableza no correspondente regulamento municipal ou mediante acordo plenario de creación sen que en ningún caso poidan exercer competencias decisorias ou menoscabar as atribucións dos órganos necesarios establecidos pola normativa básica de réxime local.

Artigo 86. Creación doutros órganos complementarios

1. Son órganos complementarios aqueles de carácter unipersoal ou colexiado, de natureza permanente ou temporal, que teñan funcións de impulso, apoio técnico, participación, coordinación, asesoramento, consulta, control ou avaliación en materias concretas de interese municipal, sempre que non supoñan unha duplicidade innecesaria de funcións nin ocasionen menoscabo das competencias dos órganos necesarios.
2. A creación dos órganos complementarios realizarase mediante regulamento orgánico ou acordo plenario, e responderá aos principios de descentralización, eficiencia, estabilidade e sostibilidade financeira, participación cidadá e presenza equilibrada entre homes e mulleres.
3. O regulamento orgánico ou acordo de creación deberá recoller:
 - a) A súa denominación, natureza e réxime xurídico.
 - b) As súas competencias e funcións.
 - c) A composición e forma de designación dos seus membros.
 - d) A adscrición orgánica e funcional dentro da estrutura corporativa.
 - e) O réxime de sesións, funcionamento e toma de decisións.
 - f) A dotación dos medios persoais e materiais necesarios para o seu funcionamento.

TÍTULO IV. A PROVINCIA

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 87. Fins da provincia

1. A provincia é unha entidade local de carácter territorial formada pola agrupación de municipios, con personalidade xurídica propia, autonomía e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins propios e específicos.
2. Son fins propios e específicos da provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais no marco da política económica e social, e en particular:
 - a) Asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, fundamentalmente dos servizos mínimos obrigatorios, priorizando a asistencia aos municipios en situación de reto demográfico e a aqueles que carezan dos recursos suficientes para prestalos.
 - b) Participar na coordinación da Administración local coa da Comunidade Autónoma e coa Administración xeral do Estado.
 - c) Prestar asistencia xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión e mais aos municipios en situación de reto demográfico, evitando discriminación por razóns de veciñanza administrativa no acceso aos servizos públicos.

CAPÍTULO II. Organización provincial

Artigo 88. Principios xerais

1. O goberno e administración das provincias corresponde ás deputacións provinciais.
2. A organización e funcionamento das provincias rexerase pola normativa básica de réxime local, polas especialidades reguladas nesta lei e mais polos regulamentos orgánicos que, no exercicio da súa potestade regulamentaria e de autoorganización, poidan aprobar.
3. Será de aplicación á organización provincial a regulación prevista nesta lei para os municipios de réxime común, en particular no relativo á composición e atribucións dos seus órganos de goberno necesarios e ao réxime de funcionamento dos órganos colexiados, todo isto sen prexuízo da necesaria existencia nesta organización da asesoría xurídica provincial e da xunta de voceiros.

Artigo 89. A asesoría xurídica provincial

1. Sen prexuízo das funcións reservadas á persoa titular da secretaría da corporación, existirá en cada deputación provincial a asesoría xurídica provincial como órgano

administrativo competente tanto en materia de asistencia xurídica á presidencia, ao pleno e mais á xunta de goberno coma no asesoramento xurídico integral e na representación e defensa en procedementos xudiciais do ente provincial e dos seus membros, sempre que neste último suposto o procedemento derive dunha actuación realizada no exercicio do seu cargo, sen prexuízo do disposto no artigo 551.3 da Lei 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

2. Corresponde igualmente á asesoría xurídica provincial exercer a representación e defensa xurídicas das entidades locais do seu territorio que o soliciten, e en todo caso dos concellos de menos de 5.000 habitantes.
3. A dirección e coordinación das funcións encomendadas aos servizos xurídicos provinciais corresponde á persoa titular da asesoría xurídica provincial.
4. Os membros da asesoría xurídica provincial serán nomeados entre as persoas que posúan o título de grao en dereito e obstenten a condición de persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, ou de persoal funcionario do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais pertencentes ao subgrupo A1.

Artigo 90. O órgano competente para a resolución de recursos en materia de contratación.

1. As deputacións provinciais e os concellos de gran poboación da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos establecidos na lexislación básica en materia de contratación, poderán crear un órgano especializado e funcionalmente independente que terá atribuída a competencia para resolver o recurso especial en materia de contratación. A súa creación e entrada en funcionamento deberá estar xustificada con base na súa necesidade, en aplicación dos principios de seguridade xurídica, interdicción da duplicidade de órganos administrativos e eficiencia na xestión do gasto público, todo o cal deberá quedar acreditado no expediente tramitado para o efecto.
2. As deputacións provinciais e os concellos de gran poboación son os únicos entes locais da Comunidade Autónoma de Galicia que poderán crear órganos de resolución do recurso especial en materia de contratación pública.
3. A súa composición, os requisitos que deben reunir os seus membros, a duración do seu mandato, o réxime de dedicación e as causas de incompatibilidade e remoción serán os establecidos na correspondente normativa autonómica para o Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia.
4. Os órganos locais de resolución do recurso especial en materia de contratación pública que, se for o caso, se creen terán as mesmas competencias ca as atribuídas na correspondente normativa autonómica ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, limitadas ao ámbito de actuación material e territorial da Administración á que estean adscritos organicamente. No caso do

órgano propio dunha deputación provincial, os concellos da provincia poderán atribuír lle a competencia para a resolución do recurso especial a través da aprobación e sinatura do oportuno convenio específico.

CAPÍTULO III. Competencias propias

Artigo 91. Principios xerais

1. As competencias propias das deputacións provinciais son as que lles atribúan neste concepto tanto a normativa básica de réxime local coma as leis sectoriais do Estado e da Comunidade Autónoma nos diferentes sectores da acción pública.
2. As deputacións provinciais reforzarán cos seus servizos de asistencia xurídica, económico-financeira e técnica aos municipios, e en todo caso garantirán con persoal propio a elaboración de ditames xurídicos e a representación procesual en xuízo, o asesoramento e a emisión de informes que poidan precisar os concellos en materia económico-financeira e a elaboración de informes técnicos en materia urbanística. Esta asistencia por parte das deputacións provinciais terá carácter obrigatorio nos municipios en situación de reto demográfico que así o soliciten e carácter preferente nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.
3. As deputacións provinciais realizarán nas súas relacións de postos de traballo as modificacións pertinentes para a creación dos postos de traballo reservados a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional que sexan necesarios para garantir o efectivo cumprimento da prestación dos servizos de secretaría, intervención, tesourería e recadación nos supostos establecidos na normativa aplicable.
4. Son competencias propias das deputacións provinciais:
 - a) Coordinar entre si os servizos municipais para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos en todo o territorio provincial.
 - b) A asistencia e asesoramento xurídico ás entidades locais.
 - c) A asistencia no ámbito económico-financeiro ás entidades locais.
 - d) A asistencia técnica ás entidades locais.
 - e) A asistencia económica para o financiamento de investimentos, actividades e servizos municipais.
 - f) Exercer a representación e defensa xurídicas das entidades locais que así o soliciten, que serán preceptivas nos concellos de menos de 5.000 habitantes.
 - g) A asistencia e asesoramento no desenvolvemento tecnolóxico das entidades locais.
 - h) A asistencia ás entidades locais en materia de recursos humanos.
 - i) A asistencia ás entidades locais en materia de servizos sociais.

k) Outras expresamente atribuídas pola normativa sectorial vixente.

Artigo 92. Coordinación dos servizos municipais entre si

1. Correspóndelles como competencia propia ás deputacións provinciais a coordinación entre si dos servizos municipais para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos en todo o territorio provincial.
2. A función de coordinación da asistencia e cooperación provincial ás entidades locais estará dirixida especialmente ao establecemento e prestación dos servizos municipais obrigatorios, prioritariamente aos municipios en situación de reto demográfico, aos de menor capacidade económica e de xestión e aos de menos de 20.000 habitantes.
3. Para a realización destas funcións, os municipios poderán encomendar a xestión ou delegar as súas competencias na provincia como instrumento de cooperación e asistencia.

Artigo 93. Asistencia ás entidades locais

Correspóndelles como competencia propia ás deputacións provinciais:

1. A asistencia e asesoramento xurídico ás entidades locais, que comprende as funcións de:
 - a) Emisión de informes e asesoramento nas consultas realizadas polos órganos competentes das entidades locais.
 - b) Redacción de ordenanzas e regulamentos, así como de calquera outra disposición regulamentaria.
 - c) Prestación de apoio e asesoramento para o exercicio da potestade regulamentaria local.
 - d) Cooperación e asistencia nas funcións de contratación pública.
 - e) Elaboración de modelos normalizados que faciliten e simplifiquen a xestión administrativa e económica.
 - f) Exercicio das funcións públicas necesarias de secretaría, intervención, tesourería e recadación por persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional adscrito aos servizos de asistencia das deputacións provinciais nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa titular do posto, nos termos previstos na normativa básica estatal.
2. Asistencia no ámbito económico-financeiro ás entidades locais, que comprende as funcións de:
 - a) Elaboración de informes e asesoramento nas consultas realizadas sobre xestión económico-financeira polos órganos competentes de tales entidades.

- b) Cesión temporal de bens, medios ou instalacións pertencentes ás deputacións provinciais conforme á lexislación patrimonial aplicable.
 - c) Confección e execución ou seguimento dos plans económico-financeiros e dos procedementos de cálculo do custo efectivo dos servizos públicos.
 - d) Concesión de subvencións ou axudas.
 - e) Concesión de préstamos da Caixa Provincial de Cooperación ou entidade equivalente.
 - f) Colaboración nas funcións de xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos municipais e demais ingresos locais.
3. Asistencia técnica ás entidades locais, que comprende as funcións de:
- a) Elaboración de estudos e plans territoriais e urbanísticos.
 - b) Redacción de proxectos e dirección facultativa de obras, instalacións ou servizos da súa competencia.
 - c) Emisión de informes técnicos previos ao outorgamento de licenzas ou execución de obras municipais.
 - d) Asesoramento e impulso de medidas encamiñadas á mellora da organización administrativa.
 - e) Promoción da contratación centralizada da prestación dos servizos municipais, á que poderán adherirse os concellos do seu ámbito territorial.
4. Asistencia económica para o financiamento de investimentos, actividades e servizos municipais, preferentemente aos municipios en situación de reto demográfico ou a aqueles con maiores necesidades de asistencia.
5. Asistencia e asesoramento no desenvolvemento tecnolóxico das entidades locais, preferentemente nos municipios de menos de 20.000 habitantes, que dea uniformidade e posibilite a implantación plena e efectiva da administración electrónica. Esta competencia comprende as funcións de:
- a) Apoio no establecemento e implantación de tecnoloxías da información, comunicacións e xestión electrónica dos procedementos administrativos.
 - b) Asesoramento e, se for o caso, subministración aos concellos do seu territorio de softwares e xestores de procedementos electrónicos; así como mantemento, actualización e mellora das ferramentas informáticas subministradas.
 - c) Creación, xestión e mantemento da web municipal e da sede electrónica, cando sexa solicitado.
 - d) Prestación de soporte técnico para a creación de redes telemáticas.

- e) Realización de estudos, elaboración de plans, formación, modernización e apoio tecnolóxico.
 - f) Procura da interoperabilidade dos sistemas de información e procedementos aos que dan soporte dos municipios do seu ámbito territorial, posibilitando o intercambio de información e de datos entre eles.
6. Asistencia ás entidades locais en materia de recursos humanos, que inclúe as seguintes funcións:
- a) Creación de bolsas de emprego de postos de traballo que permita a cobertura de postos vacantes, programas temporais, substitucións ou situacións análogas nos distintos municipios da provincia que así o requiran.
 - b) Prestación da asistencia no exercicio das funcións reservadas a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional en supostos de necesidade e nos termos establecidos pola normativa de aplicación, procurando a súa integración nos servizos provinciais de asistencia a municipios.
 - c) Formación e selección de persoal, así como a elaboración de instrumentos de xestión de persoal, plans de carreira profesional e avaliación do desempeño.
 - d) Organización da formación continua do persoal e dos cargos electos, que se poderá efectuar en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública ou coa Federación Galega de Municipios e Provincias.
 - e) Calquera outra función vinculada ao exercicio desta competencia que a deputación provincial determine por propia iniciativa ou á instancia das entidades locais, no marco da lexislación básica estatal.

Artigo 94. Representación e defensa xurídicas das entidades locais

1. Correspóndelles ás deputacións provinciais, como competencia propia, exercer a representación e defensa xurídicas das entidades locais do seu territorio que o soliciten, e en todo caso dos concellos de menos de 5.000 habitantes.
2. As correspondentes funcións de representación e defensa xurídicas das entidades locais determinaranse nas normas preceptivas que regularán a organización e o funcionamento da asesoría xurídica provincial.

Artigo 95. Asistencia ás entidades locais en materia de servizos sociais

1. As deputacións provinciais, de conformidade co disposto na normativa sobre réxime local vixente e sobre servizos sociais da Comunidade Autónoma, prestarán a asistencia técnica, económica e xurídica que garanta aos concellos, especialmente aos de menor poboación e/ou aos de menor capacidade económica e/ou de xestión, o exercicio das súas competencias en materia de servizos sociais.

Para estes efectos, promoverán a contratación centralizada das prestacións propias dos servizos sociais municipais, á que se poderán adherir os concellos do seu ámbito territorial que carezan de medios técnicos para levalas a cabo polos seus medios, se así o acorda o pleno da corporación.

2. As deputacións provinciais destinarán partidas económicas suficientes no seu orzamento que permitan conceder axudas ou subvencións aos concellos para a prestación destes servizos.
3. A Xunta de Galicia, no exercicio das súas competencias, coordinará as deputacións provinciais no exercicio das funcións referidas anteriormente co fin de favorecer a coherencia do sistema e evitar duplicidades, sen prexuízo da autonomía organizativa das deputacións e da súa potestade de autoorganización.
4. Para o desenvolvemento destas funcións, as deputacións provinciais contarán cos medios persoais, materiais e económicos necesarios, que poderán instrumentarse a través dun servizo de asesoramento a municipios.
5. En todo caso, as deputacións provinciais articularán un procedemento para a solicitude de asistencia por parte dos concellos, regulando o seu contido e prazos para a resolución destas solicitudes conforme as obrigas anteriormente descritas.

Artigo 96. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal

1. As deputacións provinciais deberán aprobar anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, plan que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e os criterios obxectivos e equitativos de distribución dos fondos entre os concellos do seu ámbito territorial.
2. Dentro dos criterios de repartición do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal incluíranse, en todo caso, os seguintes:
 - a) Unha cota fixa mínima distribuída de xeito lineal entre o conxunto dos concellos do seu ámbito territorial.
 - b) A porcentaxe restante repartirase entre os municipios atendendo, entre outros, aos seguintes criterios: a dispersión da poboación, o avellentamento da poboación, o esforzo fiscal e a superficie, de modo que se asegure unha distribución equitativa e axustada ás necesidades do municipio.
3. A achega provincia por este concepto deberá alcanzar, como mínimo, o vinte por cento dos créditos iniciais correspondentes aos recursos ordinarios do orzamento provincial de cada exercicio.

CAPÍTULO IV. Participación municipal na elaboración do orzamento provincial

Artigo 97. Participación municipal na elaboración do orzamento provincial

1. Co obxectivo de reforzar a participación municipal nas políticas públicas provinciais, a aprobación dos orzamentos anuais das respectivas deputacións provinciais esixirá que, no trámite de exposición pública, se efectúe unha consulta electrónica non vinculante dirixida aos municipios da respectiva provincia, destinada a obter información sobre as necesidades municipais prioritarias.
2. O acordo de aprobación definitiva, de selo caso, deberá reflectir de forma expresa os resultados derivados deste proceso participativo, así como a súa eventual incorporación ás partidas e programas específicos do proxecto de orzamento provincial.

TÍTULO V. Outras entidades locais

CAPÍTULO I. Mancomunidades de municipios

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 98. Dereito dos municipios a mancomunarse

1. As mancomunidades son entidades locais que para o cumprimento dos seus fins teñen personalidade xurídica e capacidade de obrar plena e independente dos municipios que as integran.
2. Os municipios poderán asociarse voluntariamente entre si en mancomunidades para a prestación, xestión e execución conxunta de servizos, obras e actividades da súa competencia, promovendo o desenvolvemento social e económico sostible, equilibrado e igualitario destes municipios e dos seus territorios.
3. As mancomunidades tamén poderán asumir competencias delegadas por outras administracións públicas.
4. Os municipios mancomunados poderán participar en todas ou nalgunha das actividades que constitúen o obxecto da mancomunidad, sempre que as obras, servizos ou actividades sexan independentes entre si e isto non afecte á eficaz actuación da devandita mancomunidad.

Artigo 99. As mancomunidades como modelo estratéxico de cooperación local

1. A Xunta de Galicia, de conformidade coa lexislación básica de réxime local, recoñece as mancomunidades de municipios como unha fórmula de cooperación institucional de carácter estratéxico para reforzar a autonomía local, promover a innovación na xestión pública e garantir unha prestación eficiente, sostible e equitativa dos servizos municipais.
2. No marco da presente lei, e en desenvolvemento das políticas públicas autonómicas, fomentárase activamente a creación, consolidación e transformación das mancomunidades, especialmente nas contornas rurais dispersas ou con menor capacidade administrativa, como instrumentos idóneos para xerar economías de escala, mellorar a planificación territorial e optimizar o uso dos recursos públicos.
3. A Xunta de Galicia impulsará a elaboración de plans de cooperación intermunicipal que contemplen incentivos económicos, asistencia técnica e apoio normativo a favor das mancomunidades que acrediten unha xestión eficaz, transparente e orientada a resultados.
4. As deputacións provinciais preverán liñas específicas de apoio ás mancomunidades do territorio provincial en garantía dos servizos públicos municipais.

5. Así mesmo, as deputacións provinciais establecerán mecanismos de avaliación e seguimento do impacto das mancomunidades na mellora dos servizos públicos locais, en liña cos principios de cohesión territorial, sostibilidade social e modernización administrativa.
6. Anualmente as deputacións provinciais elaborarán un informe sobre o resultado das actuacións de fomento das mancomunidades, no cal tamén se incluírá a avaliación da actividade xeral destas, que remitirán á Administración autonómica no primeiro trimestre do ano seguinte.

Artigo 100. Medidas de fomento das mancomunidades

A Xunta de Galicia e as deputacións provinciais establecerán medidas de fomento das mancomunidades por medio, entre outras, das seguintes actuacións:

- a) Prestación da asistencia técnica e xurídica necesaria para a constitución e funcionamento dunha mancomunidad.
- b) Consignación nos seus orzamentos dunha partida destinada á súa promoción e funcionamento.
- c) Establecemento de criterios de preferencia na concesión de axudas e subvencións.

Sección 2ª. Do procedemento de constitución e disolución das mancomunidades de municipios

Artigo 101. Iniciativa de constitución da mancomunidad

1. A iniciativa para a constitución dunha mancomunidad poderá partir dun ou varios dos municipios interesados.
2. Os expedientes para a constitución de mancomunidades, así como para a elaboración e aprobación dos seus estatutos, iniciaranse cos acordos dos plenos dos concellos interesados en mancomunarse, adoptados pola maioría esixida pola normativa básica de réxime local.
3. Nestes acordos encomendarase a competencia de xestión do procedemento a un dos concellos interesados, que o tramitará en representación dos concellos promotores, e designarase unha comisión técnica de apoio especializado ás/aos concelleiras/os encargadas/os da elaboración do proxecto dos estatutos e dos estudos, informes e demais antecedentes que acrediten a súa legalidade, acerto e oportunidade.

Artigo 102. Aprobación provisional do proxecto de estatutos

1. A aprobación provisional do proxecto de estatutos corresponde a unha asemblea constituída por todas/os as/os concelleiras/os, que será convocada e presidida pola

persoa titular da alcaldía do concello representante e na cal exercerá as funcións de secretaría a persoa que as desempeñe no citado concello.

2. A constitución e funcionamento desta asemblea rexerase polas normas básicas reguladoras dos órganos colexiados dos municipios de réxime común, sendo necesario en todo caso para a súa válida constitución a presenza de, polo menos, un representante de cada un dos municipios interesados en se mancomunaren.

Artigo 103. Información pública e informes

1. Unha vez aprobado provisionalmente o proxecto de estatutos, someterase a información pública por prazo dun mes mediante anuncio inserido no boletín oficial da provincia respectiva, así como nos portais de transparencia de cada un dos concellos interesados. No suposto de se tratar de municipios pertencentes a diferentes provincias, haberá que realizar a publicación en cada un dos boletíns oficiais das respectivas provincias.
2. Así mesmo remitirase á deputación provincial, ou ás deputacións provinciais respectivas, para a emisión de informe preceptivo no prazo improrrogable dun mes.
3. Finalizado o período de información pública, remitirase o proxecto de estatutos, xunto coa resolución das reclamacións se for o caso presentadas, á consellería competente en materia de Administración local para o seu informe preceptivo que se deberá emitir no prazo dun mes.
4. Se como consecuencia destes informes se producen modificacións substanciais do proxecto de estatutos aprobado provisionalmente, estas someteranse á consideración da comisión técnica, que as remitirá á asemblea para novo debate. Tras esta nova reunión, a asemblea decidirá se continúa ou non o trámite ata a aprobación definitiva dos estatutos e a constitución da mancomunidade.

Artigo 104. Aprobación definitiva do expediente de constitución da mancomunidade

1. A persoa titular da alcaldía do concello representante comunicará a emisión dos informes por parte da deputación provincial ou das deputacións provinciais respectivas e mais por parte da consellería competente en materia Administración local, ou transcorrido o prazo sinalado para a súa emisión sen seren emitidos, os plenos de todos os concellos aprobarán definitivamente, no prazo de dous meses, os estatutos pola maioría esixida na normativa básica en materia de réxime local.
2. A persoa titular da alcaldía do concello representante remitirá o expediente completo á consellería competente en materia de Administración local para a publicación dos estatutos no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 105. Sesión constitutiva

1. Dentro do mes seguinte á publicación dos estatutos no *Diario Oficial de Galicia*, a persoa titular da alcaldía do municipio en que radique a sede da mancomunidade convocará as persoas representantes dos concellos mancomunados á sesión constitutiva da asemblea da mancomunidade.
2. Na mesma sesión de constitución procederase á elección da presidencia e da vicepresidencia. Así mesmo, adoptaranse os demais acordos necesarios para o inicio do funcionamento da mancomunidade.
3. O presidente da mancomunidade comunicará á Administración xeral do Estado e mais á Administración autonómica a constitución da nova entidade local para os efectos da súa inscrición nos rexistros estatal e autonómico de entidades locais.

Artigo 106. Contido mínimo dos estatutos

A organización e funcionamento das mancomunidades rexeráse polo establecido nos seus propios estatutos, que se aprobarán consonte o disposto nesta lei e que, en todo caso, deberán conter:

- a) A denominación da mancomunidade, que non deberá confundirse coa doutras entidades locais preexistentes, e o lugar onde radique a súa sede.
- b) Os municipios que a integran.
- c) O obxecto, competencias, facultades, prerrogativas e fins da mancomunidade, que serán determinados e non poderán supor a asunción de todas as competencias dos municipios asociados nin a colisión coas propias doutros entes, sen que se admitan, para estes efectos, fórmulas xenéricas.
- d) Os órganos de goberno e administración, e a súa composición; o número e a forma de designación dos representantes dos concellos asociados; a forma de nomear e revogar os administradores; e mais a sede dos ditos órganos. En todo caso, os órganos de goberno e administración serán representativos dos concellos mancomunados.
- e) As normas de funcionamento interno e organización complementaria da mancomunidade.
- f) O réxime xurídico do persoal, garantindo unha estrutura suficiente e profesional para o correcto desenvolvemento do seu obxecto.
- g) O réxime económico-financeiro, debendo garantirse a suficiencia financeira da mancomunidade, os criterios de determinación das achegas e prazos de ingreso das mesmas e compromisos dos municipios asociados e o sistema indemnizador por incumprimento de obrigas.
- h) A obriga anual de presentación de orzamentos, a súa liquidación e a rendición de contas.

- i) As normas preceptivas de transparencia, baseadas nas obrigas de publicidade activa da normativa estatal e autonómica debidamente adaptada ás actividades da mancomunidade.
- j) O prazo de duración e os supostos de disolución, así como as causas determinantes da separación forzosa dos seus membros.
- k) O procedemento de liquidación e distribución do patrimonio, se for o caso, e a asignación do persoal propio da entidade.

Artigo 107. Modificación dos estatutos e disolución ordinaria da mancomunidade

1. A modificación dos estatutos da mancomunidade ou a súa disolución ordinaria axustarase ao seguinte procedemento:
 - a) A iniciativa corresponderá á asemblea da mancomunidade, de oficio ou á instancia dos municipios que a constitúen, acordo que se adoptará pola maioría esixida na normativa básica de réxime local.
 - b) Adoptado o acordo, someterase a información pública por prazo dun mes mediante anuncio inserido no boletín oficial da provincia ou boletíns oficiais das provincias, se for o caso e mais nos portais de transparencia dos municipios mancomunados e da mancomunidade. Simultaneamente remitirase á deputación provincial correspondente ou deputacións provinciais correspondentes, se for o caso, e mais á consellería competente en materia de Administración local para a emisión dos informes preceptivos no prazo dun mes.
 - c) Finalizado o prazo de exposición pública e recibidos os informes a que se refire o apartado anterior, a asemblea resolverá as alegacións ou obxeccións que, se for o caso, se formularan.
 - d) Aprobación do acordo de modificación dos estatutos ou de disolución ordinaria da mancomunidade por parte dos plenos dos concellos mancomunados, que se adoptará pola maioría esixida na normativa básica de réxime local.
 - e) En caso de disolución ordinaria da mancomunidade, os acordos de disolución deberán incluír a aprobación, pola maioría esixida na normativa básica de réxime local, da liquidación e distribución do patrimonio, se for o caso, e da asignación do persoal da mancomunidade.
 - f) Aprobados os acordos de modificación dos estatutos da mancomunidade ou de disolución ordinaria da mesma pola totalidade dos concellos mancomunados, a presidencia da mancomunidade remitirá copia certificada dos mesmos á consellería competente en materia de Administración local, quen procederá a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e llo comunicará á Administración xeral do Estado para os efectos establecidos pola normativa básica de réxime local.

2. Toda incorporación ou separación de membros dunha mancomunidade implicará, necesariamente, a modificación dos seus estatutos.
3. O municipio que decida separarse da mancomunidade deberá estar ao corrente no pagamento das súas achegas e comunicar a súa decisión cunha antelación mínima dun ano.

Artigo 108. Disolución forzosa das mancomunidades

1. A disolución forzosa das mancomunidades aplicárase nos seguintes supostos:
 - a) Carencia de actividade, manifestada pola falta de celebración de sesións ordinarias dos órganos de goberno, de conformidade co establecido nos seus estatutos, por un período superior a dous anos consecutivos.
 - b) Incumprimento das obrigas de rendición de contas ante o Consello de Contas durante dous anos consecutivos.
 - c) Procedemento de disolución ordinario iniciado e non finalizado no prazo dun ano por causa imputable aos membros da mancomunidade.
2. Nos supostos previstos no apartado anterior, a consellería competente en materia de Administración local instará formalmente á presidencia da mancomunidade para que, no prazo máximo de un ano, inicie ou complete o procedemento de disolución e cancele a súa inscrición nos rexistros de entidades locais.
3. No caso de que a mancomunidade desatenda o anterior requirimento, o procedemento de disolución será iniciado ou continuado, e resolto, pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de acordo co seguinte procedemento:
 - a) Por orde da persoa titular da consellería competente en materia de Administración local iniciárase ou continuarase o expediente de disolución.
 - b) Esta incoación comunicárase a todos os municipios integrantes da mancomunidade e exporase ao público mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia* por espazo dun mes, para a presentación das oportunas alegacións.
 - c) Durante ese mesmo prazo será solicitado informe ás deputacións provinciais correspondentes.
 - d) Solicitarase da mancomunidade a documentación necesaria, así como o último orzamento aprobado, o inventario de bens, a relación de persoal, a liquidación do último orzamento e mais a copia dos estatutos vixentes.
 - e) Logo de cadanseu informe do órgano competente en materia de Administración local e do órgano que exerce a tutela financeira, e tras proposta favorable da persoa titular da consellería competente en materia de Administración local, o Consello da Xunta acordará a disolución.

- f) O acordo de disolución decidirá o destino do patrimonio da mancomunidade e do persoal dependente da mesma de conformidade coa normativa laboral e contable vixente.
- g) O acordo de disolución notificarase aos municipios mancomunados, publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, inscribirase no Rexistro de Entidades Locais de Galicia e trasladarase ao Estado aos efectos oportunos.

Sección 3ª. Da organización das mancomunidades de municipios

Artigo 109. Principios xerais

1. O goberno e administración das mancomunidades corresponde á presidencia e á asemblea, na que estarán representados todos os municipios que a integran.
2. As mancomunidades contarán en todo caso cos seguintes órganos: a presidencia, unha vicepresidencia que a substitúa, a comisión especial de contas e a asemblea.
3. As mancomunidades, no exercicio da súa autonomía organizativa e mediante a aprobación dos seus estatutos, establecerán a estrutura da súa propia organización e o seu réxime de funcionamento, e poderán prever a existencia de órganos complementarios aos anteriores.

Artigo 110. Normas de organización e funcionamento

Á falla de regulación nos estatutos da mancomunidade, aplicaranse as seguintes normas:

- a) A asemblea da mancomunidade estará integrada por dous vogais en representación de cada un dos municipios asociados.
- b) A asemblea elixirá entre os seus membros a persoa titular da presidencia e da vicepresidencia.
- c) A asemblea exercerá as atribucións que lle correspondan e axustará o seu funcionamento ás normas dos plenos dos municipios de réxime común.
- d) As funcións da presidencia e da vicepresidencia serán as establecidas para as alcaldías e tenencias da alcaldía dos municipios de réxime común.

Artigo 111. Do exercicio das funcións reservadas

As funcións de secretaría, intervención e tesourería serán exercidas por persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, de conformidade coa normativa de aplicación.

Sección 4ª. Obrigas económicas dos municipios mancomunados

Artigo 112. Achegas municipais

Os municipios mancomunados consignarán nos seus orzamentos as cantidades precisas para atender as obrigacións derivadas dos compromisos contraídos coa mancomunidade a que pertencen. Transcorrido o prazo para o ingreso das achegas dos municipios que integran a mancomunidade sen que este se produza, a persoa titular da presidencia poderase dirixir á Comunidade Autónoma para a retención dos fondos do municipio debedor e o seu ingreso na facenda da mancomunidade.

CAPÍTULO II. Das áreas metropolitanas

Artigo 113. Concepto

As áreas metropolitanas son entidades locais integradas polos municipios nos que existen grandes aglomeracións urbanas e entre cuxos núcleos de poboación existen vinculacións económicas e sociais que fan precisa a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras.

Artigo 114. Creación

1. Por lei do Parlamento de Galicia poderanse crear, modificar ou suprimir áreas metropolitanas.
2. Corresponde á lei de creación determinar os órganos de goberno e administración da área metropolitana, o seu réxime económico e de funcionamento, os servizos que debe prestar e as obras a realizar, así como as potestades que se lle atribúen e a xusta distribución de cargas entre os municipios que a integran.
3. En ningún caso a creación dunha área metropolitana pode supoñer a perda de competencias dos municipios integrados que lles fagan perder a súa condición de tales.

Artigo 115. Iniciativa

1. A iniciativa para a creación da área metropolitana poderá partir dos municipios interesados, en cuxo caso requirirá acordo adoptado co voto favorable da maioría establecida pola normativa básica de réxime local.
2. Adoptados os acordos, elevaranse á persoa titular da consellería competente en materia de Administración local, quen examinará a regularidade do procedemento observado.

Artigo 116. Disolución

A disolución da área metropolitana aprobarase mediante lei do Parlamento de Galicia, que detallará tanto o réxime transitorio de prestación de servizos coma a

repartición de activos, bens e cargas entre os municipios que a integran de forma proporcional ás achegas a aquela.

CAPÍTULO III. Das entidades locais menores

Artigo 117. Principios xerais

1. As entidades locais menores existentes de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta contarán cun alcalde pedáneo, cunha xunta veciñal e cos órganos complementarios que, no exercicio da súa potestade de autoorganización, decidan crear.
2. A persoa titular da alcaldía pedánea e a xunta veciñal terán as atribucións establecidas na normativa básica e nesta lei para a persoa titular da alcaldía e o pleno, respectivamente, circunscritas á área das súas competencias territoriais e de xestión.

Artigo 118. Alcaldía pedánea

1. A persoa titular da alcaldía pedánea será elixida directamente pola veciñanza da correspondente entidade local menor por sistema maioritario, mediante a presentación de candidatos polos distintos partidos, federacións, coalicións e agrupacións de electores coincidindo coas eleccións locais. A designación das persoas vogais da xunta veciñal farase de conformidade cos resultados das eleccións para o concello na sección ou seccións constitutivas da entidade local menor, segundo o disposto na lexislación electoral xeral.
2. A persoa titular da alcaldía pedánea designará de entre os vogais da xunta veciñal a persoa que deba substituíla nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 119. A xunta veciñal

1. A xunta veciñal é o órgano colexiado de goberno formado pola persoa titular da alcaldía pedánea, que a presidirá, e por un número de vogais que non superará o terzo de concelleiras/os que integren o concello.
2. A xunta veciñal ten as seguintes atribucións:
 - a) A aprobación dos orzamentos, das ordenanzas e dos acordos de establecemento e modificación de servizos.
 - b) A administración do patrimonio e a adquisición, alleamento e cesión de bens e dereitos.
 - c) O control e fiscalización das actuacións da persoa titular da alcaldía pedánea e da xestión económica.
 - d) Cantas lle asigne o pleno do concello no ámbito da entidade.

3. O réxime de funcionamento axustarase ao que acorde a propia xunta veciñal, e na súa falla, ás disposicións xerais que rexen para os plenos dos concellos de réxime común.
4. Un membro da xunta veciñal terá dereito a asistir con voz pero sen voto, no punto da orde do día correspondente, ás comisións informativas existentes no concello, sempre que nelas se vaia ditaminar algún asunto que afecte á entidade local menor. Para o exercicio deste dereito deberá ser citado á comisión de referencia como un membro máis dela.

Artigo 120. As competencias e a facenda das entidades locais menores

1. Son competencias das entidades locais menores:
 - a) A administración e a defensa do seu patrimonio.
 - b) A execución de obras e a prestación de servizos do seu interese, sempre e cando sexan realizados con fondos propios e non estean a cargo do respectivo concello ou doutra entidade supramunicipal.
 - c) A vixilancia, o mantemento e a limpeza das vías urbanas, camiños rurais, montes, fontes e lavadoiros.
 - d) Aquelas outras que lle delegue o municipio, logo de aceptación por parte da entidade e coa asignación dos recursos que se precisen para o seu exercicio.
2. Os recursos integrantes da facenda das entidades locais menores poderán ser os mesmos previstos na normativa básica estatal para os municipios, coas seguintes especificidades:
 - a) Os tributos propios quedarán circunscritos ás taxas.
 - b) Non se poderán establecer recargas sobre os tributos estatais nin sobre os tributos da Comunidade Autónoma.
 - c) No que se refire á participación nos tributos do concello, a que acorde o pleno por maioría absoluta do número legal dos seus membros.

Artigo 121. Obriga de rendición de contas

No prazo legalmente establecido, e de conformidade coa normativa reguladora das facendas locais, as entidades locais menores renderán contas ao Consello de Contas.

Artigo 122. Procedemento de disolución

O procedemento de disolución axustarase ás seguintes regras:

1. A iniciativa corresponderalle indistintamente:
 - a) Ao pleno do concello, mediante acordo adoptado pola maioría establecida na normativa básica de réxime local.

- b) Á xunta veciñal, mediante acordo adoptado pola maioría establecida na normativa básica de réxime local.
 - c) Á consellería competente en materia de Administración local.
2. No caso de que a iniciativa proceda do pleno municipal ou da xunta veciñal, someterase o expediente a información pública mediante a publicación do acordo no boletín oficial da provincia e mais no portal de transparencia do concello por prazo dun mes. Transcorrido este prazo e resoltas, de as haber, as alegacións presentadas, se remitirá á consellería competente en materia de Administración local, acompañado da certificación expedida pola persoa titular da secretaría da corporación do acordo de inicio e, se for o caso, do acordo que se adopte sobre as alegacións presentadas.
3. A iniciativa corresponderá a consellería competente en materia de Administración local nos seguintes supostos:
- a) Carencia de actividade, manifestada pola falta de celebración de sesións ordinarias por un período superior a dous anos consecutivos.
 - b) Incumprimento da obriga de rendición de contas durante dous anos consecutivos.
 - c) Procedemento de disolución iniciado polo pleno municipal ao a xunta veciñal e non finalizado no prazo dun ano por causa imputable á entidade local menor.
- Neste suposto darase audiencia á entidade local menor e mais ao municipio interesado.
4. Requirirase informe da deputación provincial, que o emitirá no prazo dun mes, informe que se entenderá favorable se transcorrido este prazo non é emitido.
5. A resolución definitiva do expediente de disolución efectuarase por decreto do Consello da Xunta, baixo proposta do titular da consellería competente en materia de Administración local. Este decreto publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e daráselle traslado do mesmo á Administración xeral do Estado.
6. A disolución suporá:
- a) A incorporación do persoal ao servizo da entidade disolta ao concello a que pertencía.
 - b) A subrogación do concello do que dependía a entidade local menor en todos os dereitos e obrigas desta.

TÍTULO VI. Disposicións comúns ás entidades locais

CAPÍTULO I. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 123. Réxime xeral

Os actos e acordos das entidades locais adoptaranse de acordo co disposto na normativa básica estatal, coas especialidades establecidas na presente sección, nos regulamentos orgánicos e, se for o caso, nos acordos plenarios das respectivas entidades locais.

Artigo 124. Réxime de funcionamento do pleno

1. O réxime de sesións e funcionamento do pleno é o establecido pola normativa básica de réxime local, coas especialidades establecidas na presente lei. Este réxime é de aplicación supletoria no resto dos órganos colexiados das entidades locais, salvo que exista unha regulación propia recollida no regulamento orgánico ou acordo plenario.
2. A inclusión na orde do día dunha sesión plenaria ordinaria ou extraordinaria requirirá que se poña á disposición dos membros da corporación a documentación completa cunha antelación mínima de cinco días hábiles á celebración da sesión da correspondente comisión informativa, cando se trata da aprobación dos seguintes asuntos:
 - a) Orzamento xeral.
 - b) Plan xeral de ordenación municipal ou aprobación do planeamento de desenvolvemento.
 - c) Ordenanzas ou regulamentos locais.
3. Nos restantes asuntos incluídos na orde do día, a documentación íntegra que deba servir de base ao debate, e se for o caso á votación, deberá estar á disposición de todos os membros da corporación desde o momento da convocatoria para a súa consulta na secretaría, e de forma telemática a través do xestor de expedientes ou da sede electrónica.

Artigo 125. Réxime de funcionamento da xunta de goberno local

1. A sesión constitutiva da xunta de goberno local realizarase dentro dos dez días hábiles seguintes á designación dos seus membros pola presidencia.
2. A xunta de goberno local celebrará sesión ordinaria, á falla de previsión expresa en acordo plenario adoptado para o efecto ou nos regulamentos orgánicos, cada quince días nos municipios con poboación de ata 20.000 habitantes, e cada semana

nos municipios de máis de 20.000 habitantes e nas deputacións provinciais, e o seu réxime de funcionamento será o establecido na presente lei. No resto das entidades locais atenderase ao disposto nos seus respectivos estatutos ou lei de creación.

Artigo 126. Formalización das resolucións e actas dos órganos colexiados de goberno

A formalización das resolucións e actas dos órganos colexiados de goberno, e a formación dos libros correspondentes ás mesmas, rexerase polo establecido na materia na normativa básica estatal e mais na normativa autonómica.

Artigo 127. Remisión dos actos e acordos á Xunta de Galicia

1. As entidades locais remitirán á consellería competente en materia de Administración local, no prazo de seis días, copia ou, se for o caso, extracto comprensivo dos actos e acordos dos órganos de goberno municipais. As persoas titulares da presidencia da corporación e, de xeito inmediato, as da secretaría serán responsables do cumprimento deste deber.
2. Coa finalidade de comprobar a efectividade da aplicación da súa lexislación, a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de Administración local, poderalles solicitar ás entidades locais información concreta sobre a súa actividade, e incluso requirir a remisión de expedientes e a emisión de informes.
3. A dita documentación será remitida de xeito telemático a través do sistema establecido pola Administración autonómica.

Sección 2ª. Réxime de sesións

Artigo 128. Tipos de sesións dos órganos colexiados

1. O réxime de sesións dos órganos colexiados será o establecido na normativa básica en materia de réxime local, na presente lei, no regulamento orgánico e, se for o caso, en acordo plenario.
2. As sesións dos órganos colexiados das corporacións locais poderán ser, segundo a forma de celebración, presenciais, a distancia ou mixtas:
 - a) Son presenciais aquelas sesións nas que a totalidade dos membros asistentes se atopan no lugar de celebración.
 - b) Son a distancia aquelas sesións nas que a totalidade dos membros asistentes utilizan medios electrónicos ou telemáticos para a súa asistencia e participación.
 - c) Son mixtas aquelas sesións nas que a asistencia e participación se produce tanto de xeito presencial coma a distancia.

3. As sesións presenciais dos órganos colexiados das entidades locais celebraranse no lugar que estableza a normativa básica en materia de réxime local.
4. No caso das sesións celebradas a distancia ou das sesións mixtas, a acta indicará esta circunstancia.
5. En todo caso serán presenciais as sesións plenarias que teñan por obxecto:
 - a) A constitución da entidade local.
 - b) A elección da persoa titular da alcaldía ou presidencia da entidade local.
 - c) A moción de censura.
 - d) A cuestión de confianza.
6. Para dar cumprimento ao carácter público das sesións plenarias, estas poderán ser retransmitidas en directo para a cidadanía a través da sede electrónica da entidade local e nas redes sociais da corporación.

Subsección 1ª. Sesións mixtas e a distancia dos órganos colexiados de goberno

Artigo 129. Sesións mixtas

Poderán asistir por medios electrónicos ou telemáticos ás sesións dos órganos colexiados de goberno, participando na votación dos asuntos a tratar, e sempre que quede garantido o sentido do voto e a súa liberdade para emitilo, os membros das entidades locais que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- a) Baixa por risco durante ou embarazo.
- b) Permiso, para ambos os proxenitores, por nacemento e coidado do menor, por adopción, por acollemento e por lactación.
- c) Enfermidade prolongada grave que clara e xustificadamente impida a súa asistencia presencial á sesión.
- d) Imposibilidade de asistencia presencial á sesión por desprazamentos vinculados ao desempeño de funcións públicas
- e) Imposibilidade de asistencia presencial por motivos persoais debidamente xustificadas, cando así se recolla no regulamento orgánico ou se autorice por acordo plenario expreso.

Neste suposto, a asistencia non presencial non poderá ser superior a un terzo das sesións ordinarias anuais da correspondente entidade local.

Artigo 130. Sesións a distancia

A celebración das sesións dos órganos colexiados de goberno das entidades locais poderase levar a cabo a distancia, a través de medios electrónicos ou telemáticos, sempre que se dean as circunstancias excepcionais contempladas na normativa

básica de réxime local, debéndose deixar constancia no expediente de convocatoria da sesión da concorrencia dalgunha desas situacións excepcionais.

Artigo 131. Forma de celebración das sesións a distancia e mixtas

1. O medio electrónico ou plataforma utilizado para celebrar as sesións dos órganos colexiados será preferentemente a videoconferencia, e deberá de permitir unha identificación visual dos asistentes.
2. Nas sesións plenarias e da xunta de goberno local, este sistema de videoconferencia xerará un ficheiro coa gravación audiovisual da sesión, que deberá cumprir uns estándares de autenticidade, para o cal se poderán obter unha serie de evidencias tecnolóxicas que garantan o fiel reflexo do que se tratou na sesión. Así mesmo, deberase garantir a accesibilidade, custodia e conservación, ao longo do tempo e de forma segura, tanto do ficheiro da gravación audiovisual coma das evidencias tecnolóxicas obtidas a fin de garantir a súa autenticidade, conforme aos requisitos establecidos na normativa en materia de seguridade; ficheiro e evidencias que deberán formar parte do expediente electrónico.
3. Nas sesións plenarias e da xunta de goberno local, para a válida constitución do órgano e a celebración das sesións os membros que participen a distancia deberanse atopar en territorio español e deberá quedar acreditada a súa identidade mediante o acceso á sede electrónica con certificado electrónico ou con calquera outro medio que permita a súa correcta identificación.
4. O sistema de emisión do voto será o nominal, e a persoal titular da secretaría comprobará que é correcta a votación e deixará constancia na acta. Durante todo o proceso de votación se deberá garantir a autenticidade do voto e a liberdade para emitilo.
5. Cada entidade local poderá desenvolver regulamentariamente os aspectos concretos do funcionamento das sesións telemáticas.

Subsección 2ª. Sesións mixtas e a distancia dos órganos colexiados diferentes aos órganos colexiados de goberno

Artigo 132. Sesións non presenciais dos órganos diferentes aos de goberno

Os órganos colexiados municipais diferentes aos de goberno poderán celebrar sesións a distancia e mixtas de conformidade coa normativa básica estatal, coa presente lei e, se for o caso, con acordo plenario.

En todo caso rexerán os mesmos requisitos establecidos no artigo anterior.

Sección 3ª. Especialidades nos tipos de votación

Artigo 133. Voto ponderado nos órganos colexiados diferentes aos órganos colexiados de goberno

1. Nos órganos colexiados diferentes aos órganos de goberno das entidades locais, o sistema de voto ponderado poderase utilizar para reflectir axeitadamente a representación proporcional dos grupos políticos no pleno da corporación.
2. Entenderase por voto ponderado o voto emitido por cada membro da corporación que represente tantos votos como membros do grupo político a que pertenza.
3. Antes do comezo de cada votación, o presidente do órgano colexiado anunciará o número total de votos correspondente a cada grupo político segundo a composición vixente do órgano.
4. A acta da sesión recollerá expresamente a utilización do voto ponderado, identificando claramente o resultado numérico final da votación e especificando o número total de votos correspondentes a cada grupo político.
5. A adopción de acordos por votación ponderada requirirá as maiorías legalmente establecidas, computadas a partir do total de votos ponderados emitidos e da súa correspondencia.

CAPÍTULO II. Estatuto dos membros da corporación

Sección 1ª. Da actuación dos membros da corporación

Artigo 134. Grupos políticos

1. Para os efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constituíranse en grupos políticos, na forma e cos dereitos e obrigas que se establezan, con excepción daqueles que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, que terán a consideración de membros non adscritos.
2. Os membros da corporación que adquiran a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva incorporaranse ao grupo correspondente á lista pola que foron elixidos, ou, se for o caso, ao grupo mixto. No primeiro suposto disporán dun prazo de cinco días hábiles, que comezará a contar dende que tomen posesión do seu cargo, para acreditar a súa incorporación ao grupo que corresponda mediante escrito dirixido á persoa titular da presidencia e asinado, así mesmo, polo/a voceiro/a correspondente. Transcorrido o devandito prazo sen manifestaren a súa vontade de integración, e salvo que exista causa de forza maior, integraranse automaticamente no grupo correspondente á lista pola que saíron elixidos, ou, de non contar con grupo propio, no grupo mixto. Do mesmo modo, de manifestaren expresamente, dentro dos cinco días de prazo, a súa vontade de non se integraren

no grupo político correspondente á lista pola que foron elixidos, adquirirán automaticamente a condición de non adscritos.

3. Os grupos políticos rexeranse polo disposto na normativa básica estatal, nesta lei e no regulamento orgánico da corporación e nos respectivos acordos plenarios.

Artigo 135. O grupo mixto

1. Integrarán o grupo mixto os membros da corporación pertencentes aos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións electorais que non obtiveran un mínimo de dous escanos nas correspondentes eleccións.

No momento inmediato posterior á constitución da corporación, ao comezo de cada mandato, as/os concelleiras/os que non queden integrados en ningún grupo por non obter este o mínimo de dous escanos sinalado no apartado anterior pasarán a formar parte do grupo mixto, que-será creado na mesma sesión plenaria.

2. Os grupos políticos validamente constituídos manteranse durante o mandato corporativo a non ser que o número dos seus membros deveña inferior a dous, en cuxo caso se integrarán no grupo mixto.
3. O seu funcionamento establecerase no regulamento orgánico da entidade.

Artigo 136. Os membros non adscritos

1. Terán a consideración de membros non adscritos aqueles membros da corporación que non se integren no grupo político que constitúa a formación electoral pola que foron elixidos e os que abandonen ou sexan expulsados do seu grupo de procedencia. Estas previsións non serán de aplicación no caso de candidaturas presentadas como coalición electoral cando algún dos partidos políticos que a integren decida abandonala.

En calquera caso, a persoa titular da presidencia poderá dirixirse á persoa que obste a representación legal da formación política que presentou a correspondente candidatura para os efectos de que notifique a acreditación das circunstancias indicadas.

2. Así mesmo, terán a condición de membros non adscritos as/os concelleiras/os que concorreran ás eleccións nunha agrupación, partido, federación ou coalición política que fose declarada ilegal por sentenza xudicial firme.
3. Os membros non adscritos terán os dereitos políticos e económicos que individualmente lles correspondan como representantes locais, pero non os derivados con carácter exclusivo da súa pertenza a un grupo político, e exerceranse na forma que determine o regulamento orgánico da corporación.
4. En calquera caso, os dereitos políticos e económicos nunca poderán ser superiores aos que lles correspondería de permaneceren no grupo de procedencia. Nesta mesma liña, o feito de formar parte de todos os órganos colexiados da entidade,

derivado da súa nova condición de membro non adscrito non poderá supor aumento dos seus dereitos económicos en relación cos que tiña con anterioridade.

5. Os membros non adscritos terán dereito a formar parte e votar nos órganos colexiados nos que deban estar proporcionalmente representados os membros da corporación, respectando a citada regra da proporcionalidade, para o cal se poderá aplicar o sistema do voto ponderado. Polo que respecta ás asignacións e aos medios económicos e materiais que se conceden aos grupos políticos, non serán de aplicación as/aos concelleiras/os non adscritos, aos que tampouco se lles poderán asignar outras vantaxes económicas e materiais por razón de tal condición.
6. Os membros non adscritos non poderán posuír a condición de membros con dedicación exclusiva nin parcial, nin ser designados para o desempeño de cargos ou postos directivos nas entidades públicas e privadas dependentes da corporación.

Sección 2ª. Acceso á información

Artigo 137. Acceso á información polos membros da corporación

1. Na súa condición de representantes electos, os membros da corporación teñen dereito a obter do goberno e da Administración local todos os antecedentes, datos, documentos e informacións que resulten necesarios para o exercicio das funcións propias do seu cargo, en especial daquelas relativas ao control e fiscalización da actuación dos órganos de goberno. Este dereito deberase exercer nos termos previstos na normativa básica de réxime local, na presente lei, no regulamento orgánico da entidade e, se for o caso, noutras disposicións de réxime interior da entidade local, garantíndose en todo momento a súa efectividade de forma compatible co funcionamento ordinario dos servizos da entidade.
2. O acceso aos libros de actas e resolucións e aos demais expedientes administrativos por parte dos membros da corporación realizarase de forma electrónica, polo que se deberá posibilitar a súa consulta polos membros da corporación, que disporán de claves de acceso para a consulta directa dos expedientes concretos para os que estean autorizados. Todo iso sen prexuízo da consulta da información en formato papel naqueles casos en que non estean accesibles en formato electrónico.
3. No exercicio das funcións de control e fiscalización dos órganos de goberno, os membros da corporación poderán solicitar a información existente nos servizos municipais mediante escrito dirixido á persoa titular da presidencia no que se deberá concretar de forma precisa o obxecto da petición de información. A resolución desta petición corresponderalle á presidencia, sen prexuízo das delegacións que poida efectuar. A solicitude de acceso entenderase acollida por silencio administrativo no caso de que non se dite e notifique resolución expresa no prazo de cinco días naturais contados desde o seguinte ao da data da súa presentación, e a persoa titular da secretaría, ou persoa que desempeñe estas

funcións, deberalle facilitar ao solicitante o acceso directo ao expediente ou facerlle entrega da información solicitada. En todo caso a resolución denegatoria deberá ser motivada e conter as razóns fundadas en dereito que impidan facilitar a información solicitada.

Artigo 138. Acceso á información sen necesidade de autorización previa

Os membros da corporación poderán acceder a través do xestor de expedientes á seguinte información sen necesidade de solicitar autorización á presidencia:

- a) Información e documentación correspondente aos asuntos a tratar polos órganos colexiados de que formen parte, así como a resolucións ou acordos adoptados por calquera órgano da entidade.
- b) Información ou documentación da entidade local que sexa de libre acceso para a cidadanía.
- c) No caso que exerzan delegacións ou responsabilidades de xestión, á información propia destas.

Todo iso sen prexuízo da consulta da información en formato papel naqueles casos en que non estean accesibles en formato electrónico.

Artigo 139. Condicións para o exercicio do dereito de acceso á información

O dereito de acceso á documentación dos membros da entidade estará suxeito, ademais de ao disposto na normativa básica de réxime local, ás seguintes condicións:

- a) O exercicio deste dereito non poderá supoñer menoscabo ou obstáculo á eficacia administrativa, polo que a solicitude poderá ser denegada mediante resolución da presidencia motivada por esa circunstancia.
- b) As solicitudes de información poderán ser denegadas cando afecten a información cuxo acceso estea limitado pola Constitución ou pola lei, ou cando o acceso a esa información poida prexudicar outros dereitos constitucionais ou protexidos legalmente. A resolución denegatoria será en todo caso motivada.
- c) Os membros da entidade local teñen o deber de gardar confidencialidade e reserva en relación coa información a que accedan para posibilitar o desenvolvemento da súa función, especialmente en relación coa que debe servir de fondo para as decisións que aínda estean pendentes de adopción, evitando a reprodución da documentación. Serán responsables do uso que fagan da mesma para outros fins alleos á súa función representativa, en particular no que respecta á difusión de datos persoais obxecto de protección.

CAPÍTULO III. Regras complementarias de funcionamento da Administración local

Artigo 140. Procedemento administrativo das entidades locais

1. O procedemento administrativo das entidades locais, así como a tramitación dos expedientes administrativos da súa competencia, rexerase polo disposto na lexislación estatal básica en materia de réxime local e de procedemento administrativo común, polas previsións contidas na presente lei e mais polos regulamentos e ordenanzas que aproben as propias entidades locais no exercicio da súa potestade regulamentaria de conformidade coa lexislación estatal e autonómica de aplicación. Todo isto sen prexuízo das especialidades contidas na presente lei ou noutra normativa respecto dos municipios en situación de reto demográfico.
2. As entidades locais poderán desenvolver e adaptar, mediante disposicións normativas propias, os procedementos administrativos ás súas características organizativas e funcionais, sempre respectando os principios de legalidade, seguridade xurídica, eficacia, eficiencia, proporcionalidade, transparencia, responsabilidade, simplificación administrativa, proximidade á cidadanía, interoperabilidade e respecto aos dereitos e garantías das persoas interesadas.

Artigo 141. Expedientes administrativos

1. Os expedientes administrativos iniciaranse ou ben á instancia das persoas interesadas, ou ben de oficio mediante resolución da persoa titular da presidencia ou do órgano que teña delegada a competencia. O inicio realizarase mediante providencia de incoación na que se acordará expresamente o inicio do procedemento, así como a práctica dos trámites e a solicitude dos informes que resulten preceptivos ou procedentes, de conformidade coa normativa aplicable en función da natureza e obxecto do expediente.
2. Concluídos os expedientes administrativos, remitiranse á persoa titular da secretaría para a súa revisión antes de ser sometidos á consideración do órgano competente en cada caso. Nos expedientes das convocatorias das sesións dos órganos colexiados de goberno deberá constar a relación de expedientes concluídos, asinada pola persoa titular da secretaría, que se poñen á disposición da presidencia para seren engadidos na orde do día da correspondente sesión.
3. A revisión do expediente pola persoa titular da secretaría limitarase á comprobación do órgano competente e, se for o caso, da constancia de informe ou trámite preceptivo. No suposto de que a persoa titular da secretaría advirta que un expediente que se lle remite non está concluído por carecer dalgún informe ou trámite preceptivo, poderá devolver motivadamente o expediente ao servizo correspondente para efectos da súa emenda ou xustificación. Se algún expediente non se remitiu á persoa titular da secretaría, ou non se emendou ou xustificou

debidamente ao ser devolto, farase constar mediante dilixencia na propia resolución da presidencia que se adopte, ou na relación de expedientes concluídos da sesión do órgano colexiado de goberno correspondente, engadindo as observacións oportunas.

Artigo 142. Uso de sistemas de intelixencia artificial na toma de decisións no ámbito local

1. As entidades locais e os entes que integran o seu sector público institucional poderán adoptar actos administrativos de forma automatizada, sen intervención directa de persoal ao servizo da Administración, mediante a utilización de sistemas de intelixencia artificial, no marco de procedementos administrativos nos que se exerzan potestades regradas e de conformidade co establecido na normativa europea e estatal de aplicación.
2. De maneira excepcional, poderán adoptarse actos administrativos automatizados no exercicio de potestades discrecionais sempre que a marxe de discrecionalidade se esgotara previamente na fase de deseño do sistema de intelixencia artificial e o dito esgotamento quede debidamente documentado e xustificado no expediente correspondente.
3. Así mesmo, as entidades locais e o seu sector público poderán basear as súas decisións administrativas nas recomendacións, avaliacións ou predicións emitidas por sistemas de intelixencia artificial sempre que se garanta a supervisión humana adecuada, a rastrexabilidade das decisións e o cumprimento dos principios de legalidade, transparencia, proporcionalidade e non discriminación.
4. O uso de sistemas de intelixencia artificial na tramitación de procedementos e na adopción de decisións administrativas deberase axustar, en todo caso, á normativa vixente en materia de protección de datos, transparencia, bo goberno, función pública e dereitos da cidadanía, así como aos principios éticos do desenvolvemento e uso responsable da intelixencia artificial no sector público.

Artigo 143. Uso ético da intelixencia artificial

1. A utilización de sistemas de intelixencia artificial no ámbito local deberase axustar, entre outros, aos principios de legalidade, transparencia algorítmica, non discriminación, responsabilidade institucional, explicabilidade, supervisión humana e reserva de humanidade e respecto aos dereitos fundamentais.
2. As entidades locais garantirán que todo sistema de intelixencia artificial que teña impacto sobre decisións administrativas, dereitos das persoas ou asignación de recursos públicos estea suxeito a unha avaliación de impacto ético e xurídico, así como a mecanismos de auditoría interna ou externa e supervisión periódica.
3. Os algoritmos utilizados deberán estar documentados, ser auditaíbles e, cando cumpra, ser publicados ou explicados de forma comprensible, asegurando a

rastrexabilidade e o control humano significativo sobre as decisións automatizadas.

4. Promoverase a formación do persoal local en alfabetización algorítmica e ética dixital, así como a creación de comités ou unidades técnicas de asesoramento no despregamento responsable de tecnoloxías automatizadas no ámbito local.

CAPÍTULO IV. Emprego público local

Sección 1ª. Especialidades do persoal ao servizo das entidades locais

Artigo 144. Réxime xurídico

O persoal ao servizo das entidades locais rexerase polo establecido na normativa básica do Estado e na normativa de función pública da Comunidade Autónoma de Galicia, e nas súas disposicións de desenvolvemento e, no seu caso, polas disposicións e acordos da respectiva entidade local.

Artigo 145. Formación do persoal

A Xunta de Galicia, a través da Escola Galega de Administración Pública, impulsará programas específicos orientados ao perfeccionamento, especialización e promoción profesional do persoal ao servizo das entidades locais, prestando especial atención á actualización permanente das súas competencias técnicas, directivas e dixitais, así como á mellora da calidade na prestación dos servizos públicos locais.

Artigo 146. Tribunais de selección dos empregados públicos locais

1. Cada entidade local desenvolverá os procesos de selección do seu persoal propio, de acordo coas regras básicas e programas mínimos fixados pola normativa básica estatal e pola lexislación autonómica de emprego público e as súas disposicións de desenvolvemento. Os procesos de selección e os procedementos de provisión de postos de traballo do persoal propio das entidades locais réxense polas bases que aprobe o órgano competente da entidade local de acordo coa lexislación de réxime local.
2. Os tribunais de selección dos empregados públicos locais deberán axustar a súa composición aos principios e requisitos establecidos na normativa básica estatal de aplicación e na normativa autonómica de emprego público. Deberán de estar constituídos por cinco membros titulares e cinco suplentes.
3. Na composición dos tribunais de selección respectaranse estritamente os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como a presenza equilibrada de homes e mulleres.

4. As deputacións provinciais e a Xunta de Galicia poderán constituír, xestionar e manter bolsas de traballo de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal co obxecto de dar cobertura a necesidades urxentes e inaprazables derivadas de ausencias temporais, vacantes ou reforzos extraordinarios nos concellos afectados.
5. A utilización polos concellos destas bolsas requirirá solicitude na que se xustifique a cobertura do posto de traballo, de conformidade co sinalado no apartado anterior.

Artigo 147. Traballo non presencial nas entidades locais

1. O teletraballo defínese como aquela modalidade de prestación de servizos a distancia na que se pode desenvolver o contido competencial do posto de traballo fóra das dependencias da Administración mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que as necesidades do servizo o permitan.
2. O emprego do teletraballo deberá contribuír a unha mellor organización do traballo a través da identificación de obxectivos e da avaliación do seu cumprimento, ao igual ca a prestación de servizos en réxime de presencialidade. Será compatible e complementario coa modalidade presencial, e garantirase en todo caso unha atención directa presencial á cidadanía.
3. A prestación do servizo mediante teletraballo debe ser expresamente autorizada pola presidencia ou órgano en quen delegue, sen que en ningún caso se poidan autorizar máis de dous días á semana en réxime de teletraballo, ou o 40 % da xornada semanal. En todo caso esta modalidade de prestación terá carácter voluntario e reversible, salvo supostos excepcionais debidamente xustificados.
4. Os regulamentos das entidades locais poderán contemplar, en desenvolvemento da lexislación estatal básica e da presente lei, os requisitos obxectivos, subxectivos e técnicos para a súa autorización, os dereitos e deberes dos empregados públicos nesta modalidade de prestación do servizo e mais o procedemento concreto para a súa autorización e seguimento posterior.

Sección 2ª. Persoal directivo público profesional local

Artigo 148. Postos directivos profesionais das entidades locais

1. Os concellos de máis de 30.000 habitantes e as deputacións provinciais definirán, en uso das súas potestades de autoorganización e en función das políticas que en cada caso queiran impulsar, a estrutura de postos directivos profesionais da entidade, de acordo co disposto na presente lei e, se for o caso, na lexislación básica ou autonómica que sexa de aplicación.

2. Considerase persoal directivo público profesional aquel persoal que, sen prexuízo do réxime aplicable aos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional nos municipios de gran poboación e demais persoal directivo de as ditas entidades, sexa titular de postos que pertencen aos municipios cuxa poboación supere os 30.000 habitantes ou ás deputacións provinciais e que respondan a algunha das tipoloxías que se enumeran seguidamente:
 - a) Os postos que asuman funcións de coordinación xeral, xerencia, dirección de área ou xerencia de sector da estrutura administrativa das entidades locais.
 - b) Os postos de máxima responsabilidade de organismos autónomos locais, entidades públicas empresariais, sociedades mercantís, consorcios ou fundacións de sector público local.
 - c) Así mesmo, sempre que así o acorde o órgano competente, poderán ter a consideración de postos de persoal directivo público profesional local os postos de maior responsabilidade das estruturas ou dos programas que se cren para desenvolver proxectos de xestión ou encomendas especiais de carácter temporal coa finalidade de desenvolver ou impulsar, por razóns excepcionais ou conxunturais, unha determinada política sectorial. Estes postos directivos non terán natureza estrutural e amortizaranse cando finalice o proxecto de xestión ou a encomenda especial.
3. A determinación dos postos directivos no ámbito de cada área, así como a súa denominación, levarase a cabo mediante un instrumento de ordenación diferenciado da relación de postos de traballo da entidade local correspondente. Este instrumento deberá determinar as características específicas das funcións dos órganos directivos.
4. A aprobación dese instrumento de ordenación corresponderalle ao pleno, baixo proposta da presidencia da entidade local, salvo nos municipios de gran poboación, onde será competencia da xunta de goberno local.
5. O nomeamento do persoal directivo público profesional local ou a formalización do correspondente contrato laboral de alta dirección serán competencia da presidencia da entidade, de acordo co que se prevé na presente lei. O nomeamento ou a formalización de contrato serán postos en coñecemento do pleno da entidade na sesión inmediata seguinte.

Artigo 149. Requisitos para a cobertura dos postos do persoal directivo público profesional

1. Nos termos previstos na presente lei, e sen prexuízo do disposto na normativa básica estatal, os postos directivos das entidades locais poderán ser cubertos por persoal que teña a condición de empregado público como funcionario de carreira ou laboral fixo.

2. En todo caso o desempeño dos postos de traballo de natureza directiva pública profesional das entidades locais require atoparse en posesión de titulación universitaria de grao ou equivalente.
3. O persoal directivo público profesional someterase ao réxime de incompatibilidades e conflitos de intereses que resulte de aplicación aos cargos públicos, de acordo coa normativa básica de réxime local, a lexislación de emprego público de Galicia e os preceptos desta lei.

Artigo 150. Funcións do persoal directivo público profesional

1. Os postos directivos reservados a persoal funcionario de habilitación de carácter nacional exercerán, en todo caso, as funcións reservadas á correspondente escala e subescala de funcionarios establecidas na normativa de réxime local, e aquelas outras que se prevexan na lexislación aplicable, en razón do seu carácter directivo.
2. As funcións que exercerán os demais postos directivos serán aquelas que lles sexan asignadas pola entidade local en que se integran en atención á estrutura organizativa que adopte, e incluirán, en todo caso, as seguintes:
 - a) Dirección e coordinación técnica da área, ou das distintas áreas no caso da coordinación xeral ou xerencia local ou da entidade do sector público, función que implicará impulsar a planificación estratéxica e operativa coa finalidade de aliñar a política e a xestión.
 - b) Dirección e xestión técnica dos servizos e do persoal asignado, se for o caso, a cada área, organismo autónomo local, entidade pública empresarial local, sociedade mercantil, fundación pública local ou entidade instrumental.
 - c) Calquera outras que, a través da estrutura organizativa que adopte cada entidade local, se lles poida asignar pola súa proximidade material ou pola especial cualificación do persoal, e que deban desenvolver de maneira complementaria.

Artigo 151. Provisión dos postos de persoal directivo público profesional das entidades locais

1. Os postos definidos como correspondentes a persoal directivo público profesional das entidades locais cubriranse mediante convocatoria pública, que se publicará no boletín oficial da provincia que corresponda en razón do ámbito de actuación da entidade convocante e mais na web e/ou portal de transparencia da correspondente entidade.
2. A adquisición da condición de persoal directivo público profesional basearase nos principios de mérito e criterios de capacidade e idoneidade, e realizarase mediante procedementos que garantan a publicidade e a concorrência.

3. Os sistemas de provisión de postos de persoal directivo público profesional, serán os previstos na lexislación de emprego público galega. O nomeamento, situacións administrativas e cesamento dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, que teñan a condición de persoal directivo público profesional, para os postos reservados rexeranse pola súa normativa específica.
4. Por medio do regulamento orgánico da respectiva entidade, poderanse determinar as características específicas das funcións dos órganos directivos, nos termos previstos na normativa básica estatal.
5. O cesamento dos cargos directivos producirase por causas obxectivas vinculadas a unha avaliación negativa do desempeño, perda de confianza ou dificultades graves e continuadas de integración no equipo directivo. Ao persoal funcionario de carreira cesado como cargo directivo concederáselles garantías análogas ás previstas na normativa autonómica para o persoal funcionario que cese nos postos de traballo previstos polo procedemento de libre designación.
6. No caso de cese do persoal directivo con contrato laboral de alta dirección, serán de aplicación as normas específicas de extinción deste tipo de contrato.

Artigo 152. Retribucións e avaliación da xestión

1. A retribución do persoal directivo público profesional consistirá nunha parte fixa, que se determinará pola titulación académica, a progresión acadada na carreira directiva e as características do cargo directivo desempeñado, conforme as retribucións básicas correspondentes, e, se for o caso, unha parte variable, que estará vinculada á consecución dos obxectivos establecidos no acordo de xestión, de conformidade co establecido pola respectiva entidade local.
2. As entidades locais deberán establecer o correspondente procedemento de avaliación de acordo cos criterios de eficacia e eficiencia, responsabilidade pola súa xestión e control de resultado.

Artigo 153. Persoal directivo dos municipios de gran poboación

1. O disposto na presente sección enténdese sen prexuízo da aplicación das previsións recollidas na normativa básica de réxime local aplicable aos municipios de gran poboación en materia de órganos directivos, no que afecta tanto aos postos que deben considerarse en todo caso como postos directivos coma aos requisitos formais para o nomeamento e cesamento dos seus titulares e ás competencias dos órganos superiores en relación con tales postos e cos seus titulares.
2. De acordo co principio de autoorganización, e establecendo as equivalencias que procedan con respecto ás especificacións da normativa básica de réxime local, os municipios de gran poboación poderán determinar estruturas directivas con denominacións distintas ás recollidas na normativa básica de réxime local, e así mesmo poderán agrupar órganos directivos co fin de que poidan ser desempeñados pola mesma persoa.

Sección 3ª. Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional

Artigo 154. Cobertura dos postos de habilitación nacional no supostos de fusións municipais

Aplicaranse as seguintes regras ao persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional que presten servizos nos concellos fusionados:

- a) Se o municipio resultante tivese menos de 5.000 habitantes e unicamente precisara da existencia preceptiva dun habilitado nacional, permanecerá no posto o que teña a praza en propiedade. No caso de que existan varios habilitados nacionais coa súa praza en propiedade, permanecerá no posto o que teña maior puntuación no baremo de méritos xerais. O resto de persoal con habilitación de carácter nacional, no caso de ter praza en propiedade noutra entidade local, deberá incorporarse ao posto do que sexan titulares e, nos demais supostos, poderá optar por quedar na situación de expectativa de nomeamento ou ser transferido á Comunidade Autónoma, integrándose plenamente no corpo superior da Administración xeral.
- b) Se o municipio resultante tivese máis de 5.000 habitantes ou precisara cubrir varios postos de habilitados nacionais, a Comunidade Autónoma procederá a clasificar os postos e a adxudicalos aos habilitados existentes, tendo preferencia os que pertencen á mesma categoría que a do novo posto. En caso de que varios se atopen nesta situación, prevalecerá o que teña maior puntuación no baremo de méritos xerais. Aos restantes habilitados aplicaráselles o previsto na letra a deste artigo.

Artigo 155. Mobilidade interadministrativa

Os funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional poderán acceder a postos na Comunidade Autónoma de Galicia de adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e comunidades autónomas nos procedementos convocados para o efecto, en consideración ás súas especialidades e á súa dependencia normativa da Administración xeral do Estado e da Administración da Comunidade Autónoma. .

Artigo 156. Organización colexial

Os funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que desenvolvan as súas funcións en Galicia poderán constituír unha organización colexial de ámbito autonómico ou provincial para os efectos, entre outros, de manter relacións institucionais cos organismos correspondentes da Administración autonómica.

TÍTULO VII. FÓRMULAS DE COOPERACIÓN E COLABORACIÓN

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Sección 1ª. Marco xeral da cooperación local e supramunicipal

Artigo 157. Principios xerais da colaboración interadministrativa e supramunicipal

1. As entidades locais poderán establecer mecanismos de colaboración entre si, así como con outras administracións públicas, co fin de garantir a prestación eficaz e sostible dos servizos públicos de competencia local, promover o desenvolvemento territorial equilibrado e optimizar os recursos dispoñibles mediante a cooperación institucional.
2. As fórmulas de colaboración intermunicipal e supramunicipal deberán respectar, en todo caso, os principios de autonomía local, voluntariedade, lealdade institucional, eficiencia, sostibilidade financeira e adecuación aos fins públicos que as xustifiquen.

Artigo 158. Fomento das fórmulas de colaboración

1. A Xunta de Galicia fomentará e apoiará o desenvolvemento de fórmulas asociativas de cooperación local, especialmente naqueles ámbitos en que resulte necesario alcanzar economías de escala, garantir o cumprimento de estándares mínimos de calidade na prestación de servizos ou reforzar a capacidade técnica e organizativa dos municipios de menor dimensión.
2. As fórmulas de colaboración poderán adoptar, entre outras, as modalidades de mancomunidades de municipios, consorcios, convenios interadministrativos, áreas funcionais de carácter temporal, delegacións de competencias ou encomendas de xestión, conforme a normativa básica estatal e a normativa autonómica que as desenvolva.

Sección 2ª. Competencias autonómicas de coordinación

Artigo 159. Funcións de coordinación

1. As leis da Comunidade Autónoma reguladoras dos diferentes sectores da acción pública poderanlle atribuír ao Consello da Xunta a facultade de coordinar o exercicio das competencias propias das entidades locais entre si e, especialmente, coas da Comunidade Autónoma.
2. A coordinación terá por finalidade a fixación de medios e sistemas de relación que fagan posible a información recíproca, a homoxeneidade técnica en diversos aspectos e a acción conxunta das distintas administracións públicas no exercicio

das súas respectivas competencias, de tal xeito que se logre a integración na globalidade do sistema.

3. As leis de Galicia que regulen os distintos sectores da acción pública preverán, se for o caso, o correspondente traspaso dos medios e servizos persoais, técnicos e financeiros, a través da constitución dunha comisión sectorial.
4. As funcións de coordinación non afectarán en ningún caso á autonomía das entidades locais.
5. Os instrumentos de coordinación non poderán comprometer os recursos locais de maneira obrigatoria e terán especialmente por obxecto o cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Artigo 160. Leis de coordinación

1. De conformidade co que establece o artigo anterior, as leis reguladoras dos diferentes sectores da acción pública poderanlle atribuír á Xunta de Galicia a facultade de coordinar a actividade das entidades locais por medio de plans sectoriais de coordinación.
2. As leis ás que se refire o apartado anterior deberán:
 - a) Precisar, con suficiente detalle, as condicións e os límites particulares da coordinación.
 - b) Establecer as modalidades de control parlamentario de conformidade cos procedementos específicos fixados polo regulamento do Parlamento.
 - c) Definir de maneira concreta, e en relación cunha materia, servizo ou competencia determinados, os intereses xerais ou comunitarios que se articularán a través de plans sectoriais, os cales determinarán os obxectivos e prioridades da acción pública na materia correspondente e os medios técnicos, económicos e persoais cos que se conte. Estes obxectivos e prioridades poderán ser de obrigado cumprimento para a Administración autonómica e para as entidades locais implicadas.
 - d) Establecer os correspondentes órganos ou instrumentos de coordinación, nos que se garantirá a participación das entidades locais interesadas.
3. Na redacción dos proxectos de plans sectoriais garantirase a participación das entidades locais interesadas. Unha vez redactados someteranse a informe da Comisión Galega de Cooperación Local e serán aprobados por decreto do Consello da Xunta, baixo proposta da persoa titular da consellería competente en materia de Administración local.

As entidades locais exercerán as súas facultades de programación, ordenación e execución dos servizos e actividades da súa competencia no marco das previsións dos plans sectoriais de coordinación.

CAPÍTULO II. Convenios de cooperación e colaboración

Artigo 161. Disposicións xerais

1. A Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia.

Os convenios procurarán a eliminación de duplicidades na prestación dos servizos a través do exercicio conxunto de competencias e a colaboración e cooperación para a prestación dos servizos ou para a realización das actividades, así como o seu financiamento conxunto.

2. A través dos convenios de cooperación, as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector; distribuír as subvencións outorgadas por unha delas con referencia ao ámbito territorial ou poboación doutra; executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes; compartir as sedes, locais ou edificios que sexan precisos para o desenvolvemento de competencias concorrentes; ceder e aceptar a cesión de uso dos bens patrimoniais; desenvolver actividades de carácter prestacional; e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores.
3. As entidades locais poderán asinar convenios de colaboración para solicitar de xeito agrupado subvencións públicas que teñan por finalidade a realización de obras ou a prestación de servizos no ámbito territorial de todas as entidades agrupadas. A Administración autonómica facilitará os instrumentos necesarios para posibilitar a subscrición e a efectividade destas fórmulas de colaboración.
4. En especial, as deputacións provinciais poderán subscribir, con todos ou algún dos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais e a maior eficacia na prestación destes.
5. A subscrición destes convenios axustarase ao establecido na lexislación básica en materia de réxime xurídico do sector público, así como ás disposicións que resulten de aplicación en materia de réxime local, facenda pública e control financeiro.

Artigo 162. Instrumentos de formalización

1. Os instrumentos de formalización dos convenios de colaboración e cooperación, sen prexuízo do disposto na normativa básica de aplicación, deberán especificar:
 - a) As entidades que subscriben o convenio.
 - b) A competencia que exerce cada Administración.
 - c) O seu financiamento e, se for o caso, os medios persoais e materiais afectados.
 - d) A definición dos mecanismos de asistencia técnica, coordinación ou actuación conxunta previstos para facer efectiva a colaboración-cooperación.

- e) A necesidade ou non de establecer unha organización para a súa xestión.
 - f) O prazo de vixencia –o que non impedirá a súa prórroga se así o acordan as partes asinantes do convenio– e os mecanismos de denuncia ou solución de controversias.
 - g) A extinción por causa distinta á prevista na letra anterior, así como a forma de determinar as actuacións en curso para o suposto de extinción.
 - h) No suposto de convenios de colaboración para solicitar de xeito agrupado subvencións públicas, deberá especificarse a entidade local que actuará para todos os efectos como representante da agrupación.
2. Os convenios deberán ir acompañados dunha memoria na que consten os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

CAPÍTULO III. Fórmulas de cooperación para o exercicio de competencias municipais

Sección 1ª. Áreas funcionais de carácter temporal

Artigo 163. Áreas funcionais de carácter temporal

1. Poderán constituírse agrupacións de municipios baixo a forma de áreas funcionais de carácter temporal, co obxectivo de prestar conxuntamente servizos públicos locais ou desenvolver actuacións de interese común. Estas áreas constituiranse preferentemente entre municipios limítrofes ou pertencentes a unha mesma área territorial, atendendo a criterios de proximidade xeográfica, afinidade territorial e complementariedade competencial.
2. As áreas funcionais de carácter temporal terán como finalidade a xestión compartida, eficiente e colaborativa de proxectos, servizos ou competencias concretas durante o tempo que se manteña a vixencia da actuación ou do financiamento que a sustenta, e como mínimo durante dous anos. Unha vez extinguido o prazo previsto, que non superará os catro anos, prorrogables por un período igual por unha única vez, a área funcional disolverase automaticamente, salvo que as entidades integrantes acorden expresamente a súa transformación nunha mancomunidade de conformidade co procedemento regulado no Título V.
3. A constitución e funcionamento destas áreas formalizarase mediante a sinatura do correspondente convenio interadministrativo, con idéntico contido ao previsto no artigo 162 e de conformidade coa normativa básica. A tramitación do procedemento administrativo para a aprobación do convenio terá carácter prioritario para os servizos municipais implicados, especialmente cando a execución dos proxectos estea suxeita a prazos vinculados a convocatorias de financiamento público.

4. A Administración autonómica poderá prestar apoio técnico e xurídico ás entidades locais para a posta en marcha destas áreas funcionais de carácter temporal, así como fomentar a súa utilización como ferramenta útil para a prestación eficiente dos servizos públicos, a innovación territorial e a cohesión local.
5. A prestación conxunta de competencias e servizos a través das áreas funcionais de carácter temporal non implicará delegación ou transferencia da competencia, xa que non se alterará a titularidade da mesma.

Sección 2ª. Agrupacións de municipios en materia de persoal para o sostemento en común

Artigo 164. Supostos de agrupación

1. Os municipios que, por insuficiencia de recursos económicos, non poidan soste as prazas reservadas a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional poderanse agrupar entre si para os únicos efectos do sostemento en común do dito persoal.
2. As entidades locais poderanse agrupar tamén co obxecto de soste en común prazas de funcionarios de carreira ou de persoal laboral fixo, cando a súa capacidade económica non lles permita sostela por si soas.
3. A consellería competente en materia de Administración local prestará asistencia técnica, asesoramento xurídico e apoio institucional para a constitución e funcionamento destas agrupacións.

Artigo 165. Regras de funcionamento das agrupacións

1. O funcionamento das agrupacións de municipios a que se refire o artigo anterior rexerá polo establecido nos estatutos que a tal fin elaborará unha comisión constituída para o efecto, integrada por representantes dos municipios agrupados designados por acordo dos seus respectivos plenos.
2. Os devanditos estatutos deberán conter, como mínimo:
 - a) A determinación da participación económica que corresponderá a cada entidade integrante, en función de criterios obxectivos previamente establecidos.
 - b) O réxime de adscrición e distribución do tempo de dedicación do persoal entre os distintos municipios agrupados.
 - c) A atribución da xefatura funcional e orgánica do persoal, de conformidade co disposto na normativa aplicable.
 - d) As normas de funcionamento interno da agrupación e os mecanismos de modificación ou disolución da mesma.

- e) A designación do concello representante da agrupación, que encargárase da tramitación dos expedientes que afecten á agrupación e da cobertura do praza obxecto da agrupación.

Artigo 166. Procedemento de constitución, modificación e disolución das agrupacións

O procedemento de constitución, modificación e disolución destas agrupacións municipais axustarase ás seguintes regras:

- a) Iniciación por acordo dos municipios interesados solicitando o agrupamento en materia de persoal. Este acordo debe ser adoptado polos plenos das diferentes corporacións por maioría simple.
- b) Solicitud de informe da deputación provincial ou deputacións provinciais respectivas polo concello representante da agrupación. Tales informes deberán ser emitidos no prazo dun mes a partir da súa solicitude, e entenderanse favorables no caso de non se recibir no referido prazo.
- c) Remisión do expediente polo concello representante da agrupación á consellería competente en materia de Administración local para a súa aprobación definitiva mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de Administración local, logo de proposta favorable da Dirección Xeral de Administración Local.
- d) Publicación no *Diario Oficial de Galicia* da orde pola que se constitúe, se modifica ou se dissolve a agrupación voluntaria de municipios.

Artigo 167. Constitución e uso de bolsas de persoal temporal polos concellos

1. Os concellos poderanse adherir ás bolsas de traballo de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal doutros concellos, co obxecto de dar cobertura a necesidades urxentes e inaprazables derivadas de ausencias temporais, vacantes ou reforzos extraordinarios nos concellos afectados.
2. A utilización por parte dos concellos destas bolsas requirirá unha solicitude de adhesión na que se xustifique a necesidade de cobertura do posto de traballo, de conformidade co sinalado no apartado anterior, e a aceptación do concello titular da bolsa. Para estes efectos, o silencio administrativo será negativo.

CAPÍTULO IV. Órganos de colaboración interadministrativa

Sección 1ª. Comisión Galega de Cooperación Local

Artigo 168. Concepto

A Comisión Galega de Cooperación Local constitúese como órgano permanente de colaboración para a coordinación entre a Administración autonómica e as entidades locais galegas.

Artigo 169. Composición

1. A Comisión Galega de Cooperación Local estará integrada, de xeito paritario, por representantes da Comunidade Autónoma e por representantes das entidades locais.

O número total de compoñentes será de dezoito membros:

- a) A representación da Comunidade Autónoma corresponderá á persoa titular da presidencia da Xunta, á persoa titular da consellería competente en materia de Administración local e a aqueles outros membros que designe o Consello da Xunta.
 - b) As entidades locais estarán representadas polos presidentes das catro deputacións provinciais e polos representantes que designe a Federación Galega de Municipios e Provincias.
2. A presidencia da Comisión Galega de Cooperación Local será desempeñada pola persoa titular da presidencia da Xunta, ou persoa en quen delegue.

Artigo 170. Regulamento de funcionamento

A Comisión Galega de Cooperación Local elaborará o seu regulamento de organización e funcionamento e remitirallo á consellería competente en materia de Administración local, que o elevará ao Consello da Xunta para a súa aprobación.

Artigo 171. Funcións e competencias

1. A Comisión Galega de Cooperación Local exercerá as funcións consultiva, deliberativa e de coordinación nas materias que se determine regulamentariamente.
2. Crearanse as subcomisións ou grupos de traballo técnico que se consideren oportunos. En todo caso existirá unha subcomisión permanente de réxime económico e financeiro.
3. A composición e funcionamento das subcomisións e grupos de traballo que se creen determinaranse regulamentariamente.

Artigo 172. Outros posibles órganos de colaboración

1. Ademais da Comisión Galega de Cooperación Local, e mediante lei, poderanse crear outros órganos paritarios de colaboración, cooperación e coordinación. A lei de creación determinará:

- a) A composición e funcionamento do órgano.
 - b) As funcións e o ámbito material e territorial de actuación.
2. As funcións atribuídas aos órganos de colaboración terán carácter deliberativo ou consultivo.
 3. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo dos órganos específicos que poidan establecer os plans sectoriais de coordinación.

Sección 2ª. Consorcios

Artigo 173. A creación de consorcios

1. As entidades locais galegas poderán, con carácter voluntario, constituír consorcios locais entre si ou:
 - a) Con outras administracións públicas para fins de interese común.
 - b) Con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos das administracións públicas. Neste caso, en todos os órganos de goberno dos que se dote o consorcio deberase garantir a presenza maioritaria do sector público.
2. A iniciativa para a constitución dun consorcio local poderá partir dun ou de varios entes locais interesados. Os expedientes para a constitución de consorcios locais de ámbito local, así como para a elaboración e subseguinte aprobación dos seus estatutos, iniciaranse cos acordos das entidades locais promotoras, que deberán ser adoptados pola maioría absoluta do número legal de membros das corporacións.
3. O procedemento para a creación e disolución dun consorcio rexerase polo establecido na normativa básica estatal e na presente lei.
4. A creación de consorcios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. A constitución dun consorcio so poderá ter lugar cando a cooperación non se poida formalizar a través dun convenio e sempre que, en termos de eficiencia económica, aquela permita unha asignación máis eficiente dos recursos económicos. En todo caso se terá que verificar que a constitución do consorcio non porá en risco a sostibilidade financeira do conxunto da facenda da entidade local de que se trate, así como do propio consorcio, que non poderá demandar máis recursos dos inicialmente previstos.

Sección 3ª. Cooperación internacional

Artigo 174. Cooperación internacional das entidades locais galegas

1. As entidades locais poden cooperar coas entidades territoriais doutros estados no marco, se for o caso, dos tratados internacionais multilaterais ou bilaterais

ratificados por España e de conformidade coa normativa autonómica reguladora da acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia

2. A cooperación internacional para o desenvolvemento terá lugar de acordo coa normativa específica e no marco da coordinación que fixen os poderes competentes do Estado para garantir a boa execución desta política pública, respectando sempre o principio de non duplicidade no exercicio das competencias.
3. Os municipios poderán cooperar con outros municipios portugueses veciños e chegar a formalizar eurociudades baixo a cobertura xurídica dunha agrupación europea de cooperación territorial ou de calquera outra forma xurídica con ou sen personalidade recoñecida polos respectivos ordenamentos portugués e galaico-español, e de conformidade co disposto na normativa autonómica pola que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Para tal fin, a Xunta de Galicia poderá:
 - a) Ofrecer servizos de información, formación e asistencia técnica para facilitar o acceso e a xestión eficaz dos fondos europeos.
 - b) Establecer mecanismos de coordinación e seguimento da participación galega nos instrumentos de cooperación territorial da Unión Europea.
5. Así mesmo, crearase e manterase un rexistro autonómico de iniciativas de cooperación internacional local no que se inscribirán, para efectos de coñecemento e coordinación, as actuacións desenvolvidas polas entidades locais galegas en materia de cooperación para o desenvolvemento, acción humanitaria, cooperación transfronteiriza ou participación en redes e proxectos internacionais. A inscrición neste rexistro terá carácter obrigatorio, sen prexuízo das obrigas de información e xustificación derivadas da normativa sectorial aplicable.
6. A Xunta de Galicia poderá recoñecer e difundir as boas prácticas municipais en materia de cooperación internacional e fomentar a participación en foros, redes e alianzas internacionais de cidades e gobernos locais.

TÍTULO VIII. Goberno aberto

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 175. Goberno aberto nas entidades locais

1. O goberno aberto constitúe un paradigma de gobernanza pública orientado ao fortalecemento democrático e á mellora da calidade institucional, sustentado nos principios de transparencia, integridade, rendición de contas, participación activa da cidadanía e colaboración coas partes interesadas. Este modelo promove a adopción de mecanismos, ferramentas e procedementos innovadores que posibiliten unha xestión pública máis accesible, próxima e responsable, favorecendo a confianza cidadá nas institucións.
2. As entidades locais, pola súa condición de administracións públicas de proximidade e primeira instancia de contacto coa cidadanía, represéntanse como o espazo idóneo para a implementación efectiva das políticas públicas de goberno aberto. Neste sentido, deberán desenvolver actuacións e instrumentos que garantan o acceso á información pública, a participación cidadá na toma de decisións, a integridade institucional e a avaliación continua da acción pública, de conformidade co disposto no presente título e na normativa sectorial, así como nos estándares nacionais e internacionais vixentes nesta materia.

Artigo 176. Portal de transparencia e goberno aberto local de Galicia

1. As entidades locais poderán crear nas súas sedes electrónicas ou webs un portal de transparencia e goberno aberto onde facilitar toda a información pública derivada das obrigas de transparencia previstas nesta lei, así como a información que ten que ver co seu desenvolvemento, coa normativa relacionada ou con calquera outra cuestión que a entidade respectiva queira achegar na procura da excelencia na xestión en termos de calidade democrática e solidez das institucións públicas.
2. Para os efectos do sinalado no apartado anterior, as entidades locais poderanse adherir ao portal de transparencia local da Xunta de Galicia, plataforma web habilitada como instrumento para facilitar a todos os concellos a aplicación das súas obrigas en materia de transparencia e facilitar tamén a consulta da información relativa á actividade da Administración local.
3. As deputacións provinciais poderán crear un portal de transparencia e goberno aberto ao que se poidan adherir as entidades locais do seu ámbito territorial e que deberá incluír os contidos esixidos pola normativa aplicable. Así mesmo, disporán dos medios materiais e persoais necesarios para facilitar a creación dun portal de transparencia propio para as entidades locais que o requiran.

4. Os portais de transparencia e goberno aberto local contarán cun espazo onde a cidadanía e outros axentes que integran o tecido socioempresarial poderán facer achegas, ou formular queixas ou suxestións, acerca da información publicada e do seu formato, canles ou periodicidade, entre outros particulares.

Artigo 177. Accesibilidade dos servizos públicos á cidadanía

1. As entidades locais deberán adoptar as medidas oportunas para garantir a accesibilidade universal aos servizos públicos, asegurando a súa dispoñibilidade, comprensión e utilización efectiva por parte da cidadanía, especialmente das persoas ou colectivos en situación de vulnerabilidade. Para tal fin, promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento facilitador da relación coa Administración e da prestación dos servizos, de acordo cos principios de usabilidade, interoperabilidade, seguridade e neutralidade tecnolóxica.

Estas actuacións levaranse a cabo en cumprimento dos plans e estratexias aprobados para tal efecto, e de conformidade coa normativa vixente en materia de administración dixital, accesibilidade, protección de datos e dereitos dixitais da cidadanía.

2. As entidades locais deberán garantir, a través da súa sede electrónica, a disposición de información clara, actualizada e accesible sobre os servizos públicos que poidan ser xestionados ou solicitados por vía electrónica, asegurando así o exercicio efectivo dos dereitos da cidadanía no ámbito da administración dixital.
3. Nos municipios cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, a prestación destes servizos poderase realizar mediante fórmulas de cooperación interadministrativa –en particular, a través da colaboración coas deputacións provinciais– co obxectivo de garantir a adecuada cobertura, eficiencia e calidade na prestación dos servizos electrónicos ou telemáticos.

Artigo 178. Da información á cidadanía

1. A corporación, por acordo do pleno, determinará os medios precisos para lles dar publicidade aos acordos adoptados e mais ás convocatorias dos órganos cuxas sesións sexan públicas, co obxectivo de garantir o dereito da cidadanía á máis ampla información sobre as actividades da entidade local.

En todo caso as convocatorias das sesións plenarias se lles remitirán aos medios informativos.

2. Todos os cidadáns e cidadás teñen dereito a:
 - a) Coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados, e obteren copias de documentos contidos neles.

- b) Identificar as autoridades e o persoal ao servizo das corporacións locais que teñan baixo a súa responsabilidade a tramitación dos procedementos.
- c) Obter copia selada dos documentos que presenten, copia que proporcionarán xunto cos orixinais, así como á devolución destes, agás cando deban constar no procedemento.
- d) Utilizar o idioma galego nas súas relacións coas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Formular alegacións e proporcionar documentos en calquera fase do procedemento no que teñan a condición de interesados que sexa anterior ao trámite de audiencia, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.
- f) Obter información e orientación no relativo aos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.
- g) Acceder aos rexistros e arquivos das corporacións locais nos termos previstos na Constitución e nesta ou noutras leis.
- h) Ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e persoal, que lles facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.
- i) Obter copias e certificacións acreditativas dos acordos das entidades locais e dos seus antecedentes.
- j) Esixir responsabilidades das corporacións locais.
- k) Exercer calquera outro dereito que lles recoñezan a Constitución ou as leis.

CAPÍTULO II. Transparencia e acceso á información pública

Artigo 179. Disposicións xerais

As obrigas contempladas nesta lei enténdense complementarias á normativa básica, sen prexuízo da aplicación doutras disposicións específicas que prevexan un réxime máis amplo en materia de publicidade activa e acceso á información pública.

Artigo 180. Publicidade activa

1. A publicidade activa figurará na web ou na sede electrónica da entidade local, sen prexuízo da súa difusión por calquera outro medio que garanta o seu acceso universal, prestando especial atención á salvagarda deste dereito para aqueles colectivos ou persoas con menos recursos, coñecementos ou medios dixitais, e garantindo a plena accesibilidade.

2. A publicidade activa afectará aos seguintes ámbitos das entidades locais, así como dos seus organismos descentralizados e entidades instrumentais adscritas que a seguir se indican, en relación cos cales deberá incluír contidos actualizados que sexan relevantes e de interese para o público no que atinxe a, polo menos:
 - a) Información institucional, organizativa e de planificación. No relativo aos membros do goberno municipal, á persoa titular da presidencia, aos membros da corporación e dos grupos políticos municipais e mais ás funcións da alcaldía, dos órganos colexiados de goberno e das/os concelleiras/os delegadas/os, así como tamén aos aspectos organizativos, incluídos os de carácter económico, e de funcionamento e mais aos datos básicos.
 - b) Información sobre recursos humanos. No que atange á xestión de recursos humanos, a instrumentos organizativos, a ofertas públicas de emprego, ao acceso ao emprego público e mais representación do persoal.
 - c) Información orzamentaria, rendición de contas e información fiscal e patrimonial. No referente á xestión económico-financeira da entidade local, a orzamentos, a liquidacións, a contas, a información fiscal, a indicadores, a información patrimonial e ao acceso a toda a información económica dispoñible.
 - d) Información normativa e de relevancia xurídica. No relativo ás ordenanzas e regulamentos municipais, ás ordenanzas fiscais, aos bandos da persoa titular da alcaldía e á apertura de vías de consulta e participación cidadá, así como tamén a rendición de contas a través da planificación, á avaliación normativa, a circulares e a instrucións de interese xeral.
 - e) Información en materia contractual.
 - f) Información sobre subvencións, convenios e encomendas de xestión.
 - g) Información sobre participación cidadá e relacións coa cidadanía. No atinente aos diferentes mecanismos existentes para promover a participación cidadá, tanto normativos coma organizativos, así como a procedementos e canles abertas.
 - h) Información sobre ordenación do territorio, urbanismo e medio ambiente.
 - i) Información relativa a sistemas ou modelos de intelixencia artificial de uso xeral que teñan impacto nos procedementos administrativos ou na prestación de servizos públicos, cunha descrición comprensible da súa arquitectura e funcionamento, dos datos que empregan, do nivel de risco que supoñen e do impacto dos seus resultados nos procedementos administrativos, indicando especialmente se inflúen ou non directamente neles.
 - j) Información de interese xeral, máis consultada pola cidadanía.
3. As obrigas anteriores enténdense sen prexuízo de calquera outra obriga que en materia de publicidade activa poida ser imposta pola normativa sectorial de

aplicación, ou da inclusión de calquera outra información pública que se considere de interese para a cidadanía.

4. As entidades locais impulsarán a publicación da información en formatos abertos, reutilizables e accesibles, de acordo cos principios de transparencia e interoperabilidade. Así mesmo, fomentarán a automatización dos procedementos de remisión da información ao portal de transparencia, co obxectivo de garantir a súa actualización continua, fiable e permanente.

Artigo 181. Uso das tecnoloxías da información e da comunicación

1. As entidades locais deben promover o uso interactivo das tecnoloxías da información e das comunicacións para facilitar a participación e a comunicación con toda a cidadanía e, particularmente, coa súa veciñanza, co fin de garantir a presentación de documentos e a realización de trámites administrativos relacionados coas actividades profesionais e empresariais.
2. As deputacións provinciais colaborarán cos concellos que, por non teren unha capacidade económica e de xestión suficiente, non poidan desempeñar por si sós o deber establecido neste artigo.

Artigo 182. Publicidade pasiva

A publicidade pasiva, ou dereito de acceso á información pública, significa que:

- a) Todas as persoas, físicas ou xurídicas, terán dereito a acceder á información pública en poder das entidades locais, nos termos establecidos pola normativa básica en materia de transparencia, bo goberno e acceso á información pública. Este dereito só poderá ser limitado ou denegado mediante resolución motivada e exclusivamente polas causas previstas legalmente.
- b) A aplicación dos límites ao dereito de acceso non se realizará de maneira automática, senón que se deberá efectuar, en cada caso, unha ponderación motivada entre o posible prexuízo que poida derivar do acceso á información solicitada e a protección do interese público ou dos dereitos de terceiros afectados. Esta ponderación deberá respectar os principios de proporcionalidade, necesidade e mínima restrición posible do dereito de acceso.

Artigo 183. Reclamacións

A resolución da reclamación prevista na normativa básica sobre transparencia, acceso á información pública e bo goberno corresponderá, no caso das resolucións ditadas polas entidades locais, ao/á Valedor/a do Pobo de conformidade coa normativa de transparencia de ámbito autonómico.

Artigo 184. Informe de seguimento das obrigas municipais de transparencia

1. Dentro do primeiro trimestre de cada ano, as entidades locais deberán elaborar un informe detallado sobre o grao de cumprimento, durante o ano anterior, das obrigas en materia de transparencia e dereito de acceso á información pública. Este informe será emitido pola persoa titular da secretaría da entidade, como órgano responsable do asesoramento xurídico e da fe pública, quen dará traslado do mesmo á presidencia da corporación. O informe incluírá, entre outros aspectos, os datos relativos ás solicitudes de acceso tramitadas, aos prazos de resposta, ás resolucións adoptadas, aos límites aplicados e ás posibles reclamacións formuladas ante os órganos de control.
2. A presidencia dará conta do dito informe no pleno da corporación durante a primeira sesión que se celebre con posterioridade á súa emisión, informe que se deberá publicar na sede electrónica ou portal de transparencia da entidade, xunto coa información suxeita á publicidade activa, co fin de garantir a avaliación pública do nivel de cumprimento dos principios de transparencia, responsabilidade e rendición de contas.

CAPÍTULO III. Integridade institucional e bo goberno

Artigo 185. Disposicións xerais

1. A integridade institucional e a ética pública constitúen o eixo que vertebra a actuación das entidades locais, do seu persoal, dos responsables políticos e mais doutros axentes e da cidadanía nas súas relacións con elas, para garantir o cumprimento normativo dende unha xestión íntegra, transparente e eficaz.
2. As institucións autonómicas, provinciais ou de control promoverán marcos de integridade institucional para o ámbito local que sirvan de referencia e orienten a actividade dos entes públicos, coa misión de que operen como compás que guíe os fins institucionais, as decisións políticas e a xestión pública, evitando así calquera inxerencia ou influencia indebida que supoña unha desviación do interese xeral en favor de intereses persoais ou particulares.

Artigo 186. Bo goberno local

1. Os membros das entidades locais rexerán a súa actuación polos principios éticos e de conduta recolleitos na normativa básica local e nos estándares nacionais e internacionais de integridade institucional, exercendo as súas funcións con pleno respecto ao interese público e á confianza cidadá na xestión pública.
2. Exercerán as competencias que lles atribúa a normativa vixente exclusivamente para os fins públicos que xustifican a súa atribución, absténdose de realizar calquera actuación que poida menoscabar o interese xeral, prexudicar o patrimonio da entidade local ou deteriorar a imaxe e reputación institucional ante a cidadanía. Adoptarán de forma activa medidas específicas para a prevención, detección e

xestión dos conflitos de intereses no ámbito da súa actuación, garantindo a imparcialidade e a integridade no exercicio das súas funcións.

3. As prerrogativas inherentes ao cargo serán usadas unicamente para o cumprimento das súas obrigas institucionais, evitando calquera utilización en beneficio propio ou de terceiros. Non poderán invocar a súa condición de cargo público nin facer uso desta para influír ou obter vantaxes en actividades –nin propias nin alleas– profesionais, comerciais ou empresariais que sexan alleas á entidade local e garden relación directa ou indirecta con esta.

Artigo 187. Código de conduta local

1. As entidades locais, no uso da súa potestade de autoorganización, poden elaborar e aprobar os seus propios códigos de conduta ou, se for o caso, adherirse ao documento que para estes efectos poida aprobar a Federación Galega de Municipios e Provincias.
2. O código de conduta local recollerá os valores, principios e normas de actuación a que se deberán ater os membros da corporación e mais o conxunto de empregadas/os públicas/os nas relacións tanto internas coma externas derivadas do exercicio do seu cargo.
3. O código de conduta local poderá recoller igualmente principios ou pautas de actuación para facilitar o bo goberno, a boa administración e mais a calidade institucional e da política local. O dito código será aprobado polo pleno da corporación.

Artigo 188. Rendición de contas

1. As entidades locais favorecerán no seu ámbito de actuación unha política de rendición de contas dinámica, accesible e de fácil comprensión para a cidadanía. Esta política deberá facilitar a avaliación pública das actuacións e políticas desenvolvidas, e aproveitará os recursos e ferramentas tecnolóxicas dispoñibles para garantir un acceso efectivo e transparente á información relativa á xestión pública.
2. A aprobación dos instrumentos de planificación local deberá incorporar, de maneira obrigatoria, mecanismos de avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos establecidos. Para o caso, asegurase a rendición de contas mediante a publicación das distintas fases do ciclo de políticas públicas, planificación, execución e avaliación, xunto cos indicadores obxectivos de seguimento e grao de cumprimento que se determinen.

CAPÍTULO IV. Participación cidadá

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 189. Obxecto

1. É obxecto da presente sección establecer o marco xurídico e procedementa que garanta a participación efectiva da cidadanía, das entidades sociais e das asociacións no ámbito das políticas públicas locais. Esta participación deberá permitir unha implicación real na toma de decisións públicas, tanto de maneira individual coma colectiva, favorecendo a corresponsabilidade, a transparencia e a mellora da calidade democrática na gobernanza local.
2. As entidades locais serán as encargadas de determinar, no exercicio da súa autonomía e competencias, os procedementos, canles, formatos e órganos específicos a través dos cales se articulará a participación cidadá no seu ámbito territorial. Isto todo deberá realizarse de conformidade co disposto nesta lei, na normativa sectorial aplicable e nos principios reitores da participación pública, en particular: publicidade, accesibilidade, pluralismo, inclusión e corresponsabilidade.
3. No deseño, execución e avaliación dos procesos participativos deberase incorporar de forma transversal a perspectiva de xénero, adoptando as medidas necesarias para garantir a representación equilibrada de mulleres e homes, así como a súa participación plena e efectiva en condicións de igualdade.
4. Asegurarase que os mecanismos de participación cidadá sexan inclusivos e accesibles, evitando calquera tipo de barreira, tanto física coma dixital, social, cultural ou lingüística, que poida limitar ou excluír a participación de calquera persoa ou colectivo, especialmente a daqueles en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión.

Artigo 190. Exercicio do dereito de participación

No marco de cada proceso de participación, e de acordo co establecido por cada entidade local nas súas potestades de autoorganización e regulamentaria, a participación cidadá poderá ser exercida, nos termos establecidos nesta lei, preferentemente polas seguintes persoas, entidades ou colectivos:

1. Persoas empadroadas no municipio ou que residan nel de forma temporal ou permanente, sen límite de idade. No caso de entidades supramunicipais, persoas empadroadas en municipios do seu ámbito territorial para asuntos das mesmas sobre os que se active o proceso de participación.
2. Persoas con vinculación económica ou profesional coa entidade local, entre outros, titulares de actividade económica ou persoal da entidade local de que se trate, sempre que a participación sexa en asuntos que afecten a súa actividade ou intereses.
3. Entidades, asociacións, entidades sociais ou colectivos sen ánimo de lucro, segundo estableza o regulamento orgánico en materia de participación cidadá da entidade local e sempre que se atopen inscritos no rexistro municipal de asociacións.

4. Asociacións, fundacións, sindicatos, agrupacións empresariais, colexios profesionais, corporacións de dereito público ou calquera outra entidade, sempre que o ordenamento xurídico lles recoñeza personalidade xurídica propia ou aos seus representantes.
5. Plataformas, redes cidadás ou foros circunstancialmente constituídos, aínda que carezan de personalidade xurídica. Para exercer a participación deberán comunicarlle previamente á entidade local a identidade dos promotores e/ou dos seus representantes e achegar documento acreditativo ao respecto, así como comunicar o enderezo para os efectos de notificacións. Tamén será necesario que definan o seu obxecto ou finalidade e ámbito de actuación.

Artigo 191. Participación dixital e inclusiva

1. As entidades locais garantirán o dereito da cidadanía á participación nos asuntos públicos locais tamén mediante medios dixitais, fomentando o uso de tecnoloxías accesibles, seguras e comprensibles.
2. As entidades locais habilitarán plataformas dixitais de participación cidadá que permitirán a consulta, deliberación e decisión en procedementos de iniciativa normativa, orzamentos participativos, enquisas cidadás, propostas veciñais ou outros mecanismos de colaboración directa, consonte o establecido no regulamento de participación municipal.
3. A participación dixital será complementaria e non substitutiva das canles presenciais, e deberá rexerse polos principios de equidade, protección de datos, accesibilidade universal, rastrexabilidade dos procesos e garantía de pluralismo.
4. Promoverase a inclusión dixital con perspectiva de xénero, para garantir a igualdade efectiva entre mulleres e homes tamén na esfera dixital, mediante programas de alfabetización dixital, atención presencial, itinerarios asistidos e mecanismos multicanle que aseguren o acceso efectivo aos procesos participativos en condicións de igualdade.
5. Fomentarase a inclusión dixital de colectivos en risco de fenda dixital, en especial, persoas en risco de vulnerabilidades, entre outros, a través dos medios sinalados no apartado anterior.

Sección 2ª. Dos instrumentos de participación

Artigo 192. Instrumentos de participación

1. A participación cidadá nos concellos poderase exercer, entre outros, polos seguintes medios:
 - a) A participación orgánica nas asociacións veciñais inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás, que terán dereito ao uso dos medios públicos que a corporación poña á súa disposición. A cesión de bens inmoables para o efecto

realizarase consonte o establecido nas normas ou convenios municipais, e con suxeición ao disposto na lexislación autonómica reguladora do patrimonio local.

- b) O exercicio do dereito de iniciativa popular, que se axustará aos requisitos e procedementos previstos na normativa básica de réxime local.
 - c) A participación orgánica e funcional en xuntas de distrito, consellos veciñais e sectoriais, e outras fórmulas organizativas da respectiva entidade, de acordo co establecido na normativa e nos regulamentos municipais.
 - d) A intervención nos plenos na forma prevista, se for o caso, na normativa municipal.
 - e) A solicitude e recepción de información.
 - f) A solicitude e obtención de copias de documentos e de certificados de actos e acordos.
 - g) No caso de municipios de gran poboación, a asistencia e intervención das asociacións de participación cidadá nas sesións dos órganos colexiados de goberno cando na orde do día figuren asuntos que deban ser coñecidos polas mesmas ou en cuxa tramitación administrativa participaran.
 - h) Consultas locais abertas á cidadanía sobre políticas públicas ou decisións públicas de especial relevancia.
 - i) Laboratorios de innovación que faciliten o desenvolvemento de novos enfoques na xestión pública.
 - j) A activación de foros ou grupos de cocreación e deliberación sobre as políticas públicas, plans ou programas municipais, cando resulte de interese xeral.
 - k) Reunións con colectivos cidadáns que favorezan o intercambio de opinións, reflexións colectivas e procesos de rendición de contas.
 - l) Enquisas de funcionamento dos servizos e detección de ámbitos de mellora.
 - m) A utilización de redes sociais, de ferramentas web ou de calquera outra nova tecnoloxía que permita a interacción entre os representantes municipais e a sociedade.
 - n) A participación nos procesos de elaboración das disposicións normativas das entidades locais.
 - o) Os orzamentos participativos, nos termos previstos na presente lei.
2. Esta participación entenderase sen prexuízo da creación obrigatoria, nos municipios de máis de 30.000 habitantes, de órganos de participación cidadá que permitan integrar participación cidadá e asociacións en asuntos municipais, de conformidade co que estableza o correspondente regulamento municipal.

Artigo 193. Participación nos orzamentos municipais

1. Coa fin de promover a implicación da cidadanía na toma de decisións relativas ás políticas de gasto público, as entidades locais poderán articular procesos de deliberación e consulta cidadá sobre os orzamentos municipais. Estes procesos organizaranse na forma e mediante os instrumentos que as propias entidades consideren máis axeitados atendendo ás súas necesidades, dimensión organizativa, capacidade técnica e características socioeconómicas.
2. A participación cidadá desenvolverase, preferentemente, nunha fase inicial ou previa á elaboración do proxecto de orzamento, co obxectivo de facilitar a identificación e preselección de propostas de investimento de interese xeral. Estas propostas, unha vez sometidas á valoración cidadá, poderán ser consideradas para a súa incorporación ao proxecto orzamentario, sempre que contén coa correspondente validación técnica, económica e xurídica, e que respecten a normativa vixente e o marco competencial municipal.
3. En ningún caso, os procesos de participación cidadá poderán afectar a ámbitos reservados á decisión exclusiva da entidade local en materia de ingresos públicos, de retribución e xestión de persoal, de obrigas legais de carácter ineludible ou doutras materias suxeitas a reserva legal, garantindo así o respecto aos principios de legalidade, estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Artigo 194. Dereito de petición

1. Os cidadáns poderán exercer o dereito de petición ante as autoridades locais solicitando a adopción de actos ou acordos en materias da súa competencia. Do seu exercicio non poderá derivar prexuízo ningún para o petionario, agás que incorra en delito ou falta.
2. No escrito en que se deduza a petición, asinado polo petionario, deberá constar o seu nome e domicilio, e deberá ir dirixido á presidencia da entidade local de que se trate.
3. A autoridade a quen se dirixa a petición estará obrigada a confirmar a recepción da mesma.
4. Se a petición se estima fundada, adoptaranse as medidas oportunas para lograr a súa plena efectividade. En calquera caso, deberá comunicarse ao interesado a resolución que se adopte.

Artigo 195. Consulta popular

1. A persoa titular da presidencia, previo acordo do pleno por maioría absoluta, poderá someter a consulta popular os asuntos de competencia propia e de carácter local que sexan de especial importancia para os intereses dos veciños, agás os relativos ás facendas locais.

2. A celebración da consulta axustarase ás disposicións xerais e ao procedemento establecido pola lexislación do Estado en materia de referendo.
3. O procedemento será o seguinte:
 - a) A entidade local remitirá á Xunta de Galicia unha copia literal do acordo adoptado polo pleno do concello en que se precisan os termos exactos da consulta.
 - b) O Consello da Xunta enviará a solicitude municipal ao Goberno do Estado, á que se axuntará, se for o caso, un informe sobre a conveniencia de efectuar a consulta de conformidade co interese xeral de Galicia.
 - c) Corresponderá ao Goberno do Estado a autorización da consulta.
 - d) Concedida a autorización, se for o caso, e de conformidade coa resolución municipal, o Consello da Xunta convocará a consulta popular mediante decreto.
4. Este decreto conterá o texto íntegro da disposición ou decisión obxecto da consulta, sinalará claramente a pregunta ou preguntas que teña que responder o corpo electoral convocado e determinará a data en que se debe facer a consulta, a cal quedará incluída entre os trinta e os sesenta días posteriores á data de publicación do decreto.
5. O decreto publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e no boletín oficial da provincia correspondente. Ademais, anunciarase nun dos xornais de maior difusión da Comunidade Autónoma e será fixado polo respectivo concello no seu taboleiro de anuncios, así como no Portal de Transparencia.

Artigo 196. Iniciativa popular

1. As persoas inscritas no correspondente padrón de habitantes poderán exercer a iniciativa popular ante o pleno da corporación naquelas materias que sexan competencia municipal.
2. A iniciativa exercerase mediante escrito presentado no rexistro e dirixido ao pleno da corporación, escrito no que estarán claramente identificadas as persoas asinantes, que deberán supoñer, como mínimo, un cinco por cento do censo do municipio, e no que figurará o texto íntegro da proposta formulada. A identificación das persoas deberá conter o nome e apelidos, o DNI e mais o domicilio, e as sinaturas deberán ser autenticadas por notario ou pola persoa titular da secretaría da corporación. Deberá designarse así mesmo un representante, que será o que defenda a proposta perante o pleno da corporación.
3. Presentada a iniciativa no rexistro, a persoa titular da secretaría da corporación debe emitir informe previo acerca da súa admisibilidade. Son causas de inadmisión as seguintes:
 - a) Que verse sobre materias que non sexan competencia municipal.

- b) Que non se cumprisen os requisitos formais.
 - c) Que verse sobre diferentes materias que non teñan homoxeneidade entre si.
 - d) Que sexa reprodución doutra iniciativa de contido igual ou substancialmente equivalente que xa fora presentada e debatida pola mesma corporación.
4. Se o informe da persoa titular da secretaría conclúe de xeito desfavorable á admisión da iniciativa, a persoa titular da alcaldía resolverá denegando a tramitación da mesma.
 5. Se o informe da persoa titular da secretaría conclúe de xeito favorable á admisión da iniciativa, a persoa titular da alcaldía incorporará o asunto na orde do día do primeiro pleno ordinario que se celebre con posterioridade á presentación da mesma.
 6. O debate e votación da proposta seguirá o mesmo procedemento establecido para o funcionamento do pleno da corporación, con recoñecemento do dereito a intervir para o representante dos asinantes da iniciativa nos prazos que autorice o presidente da corporación.

Artigo 197. Asociacións veciñais

1. As entidades locais favorecerán activamente o desenvolvemento e fortalecemento do tecido asociativo local apoiando a constitución e funcionamento das asociacións que teñan por finalidade a defensa e promoción dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza, como expresión organizada da participación cidadá.
2. As asociacións legalmente constituídas con esta finalidade terán a consideración de entidades de participación cidadá e formarán parte do sistema de gobernanza local, podendo intervir nos asuntos públicos municipais consoante o disposto na presente norma e demais disposicións aplicables.
3. A Administración autonómica manterá un rexistro xeral de asociacións no que se inscribirán todas aquelas entidades constituídas no ámbito da Comunidade Autónoma, segundo os requisitos e datos que se establezan regulamentariamente. Esta inscrición efectuarase sen prexuízo da existencia e funcionamento dos rexistros municipais de asociacións, que serán competencia de cada concello.
4. As asociacións inscritas no rexistro municipal de asociacións gozarán, como mínimo, dos seguintes dereitos:
 - a) Recibir información directa, veraz e actualizada sobre aqueles asuntos de competencia municipal que afecten aos intereses dos seus representados.
 - b) Presentar propostas, iniciativas ou suxestións sobre asuntos de interese público no ámbito da súa actuación, nos termos establecidos pola normativa vixente.
 - c) Participar nos órganos municipais de participación cidadá de conformidade co previsto legal ou regulamentariamente.

- d) Intervir, con voz e nos casos legalmente establecidos, nas sesións dos órganos colexiados do concello, cando os asuntos tratados afecten directamente ao ámbito das súas competencias.
- 5. A asignación de medios materiais, recursos e axudas públicas ás asociacións efectuarase con criterios obxectivos, transparentes e proporcionais tendo en conta a súa representatividade, implantación e actividade acreditada. A Administración autonómica, a través da consellería competente en materia de Administración local, prestará apoio técnico e institucional ás entidades locais para garantir unha colaboración eficaz coas asociacións.
- 6. As asociacións veciñais poderanse federar libremente dentro de cada termo municipal conforme a lexislación vixente. A relación institucional coas mesmas será exercida pola persoa titular da alcaldía ou pola/o concelleira/o en quen delegue, garantíndose canles estables de comunicación e interlocución.

Artigo 198. Participación cidadá nos órganos colexiados

- 1. Cando asociacións ou entidades legalmente constituídas para a defensa de intereses xerais ou sectoriais das persoas veciñas desexen intervir ante o pleno en relación con algún punto da orde do día sobre o que teñan un interese lexítimo ou no que interviñeran como parte interesada no procedemento administrativo correspondente, deberanllo solicitar ao presidente da entidade local con anterioridade ao comezo da sesión.
- 2. Autorizada a intervención, poderán expoñer o seu posicionamento a través dun único representante polo tempo que determine o presidente, e sempre antes da lectura, deliberación e votación do asunto incluído na orde do día.
- 3. Finalizada a sesión plenaria, a persoa titular da presidencia da entidade local poderá establecer unha quenda de rogos e preguntas por parte do público asistente, limitada a cuestións concretas de interese municipal. Correspóndelle ao presidente a ordenación e peche desta quenda, podendo limitar a súa duración e contido para garantir o bo desenvolvemento da sesión.

CAPÍTULO V. Innovación pública local

Artigo 199. Disposicións xerais

- 1. A xestión pública local estará orientada á excelencia con criterios de eficacia, eficiencia e sostibilidade, así como á modernización das estruturas e á procura de solucións innovadoras, apostando pola unión do coñecemento público-privado en beneficio do interese xeral, para o cal se promoverán modelos de xestión intelixente de cidade.
- 2. As entidades locais introducirán no ámbito da súa actividade o principio de innovación desde a tripla perspectiva: social, económica e ambiental. A tal fin

promoverán o uso da compra pública de innovación como instrumento estratéxico para identificar e aplicar solucións avanzadas que respondan ás novas necesidades da cidadanía e melloren os servizos públicos, coa colaboración, se for o caso, da Axencia Galega de Innovación.

Artigo 200. Laboratorios de innovación

1. As entidades locais promoverán e potenciarán espazos seguros e estables para a cocreación e experimentación dentro das súas estruturas organizativas. Estes espazos, concibidos como laboratorios de innovación pública ou unidades de innovación institucional, fundamentaranse nos principios do goberno aberto e estarán orientados á transformación real e sostible da Administración local galega a través do deseño centrado nas persoas, da experimentación controlada e da aprendizaxe iterativa.
2. A implantación destes espazos contribuirá a poñer en valor o talento interno das organizacións públicas, o coñecemento técnico e práctico da cidadanía e o potencial das tecnoloxías emerxentes, fortalecendo así a capacidade innovadora do sector público local. Estes laboratorios impulsarán a mellora continua da calidade institucional, dos servizos públicos e dos procesos de xestión, xerando solucións adaptadas ás necesidades reais do territorio e promovendo un impacto directo, medible e sostible sobre o benestar da sociedade galega.
3. Así mesmo, as entidades locais poderán explorar mecanismos de innovación regulatoria, coma os *sandbox* normativos, bancos de probas, cláusulas experimentais ou procedementos simplificados, que permitan testar solucións novidosas en contornas controladas antes da súa implantación definitiva. Estas ferramentas, cando sexa viable legalmente, favorecerán a adaptación dinámica das normas ás transformacións tecnolóxicas e sociais, reducindo as barreiras á innovación sen comprometer os principios de seguridade xurídica, equidade e legalidade.

Artigo 201. Asociacións locais para a innovación

1. As asociacións locais para a innovación configúranse como entidades sen ánimo de lucro que integran concellos, centros de investigación, universidades, entidades tecnolóxicas e representantes do sector privado, e que están orientadas á xeración e posta en marcha de solucións innovadoras na xestión e prestación de servizos públicos no marco da colaboración público-privada.
2. As asociacións locais para a innovación teñen por finalidade:
 - a) Fomentar o desenvolvemento e implementación de solucións dixitais e tecnolóxicas que optimicen a xestión pública local.
 - b) Impulsar proxectos de innovación en áreas coma a administración electrónica, a participación cidadá, a sostibilidade ambiental e a eficiencia na prestación de servizos.

- c) Facilitar a transferencia de coñecemento e de experiencias entre os distintos axentes públicos e privados.
- 3. As asociacións locais para a innovación poderán intervir en proxectos de innovación a nivel local ou en iniciativas que se convertan en referencia autonómica ou nacional, abranguendo tanto a fase de ideación e desenvolvemento coma a posta en marcha e seguimento das solucións implantadas. Na posta en marcha e desenvolvemento de actividades, as asociacións locais para a innovación poderán contar co asesoramento técnico da Axencia Galega de Innovación.

TÍTULO IX. FACENDA E FINANCIAMENTO LOCAL

CAPÍTULO I. Aspectos xerais

Artigo 202. Facendas locais

1. As facendas das entidades locais galegas están reguladas polo disposto na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na lexislación básica local e mais nesta lei, así como noutras normas de desenvolvemento.
2. As facendas das entidades locais galegas nutriranse dos tributos propios, da participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia e daqueles outros recursos que para o efecto se prevexan, de conformidade e co alcance que se estableza na lei autonómica correspondente e, se for o caso, na lexislación xeral do Estado.

Artigo 203. Principios reitores das facendas locais

As actuacións das facendas locais galegas realizaranse de acordo cos seguintes principios xerais:

- a) A autonomía financeira no exercicio da organización e xestión económico-financiera e orzamentaria.
- b) A estabilidade orzamentaria e a sostibilidade financeira, no marco do artigo 135 da Constitución e da lexislación e normativa de desenvolvemento.
- c) A suficiencia financeira, no marco do artigo 142 da Constitución, que garante os medios adecuados para o exercicio das funcións e competencias que a lei lles atribúa.
- d) A corresponsabilidade fiscal.
- e) A economía, eficacia, eficiencia, legalidade, transparencia, obxectividade e control na xestión dos seus recursos.
- f) A coordinación coas facendas autonómica e estatal.

CAPÍTULO II. Tutela financeira e colaboración autonómica

Artigo 204. Tutela financeira

1. Correspóndelle á Comunidade Autónoma, de conformidade co artigo 49 do Estatuto de autonomía de Galicia, exercer a tutela financeira sobre as entidades

loais, respectando a autonomía que lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución.

2. A dita función será realizada pola consellería que teña atribuída as competencias en materia de facenda. No seu exercicio procederase ao control da xestión económico-financeira das entidades locais, e concretamente supervisarase o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, da regra de gasto ou dos límites de endebedamento e de morosidade da débeda comercial, así como dos restantes principios establecidos na normativa vixente nesta materia.
3. Tamén se inclúen no exercicio da tutela financeira a concesión das autorizacións relativas a operacións de endebedamento e concesión de avais, a plans económicos financeiros, a plans de saneamento e calquera outra autorización requirida pola normativa vixente, así como a emisión dos informes preceptivos esixidos.
4. A pedimento dos representantes legais das entidades locais, a Administración da Comunidade Autónoma poderá emitir informes e ditames sobre a situación económica das mesmas.
5. No exercicio das competencias en materia de tutela financeira, a Comunidade Autónoma publicará trimestralmente, a través do seu portal web, un informe comprensivo da documentación, informes, actos, resolucións e solicitudes presentados polas entidades locais así como das resolucións adoptadas. O dito informe e resolucións seranlle comunicados ao ministerio competente en materia de facenda.

Artigo 205. Colaboración autonómica na xestión tributaria local

1. De conformidade co disposto na normativa básica estatal, a Axencia Tributaria de Galicia colaborará en todas as ordes de xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais.
2. A Axencia Tributaria de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración para a realización das actuacións que se deban efectuar no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia fóra do territorio da respectiva entidade local en relación cos ingresos de dereito público propios desta, consonte o establecido na súa normativa de creación e nos seus estatutos.
3. Os traballos dimanantes dos acordos ou convenios de colaboración recollidos nos puntos anteriores deberán ter encaixe na capacidade estrutural da Axencia

Tributaria de Galicia; en caso contrario, a entidade local deberá financiar o aumento de recursos precisos para o seu desempeño.

CAPÍTULO III. Participación nos tributos da Comunidade Autónoma

Artigo 206. Fondo de Cooperación Local

1. A participación das facendas locais galegas nos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia articularase a través do Fondo de Cooperación Local.
2. O financiamento recibido a través do Fondo de Cooperación Local é un recurso de carácter incondicionado.
3. O ano base para efectos da regulación do Fondo de Cooperación Local é o último exercicio pechado á entrada en vigor da presente lei.

Artigo 207. Dotación e estrutura do Fondo de Cooperación Local

1. A lei autonómica de orzamentos de cada ano fixará a porcentaxe da participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral, debidamente homoxeneizada por mor dos cambios provocados na estrutura dos ingresos da Comunidade Autónoma como consecuencia da aplicación do sistema de financiamento autonómico.
2. A dotación anual do Fondo de Cooperación Local de cada exercicio fíxase no 96 % da previsión do rendemento definitivo que resulte da aplicación da porcentaxe a que se refire o apartado anterior.
3. O Fondo de Cooperación Local estrutúrase nos seguintes fondos:
 - a) Fondo Incondicionado Xeral.
 - b) Fondo Incondicionado para Gastos non Homoxéneos.

Artigo 208. Fondo Incondicionado Xeral

1. O Fondo Incondicionado Xeral repartirase entre os distintos concellos e a Federación Galega de Municipios e Provincias.
2. Unha vez deducida da dotación do Fondo Incondicionado Xeral a participación que corresponda á Federación Galega de Municipios e Provincias, **A** a repartición

entre os concellos do importe do ano base realizarase en función das seguintes variables:

- a) Poboación total. Calculada en función da poboación de cada concello sobre a poboación total de Galicia segundo as cifras do censo anual de poboación aprobadas polo Instituto Nacional de Estatística. A ponderación desta variable é do 42,2 %.
- b) Poboación de 0 a 2 anos. Calculada en función da poboación con idade comprendida entre os 0 e os 2 anos de cada concello sobre a poboación de Galicia nesta franxa de idade, segundo as cifras do censo anual de poboación aprobadas polo Instituto Nacional de Estatística. A ponderación desta variable é do 4,2 %.
- c) Poboación de 16 a 65 anos. Calculada en función da poboación con idade comprendida entre os 16 e os 65 anos de cada concello sobre a poboación de Galicia nesta franxa de idade, segundo as cifras do censo anual de poboación aprobadas polo Instituto Nacional de Estatística. A ponderación da variable é do 3 %.
- d) Poboación maior de 65 anos. Calculada en función da poboación maior de 65 anos de cada concello sobre a poboación de Galicia nesta franxa de idade, segundo as cifras do censo anual de poboación aprobadas polo Instituto Nacional de Estatística. A ponderación da variable é do 10,2 %.
- e) Dispersión. Calculada en función do número de entidades singulares por concello con relación ao total de entidades singulares de Galicia, segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística. A ponderación da variable é do 5,1 %.
- f) Superficie. O repartimento realízase en función da superficie de cada concello, en km², en relación coa superficie total de Galicia, segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística. A ponderación da variable é do 10,3 %.
- g) Reto demográfico. O repartimento faise entre os municipios que se atopan en situación de reto demográfico de acordo cos criterios establecidos no artigo 72 da presente Lei. A asignación individualizada desta variable realizarase en función da variación negativa da poboación experimentada por cada un deles durante os últimos cinco anos. A ponderación da variable é do 5 %.
- h) Esfuerzo fiscal relativo. Este indicador calcúlase a partir dos datos de recadación tributaria de cada concello publicados polo ministerio competente en materia

de facenda, sen incluír a participación nos tributos do Estado. En primeiro lugar, divídese a recadación tributaria entre a renda de cada concello. A continuación, o valor resultante para cada concello divídese pola suma dos valores de todos os concellos e multiplícase por 100, co fin de expresar o resultado en termos porcentuais. A ponderación desta variable é do 20 %. Os datos da renda dos concellos obteranse do Instituto Galego de Estatística.

3. Asignarase anualmente un importe mínimo, igual para todos os concellos, co propósito de tomar en consideración os seus custos fixos.
4. Para garantir a estabilidade financeira dos concellos, e con vistas ao cumprimento das regras fiscais, establécese un límite inferior e superior na variación de recursos respecto á suma dos importes do Fondo Base e do Fondo de Xestión de Residuos recibidos por cada concello no ano base co modelo anterior.
5. Como consecuencia do cambio do modelo ningún concello poderá recibir unha cantidade inferior ao importe recibido por eses fondos no ano base.
6. O límite superior determinarase mediante acordo da Subcomisión Permanente de Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local.

Artigo 209. Fondo Incondicionado por Gastos non Homoxéneos

1. A contía anual e distribución do Fondo Incondicionado para Gastos non Homoxéneos fixarase mediante a lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de acordo da Subcomisión Permanente de Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local, e o fondo incluírá como mínimo os seguintes subfondos:
 - a) Subfondo específico de fomento das fusións, mancomunidades e outras fórmulas de cooperación local.
 - b) Subfondo específico de fomento dos investimentos en infraestruturas municipais de carácter estratéxico.
 - c) Subfondo que se repartirá entre os concellos que asuman cargas singulares referidas a gastos en centros de saúde da súa titularidade, en conservatorios de grao medio, no albergamento de institucións penitenciarias dentro do seu termo municipal, en grupos de emerxencia supramunicipal ou na participación no plan de retirada sistemática da *Vespa velutina nigrithorax*.

2. No seo da Subcomisión Permanente de Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local poderase acordar a creación doutros subfondos distintos dos anteriores que se incorporarán na lei de orzamentos correspondente.

Artigo 210. Entregas á conta e liquidación definitiva

1. O Fondo Incondicionado Xeral repartirase por doceavas partes, en concepto de entregas á conta, mediante pagamentos mensuais que se realizarán durante a segunda quincena do mes ao cal correspondan.
2. O Fondo Incondicionado por Gastos non Homoxéneos repartirase mediante un pago único aos concellos que cumpran os requisitos necesarios para seren destinatarios do mesmo, sen prexuízo das particularidades que se poidan acordar no seo da Subcomisión Permanente de Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local.
3. A liquidación definitiva do Fondo Incondicionado Xeral calcularase por diferenza entre o valor definitivo do exercicio que se liquida e as entregas á conta satisfeitas durante o mesmo, e repartirase entre os concellos en función dos mesmos coeficientes utilizados no repartimento das entregas á conta.
4. A liquidación definitiva do Fondo Incondicionado por Gastos non Homoxéneos calcularase por diferenza entre o valor definitivo correspondente a un exercicio e os pagos satisfeitos durante o mesmo, e repartirase entre os concellos de menos de 15.000 habitantes en función do seu respectivo peso no Fondo Incondicionado Xeral.

Artigo 211. Evolución e actualización do Fondo Incondicionado Xeral

1. O importe do Fondo Incondicionado Xeral do ano base dos concellos evolucionará nos seguintes exercicios na mesma porcentaxe de variación que experimente a recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, debidamente homoxeneizada segundo o disposto no artigo 207.1 da presente lei.
2. A participación de cada concello no Fondo Incondicionado Xeral recalcularase de forma automática cada ano, a partir do ano seguinte ao da entrada en vigor desta lei, aplicando a mesma metodoloxía que se aplicou para o cálculo da súa participación no ano base do presente modelo, empregando para o efecto os últimos datos dispoñibles a o 1 de setembro do ano anterior.

3. Na actualización do Fondo Incondicionado Xeral, co obxectivo de garantir a estabilidade financeira dos concellos e con vista ao cumprimento das regras fiscais, establécese un 15 % como límite inferior e superior na variación de recursos respecto aos importes recibidos no exercicio anterior.
4. Na actualización do Fondo Incondicionado Xeral garántese que ningún concello recibirá unha cantidade inferior a recibida por este fondo no ano base.

Artigo 212. Límite á evolución do Fondo de Cooperación Local

1. Con independencia da evolución da recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral, a partir do ano seguinte ao da entrada en vigor desta lei o incremento do importe total do Fondo de Cooperación Local respecto ao exercicio anterior non poderá exceder a cantidade resultante de aplicar a taxa de variación da regra de gasto do subsector Administración local utilizada na elaboración do correspondente orzamento.
2. No caso de que na data de presentación dos orzamentos non se teña fixada a regra anterior, o límite será a evolución do gasto computable do proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPÍTULO IV. Retencións no Fondo de Cooperación Local e na concesión de subvencións

Artigo 213. Débedas obxecto de compensación

1. As cantidades que correspondan a cada concello como participación no Fondo de Cooperación Local serán susceptibles de compensación coas débedas vencidas, líquidas e esixibles que teñan contraídas coa Comunidade Autónoma e coas entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio das súas potestades administrativas.
2. En particular, poderán ser obxecto de compensación as cantidades vencidas, líquidas e esixibles que, en concepto de danos e perdas derivados do incumprimento de convenios administrativos de colaboración, se lle deban á Administración autonómica ou ás entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio das súas potestades administrativas.

Para estes efectos, entenderase que son líquidas as cantidades que a Comunidade Autónoma aboase a terceiros como consecuencia do incumprimento do convenio pola entidade local. Estas cantidades

comunicaranse ao concello, xunto coa achega das facturas ou doutros documentos que acrediten os gastos realizados, e tras audiencia a este aprobaranse, de for o caso, como débedas obxecto de compensación mediante resolución motivada.

3. Ademais, poderán ser obxecto de compensación coa participación no Fondo de Cooperación Local as achegas dos concellos que teñan a condición de vencidas, líquidas e esixibles, e que se producisen dun convenio coa Administración xeral da Comunidade Autónoma ou coas entidades pertencentes ao seu sector público, ou ben ao abeiro de norma con rango de lei que regule estas achegas no marco de relacións de colaboración ou cofinanciamento de servizos e estableza esta compensación coa remisión ao procedemento de compensación regulado neste capítulo.
4. Por último, poderán ser obxecto de retención as cantidades que os concellos deban satisfacer ás mancomunidades a que pertencen de acordo co disposto na lexislación da Administración local. Tamén as que deban satisfacerse a outras mancomunidades, concellos e consorcios que xestionen servizos en común, como consecuencia da súa obriga de participar no financiamento e mantemento destes servizos e sempre que así se estableza de xeito expreso no instrumento regulador asinado entre as partes e que este instrumento sexa comunicado, con carácter previo ao seu asinamento, á consellería competente en materia de facenda para que autorice a utilización do procedemento de compensación.

Artigo 214. Procedemento para a compensación das débedas e a posterior retención nas entregas á conta

1. No caso de débedas vencidas, líquidas e esixibles coa Xunta de Galicia, cos seus organismos autónomos, coas axencias públicas e coas demais entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio de potestades administrativas, o procedemento de retención iniciárase por solicitude do órgano ao que lle corresponde a competencia no procedemento executivo de recadación da débeda, quen previamente terá que ditar o oportuno acordo de compensación desta e notificarllo ao concello debedor.

Neste suposto, corresponderá ao órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local ditar o acordo de retención, tanto nas entregas á conta do fondo que se deban realizar ao concello debedor durante o exercicio corrente coma na liquidación definitiva anual deste que se realice durante o devandito exercicio, tendo en conta o artigo 215 da presente lei en canto á orde de prelación de débedas nos supostos de concorrencia.

2. O procedemento previsto no punto anterior tamén se aplicará ás débedas incluídas no punto 3 do artigo 213. Porén, cando a propia norma con rango de lei que se menciona no precepto ou no convenio establezan expresamente a posibilidade de realizar a compensación con cargo á participación no Fondo de Cooperación Local, o procedemento limitarase ao sinalado respecto do acordo de retención e iniciárase por solicitude do órgano ou da entidade interesada.
3. No caso de débedas con entidades locais que non dependen da Comunidade Autónoma de Galicia, o procedemento de retención iniciárase por solicitude da persoa titular da presidencia da entidade local acreedora da débeda, que axuntará a esta solicitude a certificación do seu responsable de recadación na cal se faga constar a denominación, o concepto e o importe da débeda cuxa retención se solicita e mais a data en que se produciu o vencemento do período de pago comunicado para a facer efectiva. Ademais, á solicitude incorporárase unha copia compulsada do documento do que dimane a vinculación xurídica entre as partes e que ampare a obrigatoriedade da débeda reclamada, e tamén se achegará o plan de pagamentos que se propón.
4. Neste suposto, corresponderá ao órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local ditar o acordo de retención, tanto nas entregas á conta do fondo que se deben realizar ao concello debedor durante o exercicio corrente coma na liquidación definitiva anual que se realice durante o devandito exercicio, tendo en conta o establecido no artigo seguinte en canto á orde de prelación de débedas nos supostos de concorrencia.

Artigo 215. Orde de prelación na concorrencia de débedas

1. Cando concorran varias débedas que deba satisfacer o mesmo concello, a retención practicarase tendo en conta a seguinte orde de prelación:
 - a) A débeda correspondente á liquidación anual do Fondo de Cooperación Local, cando esta teña carácter negativo.
 - b) As restantes débedas previstas no artigo 213.
2. No caso de que a liquidación anual do Fondo de Cooperación Local ao concello teña carácter negativo, procederase á súa retención, por partes iguais nas entregas á conta correspondentes ás catro mensuralidades inmediatamente seguintes ao coñecemento da liquidación, podendo alcanzar ata o cen por cento da contía asignada a cada entrega á conta.

Se a contía desta liquidación negativa supera o importe desas catro mensualidades, continuará a practicarse a retención, conforme as condicións anteriormente sinaladas, nas mensualidades sucesivas ata que se extinga a débeda.

3. Cando o importe que resulte da liquidación anual de carácter negativo o permita e no acordo de retención concorran outras débedas previstas no artigo 213, a retención, ata a extinción total das débedas, poderá alcanzar ata o cen por cento da contía asignada, tanto en cada entrega á conta coma na liquidación definitiva anual correspondente á participación no fondo, ao respectivo concello. Esta retención aplicarase ás débedas seguindo estritamente a orde de prelación establecida neste artigo.
4. Se no acordo de retención existe concorrencia das débedas previstas na letra b) do punto 1 deste artigo e a contía de todas elas supera a cantidade máxima susceptible de retención, esta será rateada entre aquelas en función dos seus importes.
5. A contía que haxa que reter no conxunto do exercicio poderase reducir cando se xustifique a existencia de graves desfasamentos de tesourería xerados pola prestación de obrigas relativas:
 - ao cumprimento regular das obrigas de persoal;
 - á prestación dos servizos públicos obrigatorios en función do número de habitantes do municipio;
 - á prestación de servizos sociais, de protección civil e de extinción de incendios para cuxa realización non se esixa contraprestación ningunha en forma de prezo público ou taxa equivalente ao custo do servizo realizado.

Non se poderá establecer en ningún caso unha porcentaxe de retención para o conxunto das restantes débedas previstas no punto 1 deste artigo inferior ao 50 % da entrega á conta ou da liquidación definitiva anual correspondente ao concello.

Nos procedementos de redución da porcentaxe de retención, o órgano xestor do Fondo de Cooperación Local ditará a resolución correspondente tendo en conta a situación financeira da entidade e a necesidade de garantir a prestación dos servizos públicos obrigatorios.

Para o caso, a entidade local deberá achegar, con carácter imprescindible e non exclusivo:

- un certificado, expedido polos órganos de recadación das entidades acreedoras, no cal se acredite que se atendeu ao pagamento das obrigas correntes nos doce meses precedentes ao mes inmediatamente anterior á data da solicitude da certificación;
- un informe da situación financeira, que inclúa o cálculo do remanente de tesourería na data de solicitude da redución da porcentaxe de retención e que poña de manifesto os termos en que a dita situación afecta ao cumprimento das obrigas recolleitas ao comezo deste punto 5;
- un plan de saneamento, aprobado polo pleno, que inclúa o exercicio en curso.

Na resolución fixarase o período de tempo en que a porcentaxe de retención deberá ser reducida, sen que caiba a extensión deste alén da finalización do exercicio económico. En todo caso, tal redución estará condicionada á aprobación por parte da entidade local dun plan de saneamento ou á verificación do cumprimento doutro en curso.

6. As débedas obxecto de retención nun exercicio que non se extinguiran ao terminar este recibirán, dentro de cada un dos grupos identificados en el apartado primeiro deste artigo, un tratamento preferente para o exercicio seguinte, de maneira que as débedas pertencentes ao mesmo grupo cuxa compensación se solicite nese exercicio concorrerán con aquelas só cando o permita a aplicación dos límites porcentuais que en cada caso prevexa este artigo.
7. As resolucións en que se declara a extinción das débedas con cargo ás cantidades que se retiveran corresponderán, en cada caso, ao órgano legalmente competente que teña atribuída a xestión recadatoria, de acordo coa normativa específica aplicable, e producirán os seus efectos, na parte concorrente da débeda, desde o momento en que se efectuou a retención.

Artigo 216. Requisito para a concesión de subvencións pola Comunidade Autónoma

1. Será requisito para a concesión de subvencións que as entidades locais cumpran co deber de lle remitir ao Consello de Contas as contas xerais de cada exercicio.
2. Excepcionalmente, o Consello da Xunta poderá autorizar a exención do cumprimento do requisito establecido no parágrafo anterior naqueles supostos

en que a non concesión da subvención poida afectar ao normal desenvolvemento dos servizos públicos esenciais.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Disposición adicional primeira. Do Pacto local

A Xunta de Galicia continuará asumindo de xeito progresivo a xestión dos servizos e competencias establecidos no Acordo de cooperación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias polo que se establece o contido do Pacto local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia, asinado o 20 de xaneiro de 2006, ou no instrumento que o substitúa.

Disposición adicional segunda. Participación en programas europeos e impulso institucional da cooperación internacional local

A Xunta de Galicia, a través da consellería ou consellerías competentes en materia de Administración local e acción exterior, fomentará e apoiará a participación das entidades locais galegas en programas e proxectos europeos de cooperación territorial, especialmente no marco da política de cohesión da Unión Europea.

Disposición adicional terceira. Patrocinios

1. As entidades locais poderán aceptar patrocinios co fin de promover a participación de iniciativas privadas no desenvolvemento de fins de interese xeral, nos termos que estableza a correspondente ordenanza de patrocinio.
2. Os patrocinios poderanse utilizar para as seguintes actividades, entre outras:
 - a) Deportivas, culturais, educativas, turísticas ou de festexos, ou calquera outra de interese social.
 - b) Restauración e mantemento de bens de carácter histórico, artístico ou cultural.
3. O patrocinio dunha actividade non poderá xerar relación laboral entre as entidades locais e as persoas que interveñan neles. Non se utilizarán en ningún caso como criterio de valoración na adxudicación de licitacións futuras.
4. As formas de patrocinio poderán ser:
 - a) Achegas económicas, contribuíndo aos gastos da actividade patrocinada.
 - b) Achega de material necesario para a actividade.
 - c) Cesións de bens mobles ou inmoables.
5. As ordenanzas reguladoras dos patrocinios conterán, entre outras, as seguintes determinacións:
 - a) Obriga da entidade local de publicar anualmente no medio de comunicación de maior difusión no municipio as actividades que se prevexa que vaian ser obxecto de patrocinio durante ese ano, para os efectos da constatación da

existencia de concorrencia con vistas á subscrición dos convenios de patrocinio.

- b) Requisitos que deben reunir os patrocinadores.
- c) Procedemento administrativo para a aceptación e xestión do patrocinio.

Disposición adicional cuarta. Entidades Locais Menores

De conformidade co sinalado na disposición adicional cuarta da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, as entidades locais menores existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2014 manterán a súa personalidade xurídica e a súa condición de entidade local e continuarán exercendo as competencias que tiñan atribuídas antes desta data.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Disposición transitoria. Consorcios

Os consorcios que á entrada en vigor desta lei manteñan a súa condición de entidades locais deberán adaptar os seus estatutos á normativa básica estatal e mais á presente lei no prazo de seis meses. Se esta adaptación da lugar a un cambio no réxime xurídico aplicable ao persoal ao seu servizo ou no seu réxime orzamentario, contable ou de control, este novo réxime será de aplicación a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan a esta lei, e en particular as seguintes:

- a) Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais.
- b) Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal.
- c) Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- d) Lei 4/2004, do 28 de xuño, para a aplicación aos concellos de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela do réxime de organización dos municipios de gran poboación.
- e) Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.

- f) Disposicións adicionais terceira e cuarta da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifican a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural.
- g) Disposición adicional quinta da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Disposición derradeira primeira. Entrada en vigor

1. A presente lei entrará en vigor no prazo de tres meses, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, agás ao disposto no capítulo III do título IX, que entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.
2. A participación municipal na elaboración do orzamento provincial farase efectiva a partir do exercicio seguinte ao da entrada en vigor da presente lei.
3. O réxime previsto na sección 2ª, do capítulo IV do título II para os municipios en situación de reto demográfico será de aplicación aos seis meses da entrada en vigor da presente lei.

Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento regulamentario

Autorízase ao Consello da Xunta a ditar as disposicións regulamentarias que sexan precisas para o desenvolvemento da presente lei.